

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 10 de maio de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Santiago Domínguez Olveira
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

Na Casa do Concello de Vigo, ás vinte horas e catro minutos do día dez de maio de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e o titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(623).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(624).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DURANTE OS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DE 2010. EXPTE. 3588/335.

Mediante providencia de data 4.05.10, en cumprimento coa base 31^a das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2005, o concelleiro delegado de Animación

Sociocultural, dá conta á Xunta de Goberno local da relación de expediente de contratación tramitados polo réxime de gasto menor polo Servizo de Animación Sociocultural durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2010, que son os seguintes:

Xaneiro

Expte.: 3330/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DA FESTA DE BENVIDA DOS REIS MAGOS

Decreto concelleiro data: 04/10/2010

Informe Intervención: RCM 1216

Adxudicatario: PEDRO VÁZQUEZ TABOADA

Importe: 8.073,00 EUROS

Expte.: 3347/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CABALOS E XINETES PARA A CABALGATA DE REIS 2010

Decreto concelleiro data: 04/10/2010

Informe Intervención: RCM 1217

Adxudicatario: BENITO CONRADO PÉREZ MARTÍNEZ

Importe: 4.400,00 EUROS

Expte.: 3348/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MEGAFONÍA PARA A CALBAGATA DE REIS 2010

Decreto concelleiro data: 04/10/2010

Informe Intervención: RCM 1218

Adxudicatario: FERNANDO RODRÍGUEZ GARCÍA

Importe: 3.132,00 EUROS

Expte.: 3350/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AUTOMÓBILES ANTIGOS PARA A CABALGATA DE REIS 2010

Decreto concelleiro data: 04/10/2010

Informe Intervención: RCM 1219

Adxudicatario: CLUB GALLEGO AUTOMÓVILES ANTIGUOS

Importe: 1.800,00 EUROS

Expte.: 3351/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE GRUPO DE GAITAS PARA ANIMACIÓN DA CABALGATA DE REIS 2010

Decreto concelleiro data: 04/10/2010

Informe Intervención: RCM 1220

Adxudicatario: WENCESLAO CABEZAS DEL TORO

Importe: 2.088,00 EUROS

Expte.: 3352/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE GRUPOS DE ANIMACIÓN "TROULA" PARA A CABALGATA DE REIS 2010

Decreto concelleiro data: 04/10/2010

Informe Intervención: RCM 1221

Adxudicatario: TROULA ANIMACIÓN S.L.

Importe: 14.430,40 EUROS

*Expte.: 3353/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE GRUPO DE ANIMACIÓN “IGUALARTE” PARA A CABALGATA DE REIS 2010
Decreto concelleiro data: 04/10/2010
Informe Intervención: RCM 1222
Adxudicatario: FUNDACIÓN IGUALARTE
Importe: 7.200,00 EUROS*

*Expte.: 3354/335. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE CAMELOS E GLOBOS PARA A CABALGATA DE REIS 2010
Decreto concelleiro data: 04/10/2010
Informe Intervención: RCM 1223
Adxudicatario: EXCLUSIVAS VARELA S.L.
Importe: 8.913,58 EUROS*

*Expte.: 3355/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ANIMACIÓN “BOLAS DE NEVE XIGANTES” PARA A CABALGATA DE REIS 2010
Decreto concelleiro data: 04/10/2010
Informe Intervención: RCM 1224
Adxudicatario: LA FIESTA ESCÉNICA S.L.
Importe: 17.980,00 EUROS*

*Expte.: 3356/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PERSOAL AUXILIAR DE ORGANIZACIÓN PARA A CABALGATA DE REIS 2010
Decreto concelleiro data: 04/10/2010
Informe Intervención: RCM 1225
Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L.
Importe: 12.409,17 EUROS*

*Expte.: 3357/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO E MONTAXE DO PALCO DE RECEPCIÓN DOS REIS MAGOS PARA A CABALGATA DE REIS 2010
Decreto concelleiro data: 04/10/2010
Informe Intervención: RCM 1226
Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L.
Importe: 12.114,34 EUROS*

*Expte.: 3358/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MONTAXE DE CONOS E SINAIS DE TRÁFICO PARA A CABALGATA DE REIS 2010
Decreto concelleiro data: 04/10/2010
Informe Intervención: RCM 1240
Adxudicatario: AQUILINO MOLINA VALÍN
Importe: 3.306,00 EUROS*

*Expte.: 3360/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MONTAXE DO VALADO DE SEGURIDADE PARA A CABALGATA DE REIS 2010
Decreto concelleiro data: 04/10/2010
Informe Intervención: RCM 1239
Adxudicatario: AQUILINO MOLINA VALÍN
Importe: 7.219,84 EUROS*

*Expte.: 3361/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE GRUPOS DE ANIMACIÓN “RIVEL” PARA A CABALGATA DE REIS 2010
Decreto concelleiro data: 04/10/2010
Informe Intervención: RCM 1227
Adxudicatario: PEDRO VÁZQUEZ TABOADA
Importe: 8.674,00 EUROS*

*Expte.: 3362/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ANIMACIÓN “BONECOS XIGANTES” PARA A CABALGATA DE REIS 2010
Decreto concelleiro data: 04/10/2010
Informe Intervención: RCM 1228
Adxudicatario: LA FIESTA ESCÉNICA S.L.
Importe: 9.860,00 EUROS*

*Expte.: 3364/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ANIMACIÓN “A FÁBRICA MÁIS DOCE DO MUNDO” PARA A CABALGATA DE REIS 2010
Decreto concelleiro data: 04/10/2010
Informe Intervención: RCM 1230
Adxudicatario: IMAXINERÍA S.L.
Importe: 9.976,00 EUROS*

*Expte.: 3365/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE GRUPOS DE ANIMACIÓN “BARAFUNDA” PARA A CABALGATA DE REIS 2010
Decreto concelleiro data: 04/10/2010
Informe Intervención: RCM 1238
Adxudicatario: MANUEL CASTRO LIMA
Importe: 10.937,64 EUROS*

*Expte.: 3376/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN DUNHA CARROZA PARA A POLICÍA LOCAL PARA A CABALGATA DE REIS 2010
Decreto concelleiro data: 04/10/2010
Informe Intervención: RCM 1231
Adxudicatario: FRANCISCO RODRÍGUEZ PORTO
Importe: 6.000,00 EUROS*

*Expte.: 3388/335. CONTRATACIÓN DO SEGURO DE ACCIDENTES PARA OS NENOS QUE PARTICIPEN NAS CARROZAS DA CABALGATA DE REIS 2010
Decreto concelleiro data: 04/10/2010
Informe Intervención: RCM 1237
Adxudicatario: AON GIL Y CARVAJAL
Importe: 300,00 EUROS*

*Expte.: 3389/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PATROCINIO TELEVISIVO DA CABALGATA DE REIS 2010
Decreto concelleiro data: 04/10/2010
Informe Intervención: RCM 1232
Adxudicatario: TELECIDADE S.A.
Importe: 4.060,00 EUROS*

Expte.: 3394/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA PARA A CARPA MÁXICA DO NADAL (MES DE XANEIRO).

Decreto concelleiro data: 04/10/2010

Informe Intervención: RCM 1233

Adxudicatario: SECURITAS

Importe: 1.136,22 EUROS

Expte.: 3395/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REPORTAXE FOTOGRÁFICA PARA A CABALGATA DE REIS 2010.

Decreto concelleiro data: 04/10/2010

Informe Intervención: RCM 1234

Adxudicatario: A. LUBIÁN FOTOGRAFÍA S.L.

Importe: 3.364,00 EUROS

Febreiro

Expte.: 3529/335. CONTRATACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO DE OBRA PARA OBRAS NO AUDITORIO MUNICIPAL DE CASTRELOS (FEESL)

Decreto concelleiro data: 23/02/2010

Informe Intervención: RCM 8600

Adxudicatario: FRAGA G. QUIJADA, PORTOLÉS Y ASOCIADOS

Importe: 12.830,82 EUROS

Marzo

Expte.: 3536/335. CONTRATACIÓN DA DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE PARA AS OBRAS DO AUDITORIO MUNICIPAL DE CASTRELOS (FEESL)

Decreto concelleiro data: 03/03/2010

Informe Intervención: RCM 10010

Adxudicatario: FRAGA G. QUIJADA, PORTOLÉS Y ASOCIADO

Importe total: 10.919,34 EUROS

Expte.: 3553/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN DE PROGRAMAS DE ACTUACIÓNS DE BANDAS E CORAIS

Decreto concelleiro data: 18/03/2010

Informe Intervención: RCM 15186

Adxudicatario: GRÁFICAS PLANETA, S.L.

Importe total: 2.677,28 EUROS

Expte.: 3552/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DO DÍA DA MUIÑEIRA, DA MOSTRA DO TRAXE E DA FESTA DO ENXALZAMENTO DO TRAXE

Decreto concelleiro data: 22/03/2010

Informe Intervención: RCM 15184

Adxudicatario: WENCESLAO CABEZAS DEL TORO

Importe total: 5.220,00 EUROS

Expte.: 3555/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MONTAXE DE CADEIRAS PARA AS ACTUACIÓNS DE CORAIS POLIFÓNICAS NO VERBUM

Decreto concelleiro data: 22/03/2010

Informe Intervención: RCM 15185
Adjudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L.
Importe total: 1.359,55 EUROS

Expte.: 3554/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MONTAXE DE CADEIRAS PARA AS ACTUACIÓNS DE BANDAS DE MÚSICA
Decreto concelleiro data: 24/03/2010
Informe Intervención: RCM 16317
Adjudicatario: VIGO MÚSICA S.L.
Importe total: 13.350,00 EUROS

Expte.: 3556/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN PARA O DÍA DA MUIÑEIRA
Decreto concelleiro data: 24/03/2010
Informe Intervención: RCM 15568
Adjudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L.
Importe total: 3.245,70 EUROS

Expte.: 3557/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MEGAFONÍA PARA O DÍA DA MUIÑEIRA
Decreto concelleiro data: 24/03/2010
Informe Intervención: RCM 16316
Adjudicatario: FERNANDO RODRÍGUEZ GARCÍA
Importe total: 4.709,60 EUROS

Expte.: 3563/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN DE MATERIAL PROMOCIONAL (SEREOS ANTIESTRÉS) PARA O PREGÓN DAS FESTAS DE VERÁN.
Decreto concelleiro data: 26/03/2010
Informe Intervención: RCM 16615
Adjudicatario: BOCA A BOCA, DISEÑO Y COMUNICACIÓN S.L.
Importe total: 10.857,60 EUROS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(625).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E NOMEAMENTO DE DIRECTOR DE OBRA E DE COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE REFORMA E ADECUACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL DE CASTRELOS. EXPTE. 3591/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Animación Sociocultural, do 6.05.10, conformado polo concelleiro delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear como director de obra para “obra de reforma e adecuación do auditorio municipal de Castrelos” a D. Francisco Javier García-Quijada Romero.

Segundo.- Nomear como coordinador de seguridade e saúde para “obra de reforma e adecuación do auditorio municipal de Castrelos” a D. Ramiro Fraga Rivas.

Terceiro.- Nomear como coordinadores municipais a D. Juan Luís Piñeiro Ferradás e a D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, arquitectos municipais.

Cuarto.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde para a obra de reforma e adecuación do auditorio municipal de Castrelos (Fondo estatal para emprego e a sostibilidade local).

4(626).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE OS MESES DE MARZO E ABRIL DE 2010. EXPTE. 51933/301.

Mediante providencia de data 4.05.10, en cumprimento coa base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo en vigor, a concelleira delegada da Área de Benestar Social, dá conta á Xunta de Goberno local da relación de expediente de contratación tramitados polo réxime de gasto menor polo Servizo Benestar Social durante os meses de marzo-abril 2010, que son os seguintes:

DEPARTAMENTO: **BENESTAR SOCIAL** FUNCIONAL: **2310 / marzo e abril de 2010**

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
22/04/10	Reparación e mantemento de mobiliario	2150000	201000024168	3.500,00	Varios
16/04/10	Servizos postais	2230000	201000022099	5.100,00	Varios
24/03/10	Publicidade axudas escolares	2260200	201000015275	10.092,12	Boca a Boca Diseño y Comunicación
16/04/10	Taller “Danzas do mundo”	2260902	201000021851	7.003,36	Víctor González Romero
16/04/10	Taller “Risa activa”	2260902	201000021876	2.070,00	M. Pilar Lorenzo Represas
16/04/10	Taller “movemento e relaxación”	2260902	201000021877	1.125,00	Sandra Graciela Verba Szerman
16/04/10	Taller “memoria activa”	2260902	201000021878	8.820,00	Cruz Roja Española
16/04/10	Taller “musicoterapia”	2260902	201000021879	4.775,00	Andrea Gómez Navarrete
09/04/10	Actividades de ocio e tempo libre para menores	2260907	201000017115	18.000,00	Asoc. Hoy por Mañana
29/04/10	Informes avaliación vivendas	2270600	201000027408	9.048,00	Orlando Abildua Capetillo
02/03/10	Estudio xeotécnico edif. Na Trav. Barrio Ribadavia	2279900	201000009857	1.044,00	Estabiliza, Servicios de Ingeniería
15/03/10	Mantemento aplicacións informáticas	2279900	201000013306	17.985,16	Aula Informática de Galicia, S.L.
03/03/10	Progr. “mais que un teito”	2279908	201000009995	1.200,00	MADRO
03/03/10	Seminario “desenvolvemento e saúde dos equipos de traballo”	2279908	201000009997	800,00	Varios
22/03/10	Accións preventivas usuarios pisos apoio	2279908	201000014686	15.000,00	MADRO
22/03/10	Impartición obradoiros prevención	2279908	201000014687	11.550,00	ÉRGUETE
23/03/10	Progr. “non pasa nada ¿pasa algo?”	2279908	201000015027	15.480,00	MADRO

05/04/10	Formación de mediadores	2279908	201000016545	900,00	ERGUETE
05/04/10	Obradoiros prevención escolar	2279908	201000016548	12.500,00	ERGUETE
05/04/10	Programa Cinensino	2279908	201000016550	1.984,63	Estinga Servicios Sociales, S.L.
09/04/10	Progr. "mais que un teito"	2279908	201000017116	2.500,00	ALBORADA
09/04/10	Programa "non pasa nada, pasa algo"	2279908	201000017118	14.760,00	ALBORADA
15/03/10	Emerxencia temporal para durmir	2279909	201000013364	15.862,00	Hervas Arjona Servicios, S.L.
21/04/10	Peche dispost. Emerxencia temporal para durmir	2279909	201000023986	14.250,00	Hervas Arjona Servicios, S.L.
28/04/10	Reserva prazas no CRPLDA	2279909	201000026818	7.000,00	DOA
21/04/10	Progr. "En galego tamén noutros mundos"	2279917	201000023985	5.675,00	Servicios Lingüísticos, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

5(627).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE GASTO DO "PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS PARA A PREVENCIÓN, ASISTENCIA E PROMOCIÓN SOCIAL DE EMERXENCIA NO EXERCIZO 2010" E PARA "ACONDICIONAMENTO DE VIVENDAS DE MAIORES". EXPTE. 51640/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de actividades económicas de Servizos Sociais, do 20.04.10, conformado polo xefe de Área de Benestar Social, a xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Autorizar o gasto de 230.000 euros, con cargo á partida 2310.480.00.00, para facer fronte aos gastos do programa de axudas económicas individuais para a prevención, asistencia e promoción social de emerxencia no exercicio 2010, ampliando o RC nº 201000001968, de 170.000 euros, ata completar o total da dotación orzamentaria da partida de "axudas a familias".

Segundo.- Autorizar o gasto para o acondicionamento de vivendas de maiores, por un importe de 66.000 euros, con cargo á partida 2310.780.00.00, dentro do programa de subvencións directas individuais para a prevención, asistencia e promoción social de emerxencia do ano 2010.

6(628).- PRÓRROGA E REVISIÓN DE IPC DOS CONTRATOS DE XUVENTUDE "SERVIZO DE LUDOTECAS", "SERVIZO DE INFORMACIÓN XUVENIL" E "PUNTO XOVE E OFICINA MÓBIL DE INFORMACIÓN XUVENTIL (INFOBUS)". EXPTE. 2771/336.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 12.04.10, conformado pola concelleira de Xuventude, a xefa de fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar a revisión do prezo do contrato do *Servizo de Ludotecas* do que é adxudicatario Fundación de Estudos e Análises, dende o 15 de maio do 2008 ó 15 maio do 2009, sendo o importe do contrato 160.740€/ano.

Segundo.- Aprobar o importe do contrato revisado que ascende a 160.418,52 € (IPC -0,20%), sendo o período de revisión dende período de revisión: abril 2008/abril 2009, e o período de facturación 15/05/2009 a 14/05/2010 (-0,20%)

Terceiro- Prorrogar o contrato do *Servizo de Ludotecas* do que é adxudicatario a Fundación de Estudos e Análises polo período 15/05/2008 a 14/05/2010, por un ano máis, sendo o período de prórroga do 15/05/2010 a 14/05/2011, por importe de 160.418,52 €, quedando pendente a 2ª revisión de prezos dende abril 2009 a abril 2010.

Cuarto.- Aprobar a revisión do prezo do contrato do *servizo de información xuvenil* do que é adxudicatario Xoma Iniciativas Sociais, S.L dende o 15 de maio 2008, sendo o importe do contrato 158.400 €/ano €.

Quinto.- Aprobar o importe do contrato revisado que ascende a (-0,20%): 158.083,20 €/ano €, , sendo o período de revisión: abril 2008/abril 2009, e o período de facturación 15/05/2009 a 14/05/2010 (-0,20%).

Sexto.- Prorrogar o contrato do *servizo de información xuvenil*, do que é adxudicatario Xoma Iniciativas Sociais, S.L, polo período 15/05/2008 a 14/05/2010, por un ano máis,sendo o período de prórroga do 15/05/2010 a 14/05/2011, por importe de 158.083,20 €/ano, quedando pendente a 2ª revisión de prezos dende abril 2009 a abril 2010.

Sétimo.- Aprobar a revisión do prezo do contrato do *servizo do Punto Xove e Oficina Móbil de Información Xuvenil (Infobus)* do que é adxudicataria Concepción Cuña Pérez dende 15 de maio de 2008, sendo o importe do contrato 70.900 €/ano.

Oitavo.- Aprobar o importe do contrato revisado, que ascende a 0,20%): 70.758,20€/ano, sendo o período de revisión abril 2008/abril 2009, e o período de facturación 15/05/2009 a 14/05/2010 (-0,20%).

Noveno.- Prorrogar o contrato do *Punto Xove e Oficina Móbil de Información Xuvenil (Infobus)* do que é adxudicataria Concepción Cuña Pérez polo período 15/05/2008 a 14/05/2010, por un ano máis,sendo o período de prórroga do 15/05/2010 a 14/05/2011, por importe de 70.758,20€/ano, quedando pendente a 2ª revisión de prezos dende abril 2009 a abril 2010.

7(629).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA OBRA DE REHABILITACIÓN DO CONTORNO DA PRAZA DIEGO SANTOS E RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E REDE SEPARATIVA DE AUGAS. EXPTE. 5469/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.05.10, e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 7.05.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Adxudicar provisionalmente á mercantil MOVEXVIAL, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de “REHABILITACIÓN DO CONTORNO DA PRAZA DIEGO SANTOS E RENOVACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO E REDE SEPARATIVA DE AUGAS” (expediente 5469-307) por un prezo total de 247.973,20 euros IVE incluído (a cota correspondente ó IVE é de 34.203,20 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Sobre o persoal mínimo medio esixido de 4 persoas, aportan a maiores 1 persoa procedente de situación legal de desemprego da que 1 é desempregada de larga duración.
- Fixa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 3 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Propón a execución das seguintes melloras valoradas por un importe total de 8.298,66 euros:
 1. 5 ud. de xardineira de madeira de badi
 2. 16 uds. selado pozos de morteiro hidrófugo
 3. 235,8 uds. reforzo mallazo bases de formigón

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 11-03-2010 e a oferta presentada.

Segundo.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes á inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluíra ademais a certificación de acharse ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social (a non existencia de débedas de carácter tributario co concello de Vigo se comprobará directamente por esta administración).
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.
- Ter ingresado na conta do concello o custe dos anuncios de licitación por importe de 723,77 euros.

Terceiro.- Esta proposta de adxudicación provisional converterase en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da Mesa de Contratación se se presentan os documentos esixidos no apartado 2º da proposta.

8(630).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA OBRA DE MELLORAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL STA. MARIÑA. EXPTE. 9377/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.05.10, e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 7.05.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Excluir do presente procedemento á mercantil FOMENTO DE ÁRIDOS Y OBRAS, S.L., por non acreditar a solvencia económica e técnica.

Segundo.- Excluir do presente procedemento as mercantís HIDROSCIVIL, COVSA e CALFENSA por presentar no sobre nº 2, documentación relativa ó concepto do tipo de herba sintética, aspectos que se valoran mediante fórmula. Así na cláusula 14.B) do Prego de cláusulas administrativas particulares se establece que “Será causa de exclusión da licitación a incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de formulas previstas no apartado 8.B da FEC”.

Terceiro.- Adxudicar provisionalmente a CONSTRUCCIONES DEPORTIVAS INDEPO, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de “MELLORA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DE SANTA MARIÑA-CABRAL” (expediente 9377/333) por un prezo total de 296.447,28 euros, IVE incluído, (a cota correspondente ó IVE é de 40.889,28 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Sobre o persoal mínimo medio esixido de 9 persoas, aportan a maiores 2 persoas procedentes de situación legal de desemprego das que 2 son desempregadas de larga duración.
- Fixa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 3 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Propón a execución das seguintes melloras valoradas por un importe total de 15.577,82 euros:
 1. 1 ud. xogo de porterías F7
 2. 2 uds. Banquiños
 3. 1 ud. xogo bandeirolas
 4. 240 uds. parabalóns
 5. 1 ud. Cepillo Triangular
- Comprométese a instalar céspede artificial DESSO D-VISION 50.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 11-03-2010 e a oferta presentada.

Cuarto.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes á inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluíra ademais a certificación de acharse ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social (a non existencia de débedas de carácter tributario co concello de Vigo se comprobará directamente por esta administración).
- Resguardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.
- Ter ingresado na conta do concello o custe dos anuncios de licitación por importe de 709,80 euros.

Quinto.- Esta proposta de adxudicación provisional converterase en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 4º da proposta.

9(631).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO, MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO ENTORNO DA RÚA CELSO EMILIO FERREIRO. EXPTE. 205/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7.05.10, e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 3.05.10, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Adxudicar provisionalmente a Espina Obras Hidráulicas, S.A. (CIF A-15168156) o procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de rede separativa de pluviais, renovación das redes de abastecemento, saneamento e mellora da eficiencia lumínica e de seguridade viaria no contorno da rúa Celso Emilio Ferreiro (expediente 205/440) por un prezo total de 721.807,03 euros, IVE incluído (a cota correspondente ó IVE é de 99.559,59 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Sobre o persoal mínimo medio esixido de 5 persoas, aportan a maiores 2 persoas procedentes de situación legal de desemprego das que 1 son desempregadas de longa duración.
- Fixa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 3 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.

- Executará as seguintes melloras valoradas polo Concello nun importe total de 19.079,68 euros(IVE incluído):
- 82,24 m2 Lousa granito vermello Venezuela mecanizado

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 11-03-2010 e a oferta presentada.

Segundo.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes á inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluíra ademais a certificación de acharse ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social (a non existencia de débedas de carácter tributario co concello de Vigo se comprobará directamente por esta administración).
- Resguardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.
- Ter ingresado na conta do concello o custe dos anuncios de licitación por importe de 723,72 euros.

Terceiro.- Esta proposta de adxudicación provisional converterase en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 2º da proposta.

10(632).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E MELLORA DA EFICIENCIA LUMÍNICA NAS RÚAS STO. DOMINGO, CONDESA CASA BÁRCENA E SAN SALVADOR. EXPTE. 203/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7.05.10 e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 3.05.10, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Adxudicar provisionalmente Á UTE formada por Eiriña, S.L. co 50% de participación (CIF B36005411) e Imesapi S.A., co 50% de participación (CIF A-28010478) o procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de rede separativa de pluviais, renovación das redes de abastecemento, saneamento e mellora da eficiencia lumínica nas rúas Santo Domingo, Condesa casa Bárcena e San Salvador (expediente 203/440), por un prezo total de 1.314.466,46 euros, IVE incluído, (a cota correspondente ó IVE é de 181.305,72 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Sobre o persoal mínimo medio esixido de 9 persoas, aportan a maiores 2 persoas procedentes de situación legal de desemprego das que 2 son desempregadas de larga duración.
- Fixa a aportación ao control de calidade na porcentaxe do 3 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixados no prego de cláusulas administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Executará as seguintes melloras valoradas polo concello nun importe total de 23.701,58 euros IVE incluído):
 - 113,78 m2 de incremento espesor en pasos peóns das lousas flamexadas vermello Venezuela de 6 cm. a 7 cm.
 - 103,36 m2 lámina xeotéxtil en colocación de xardineiras.
 - 770 m. canalización de polietileno de 110 mm. para reserva municipal.
 - 6 m. de xardineira de pedra con banco.
 - 50 uds. revestimento con morteiro de alta resistencia en pozos.
 - 50 uds. xuntas estancas en pozos con resina EPOXI

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 11-03-2010 e a oferta presentada.

Segundo.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes á inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluíra ademais a certificación de acharse ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social (a non existencia de débedas de carácter tributario co concello de Vigo se comprobará directamente por esta administración).
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.
- Ter ingresado na conta do concello o custe dos anuncios de licitación por importe de 709,80 euros.

Terceiro.- Esta proposta de adxudicación provisional converterase en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 2º da proposta.

11(633).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA O PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 177/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12.04.10, o informe de fiscalización do 4.05.10 e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 28.04.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar o gasto de 408.999 euros para a contratación da subministración de vestiario para o persoal do concello de Vigo que se imputará á partida 121.0.221.04.00 do presuposto do ano 2010.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación para a subministración de vestiario para o persoal do Concello de Vigo que contén o prego de prescricións técnicas particulares do 17.02.2010 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministracións por procedemento aberto con múltiples criterios de data 12.03.2010 e tramitación ordinaria.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e Diario Oficial de Galicia, Boletín Oficial do Estado e Diario da Unión Europea.

12(634).- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS PARA O FESTIVAL DE JAZZ IMAXINA SONS 2010. EXPTE. 12193/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión da Programación, do 4.05.10, conformado polo xefe do departamento de Cultura e polo concelleiro delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar os prezos de venda ó público das entradas para os concertos incluídos no programa do Festival de Jazz Imaxina Sons, de acordo co seguinte detalle:

DATA	HORA	LUGAR	CONCERTO	PREZO	OBSERVACIÓNS
23/06/10	21,30	Centro Cultural Caixanova	Martial Solal Newdecaband	Butaca: 12 € 1º anf.: 11 € 2º anf.: 10 € 3º anf.: 9 €	A recadación é de Caixanova que asume o custe do concerto
24/06/10	12,00	Auditorio Municipal	Botazz! (O Swing do Jazz)	3 €	
24/06/10	17,30	Auditorio Municipal	Botazz! (O Swing do Jazz)	3 €	
24/06/10	19,00	Auditorio Municipal	Botazz! (O Swing do Jazz)	3 €	
25/06/10	20,30	Auditorio Martín Códax (Conservatorio Superior de Música)	Monkillos	Entrada de balde	

25/06/10	22,00	Auditorio Martín Códax (Conservatorio Superior de Música)	Marcos Pin Factor-E-Reset	Entrada de balde	
26/06/10	20,30	Auditorio Martín Códax (Conservatorio Superior de Música)	Tri-EZ	Entrada de balde	
26/06/10	22,00	Auditorio Martín Códax (Conservatorio Superior de Música)	Franco D'Andrea Quartet	Entrada de balde	
27/06/10	19,30	Auditorio Martín Códax (Conservatorio Superior de Música)	Mompiana	Entrada de balde	
27/06/10	22,00	Centro Cultural Caixanova	Root Africaine	Butaca: 12 € 1º anf.: 11 € 2º anf.: 10 € 3º anf.: 9 €	A recadación é de Caixanova que asume o coste do concerto
28/06/10	21,30	MARCO	Pierre Favre	3 €	
29/06/10	21,30	MARCO	Carlos Zíngaro	3 €	
30/06/10	21,30	MARCO	Marisco Fresco	3 €	
01/07/10	20,30	Auditorio Municipal	Red Trio & John Butcher	5 €	
01/07/10	23,00	Praza da Constitución	Yves Robert Trío	Entrada de balde	
02/07/10	20,30	Auditorio Municipal	Arild Andersen	5 €	
02/07/10	23,00	Praza da Constitución	Roberto Somoza Jazz Orquestra	Entrada de balde	
03/07/10	20,30	Auditorio Municipal	Franz Koglmann Monoblue Quartet	5 €	
03/07/10	23,00	Praza da Constitución	Irende Aranda Quinteto	Entrada de balde	
04/07/10	19,30	Auditorio Municipal	Atlantic Bridge	5 €	
04/07/10	22,00	Centro Cultural Caixanova	Dave Douglas Quintet	Butaca: 12 € 1º anf.: 11 € 2º anf.: 10 € 3º anf.: 9 €	A recadación é de Caixanova que asume o coste do concerto

Estableceranse dous tipos de abono con bonificacións para compra de varios concertos do seguinte xeito:

Abonos para os tres concertos do Centro Cultural Caixanova:

Butaca: 30,60 €
1º anf.: 28,05 €
2º anf.: 25,50 €
3º anf.: 22,95 €

Abonos para os concertos de MARCO e Auditorio Municipal (7 concertos):

18 €

Asemade, quen desexe adquirir os dous abonos (Caixanova+MARCO+Auditorio Municipal) terá un desconto dun 15 % sobre o prezo total dos dous abonos a través da venda telefónica.

Os concertos que teñan lugar no Teatro-Sala de Concertos do Centro Cultural Caixanova, ao estaren dentro do convenio de colaboración Concello de Vigo-Caixanova, e asumir eles directamente o gasto, terán prezos fixados por Caixanova e non repercutirán nas arcas municipais.

O resto dos concertos (Auditorio Martín Códax do Conservatorio Superior de Música, Praza do Rei e clubs) serán de entrada libre até completar aforamento.

As entradas serán postas á venda a través do servizo de SVE de Caixanova en virtude do convenio asinado entre as dúas entidades. A venda de abonos se realizará a partir do 5 de maio e até o día 31. O resto das entradas individuais porase á venda a partir do día 1 de xuño.

13(635).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN PARCIAL DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SANTA MARTA. EXPTE. 11367/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27.04.10, o informe de fiscalización do 20.04.10, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 13.04.10, conformado pola concelleira delegada da Área de Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declarara a urxencia na tramitación do expediente 11367/332 polas razóns expostas polo xefe do servizo de Educación de 05-02-2010.

Segundo.- Aprobar o gasto de 937.664,72 euros para a contratación dos servizos para a escola infantil municipal Santa Marta-Casco Vello, consistentes en aportación do persoal necesario para a docencia e coidado integral dos nenos matriculados, servizo de comedor, servizos complementarios de orientación e nutrición, pequeno mantemento, conservación e limpeza dos edificios escolares e do material didáctico propiedade do Concello de Vigo, que se imputará á seguinte partida 3210.2279906 dos presupostos dos anos 2010 ó 2014.

Terceiro.- Aprobar o expediente de contratación dos servizos para a escola infantil municipal Santa Marta Casco Vello, consistentes en aportación do persoal necesario para a docencia e coidado integral dos nenos matriculados, servizo de comedor, servizos complementarios de orientación e nutrición, pequeno mantemento, conservación e limpeza dos edificios escolares e do material didáctico propiedade do Concello de Vigo, que contén o prego de prescricións

técnicas particulares do 05-02-2010 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto con múltiples criterios de data 25.02.2010.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia.

14(636).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A AMPLIACIÓN DO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (PILIVIGO 2010). EXPTE. 11485/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27.04.10, o informe de fiscalización do 5.05.10, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 3.05.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente 11485/332 polas razóns expostas polo xefe do servizo de Educación de 03.03.2010.

Segundo.- Aprobar o gasto de 300.001,25 euros para a contratación dos servizos para a ampliación do Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (PILIVIGO 2010), aplicándose á partida 3210.2279917 dos presupostos do ano 2010.

Terceiro.- Aprobar o expediente de contratación dos servizos para a ampliación do Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (PILIVIGO 2010) que contén o prego de prescricións técnicas particulares do 03.03.2010 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto con múltiples criterios de data 11.03.2010.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Diario Oficial de Galicia.

15(637).- CONTRATACIÓN COA COMPAÑÍA COMERCIALIZADORA DE GAS NATURAL UNIÓN FENOSA COMERCIAL PARA O SUBMINISTRO MUNICIPAL DE GAS NATURAL DE CALEFACCIÓN DA CASA CONSISTORIAL, SEGUNDO ORDE ITC/3520/2009. EXPTE. 13420/444.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe dos Servizos Electromecánicos, do 4.05.10, conformado pola concelleira da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar a contratación do subministro municipal de gas natural coa compañía comercializadora Gas Natural-Unión Fenosa Comercial, para a subministración á instalación de calefacción da Casa Consistorial para cumprir a citada Orde ministerial.

Segundo.- Aprobar a sinatura do contrato de subministración de gas para a Casa Consistorial con Unión Fenosa Comercial S.L. e polos prezos que en dito contrato se contemplan, tanto para o termo fixo como para o termo de condución do subministro; así como, a revisión de ditos prezos contemplada na cláusula 4 das condicións xerais do devandito contrato.

Terceiro.- Iniciar o regulamentario expediente para contratación do citado subministro en pública concurrencia a partires de xaneiro de 2011.

16(638).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DO OBRA “REMODELACIÓN DA AVDA. EUROPA” INCLUÍDA NO OBRADOIRO DE EMPREGO VIGO ORNAMENTAL. EXPTE. 6959/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 20.04.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar o Plan de seguridade e saúde da obra denominada “Remodelación da Avda. Europa” S/N, incluída no Obradoiro de Emprego Vigo Ornamental, de conformidade co disposto no artigo 7.2 do Real decreto 1627/1997, de 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

Segundo.- O citado Plan de seguridade e saúde estará na obra a disposición de quen interveña na execución da mesma, das persoas e órganos con responsabilidade en materia de prevención nas empresas intervenientes e dos traballadores, así como de maneira permanente da dirección facultativa.

17(639).- SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A FAVORECER E DINAMIZAR O COMPROMISO COA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES E COA PREVENCIÓN E O TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 4465/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 5.05.10, conformado pola concelleira de dito servizo, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a solicitude de subvención ó abeiro da Resolución do 23 de abril de 2010, da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, pola que se convocan subvencións destinadas a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade de oportunidades de mulleres e homes e coa prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, por un importe total de 16.000,00 €, contía máxima establecida na convocatoria, distribuída do seguinte xeito: solicitude de 6.000,00 € para a liña de promoción da igualdade e solicitude de 10.000,00 € para a liña de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

18(640).- CONVOCATORIA ESPECÍFICA DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER REALIZADAS DURANTE O EXERCICIO 2010. EXPTE. 4351/224.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídicos do 14.04.10 e 5.05.10, o informe de fiscalización do 5.05.10, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 5.05.10, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a Convocatoria específica da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas e actividades de promoción da muller realizadas durante o exercicio 2010.

Segundo.- Autorizar un gasto por importe máximo de 90.000€, con cargo á partida 4632 4890000 do orzamento vixente para o ano 2010, para atender as solicitudes presentadas ó abeiro desta convocatoria.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE SUBVENCÍONS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER NO ANO 2010

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25, 26 e 28 confire ás administracións locais competencias no eido da Muller, e a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impón aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

En relación cos proxectos encamiñados ao fomento e consolidación do asociacionismo feminino, á promoción da muller en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como na prevención e combate da violencia de xénero, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2010 consignan, na partida orzamentaria 4632 4890000 “subvencións da Concellería de Igualdade” un crédito por un importe total de 90.000,00€ (Noventa mil euros); crédito orzamentario, que o Concello de Vigo a través da Concellería de Igualdade destina a colaborar no financiamento de programas e actividades de promoción da muller.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrência e obxectividade.

As bases e convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións ao que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento de actividades das entidades sen ánimo de lucro que se realicen desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2010 e cuxa finalidade sexa:

1.- Potenciar e difundir as actividades de promoción da muller encamiñadas a acadar a igualdade de oportunidades e trato nos diversos ámbitos da sociedade, especialmente na loita contra a violencia de xénero, a coeducación, a saúde, o empoderamento, a corresponsabilidade e o fomento da participación social das mulleres.

2.- Atender as demandas e necesidades das mulleres establecidas como prioridade no “4º Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2009/2012” do Concello de Vigo.

3.- Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres.

4.- Potenciar o asociacionismo feminino e a participación das mulleres en todos os ámbitos.

5.- Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas.

O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo. Poderán subvencionarse excepcionalmente actividades fóra do municipio de Vigo (programas de intercambio con outras asociacións, asistencia a cursos, congresos, etc) debidamente xustificadas e sempre que teñan relación cos obxectivos da convocatoria.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable corresponden á participación ou organización da/s actividade/s obxecto da axuda.

A contía de cada subvención poderá chegar ata o 100% do custo da actividade.

A subvención concedida financia a actividade no seu conxunto; a desagregación do orzamento que se debe detallar no apartado 4. do anexo II só ten efectos informativos non sendo vinculante de cara á xustificación da actividade subvencionada.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estes de 12.000 €, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 90.000,00 euros (noventa mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria para o exercicio de 2010; 4632 4890000 “Subvencións da concellería de Igualdade”.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS.

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas :

- a) As entidades e asociacións sen finalidade de lucro, públicas ou privadas domiciliadas no termo municipal de Vigo, que realicen actividades de interese municipal e se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.*
- b) As persoas físicas domiciliadas na cidade que realicen actividades de interese municipal.*
- c) As entidades e asociación sen finalidade de lucro, públicas ou privadas, que, aínda que non estean domiciliadas no municipio de Vigo, realicen actividades de interese municipal dentro do termo municipal ou en beneficio deste.*
- d) Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.*
- e) Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.*

2.- Aqueles que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.

- b) Aqueles que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo.*
- c) Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.*
- d) Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.*
- e) Aqueles que inclúan actividades docentes previstas nos planes de ensino vixentes.*
- f) Aqueles que inclúan os gastos xerais das entidades solicitantes relativos á administración, xestión, financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.*
- g) Aqueles que non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.*
2. Transferir a favor do Tesouro Público a cantidade de 26.045,69€, en concepto de saldo final de axuda financeira do FEDER, resultante da diferenza entre os ingresos percibidos pola Tesourería Municipal e o monto total atribuíble a axuda financeira correspondente ó gasto elixible certificado e efectivamente pagado, con imputación á Partida Orzamentaria que se deduza do informe que a Intervención Xeral deberá emitir ó efecto.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

141(763).- ADECUACIÓN DE SERVICIOS MÍNIMOS INESCUSABLES DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 1674/213.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, conformado polo concelleiro de dita Área, que di o seguinte:

En atención ó informe emitido o 05 de maio de 2010, do oficial sSubxefe do Servizo de Bombeiros, así como os informes redactados polo técnico de prevención de Riscos Laborais con data 26 de Febreiro de 2010, e o da xefa de seguridade do 30 de Abril de 2010, e co obxecto de adecuar os medios humanos mínimos ás necesidades reais da cidade sométese a consideración desa Xunta de Goberno Local a modificación de mínimos.

Os mínimos de persoal, establecidos en 2004 en 3 mandos, 15 bombeiros e 6 condutores, estaban xustificadas en base a cubrir as potenciais necesidades de Concellos do contorno e as da Autoridade Portuaria.

Dende entón a Xunta puxo en funcionamento os Parques Comarcais do Porriño e o do Morrazo sen aportar medios materiais nin humanos a este Concello, chamado a ser PARQUE COMARCAL CABECEIRA.

En virtude do anterior, tendo en conta a dispoñibilidade de efectivos reais do SEIS, sería oportuno, adecuar os medios segundo proposta do oficial subxefe e axustar o número de efectivos mínimos ás necesidades reais da cidade, os cales se concretan en 20 efectivos segundo a citada proposta.

Debe terse en consideración, ós efectos de entender a mesma nos seus xustos termos, que o Concello da Coruña conta cun Decreto de mínimos de 11 efectivos, é dicir, sinxelamente a metade dos que agora se propoñen como mínimos en Vigo.

En base ó anterior proponse a esa Xunta de Goberno Local que se adecúen os mínimos de efectivos ós considerados na proposta do Servizo e que se concreten en:

- 3 Mandos
- 11 Bombeiros
- 5 Condutores Bombeiros
- 1 Bombeiro de comunicacións.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

142(764).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “INSTALACIÓN DE PASOS SOBREELEVADOS PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 77938/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, do 5.05.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra de instalación de pasos sobreelevados para a mellora da seguridade vial.

Segundo.- Aceptación do plan de xestión de residuos da obra de instalación de pasos sobreelevados para a mellora da seguridade vial no Concello de Vigo (expte 77551/210)

Terceiro.- Nomear como dirección facultativa da obra á técnico D^a Carmen Vázquez Domínguez

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria Sercoysa Proyectos y Obras, S.A, a cal á súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertada con entidade especializada allea á mesma, segundo prevé a Lei 31/1995, de 8 de novembro, para os efectos do cumprimento do seu artigo 31.3 a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrentes na obra e ós representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

143(765).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE Á FLOTA MUNICIPAL. EXPTE. 7285/445.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8.04.10, o informe de fiscalización do 26.04.10, e de acordo co informe-proposta do xefe do Parque Móbil Municipal, do 14.04.10, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Validar e confirmar as actuacións preparatorias practicadas no expediente 7285/445, confirmando a orde de inicio do expediente asinada pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais o 15 de febreiro de 2010, o informe que motiva a necesidade da adquisición e demais actuacións administrativas obrantes no expediente.

Segundo.- Aprobar o gasto de 81.000 euros para a contratación da subministración de combustibles de gasóleo A, gasóleo C e gasolina de 95 para o servizo do Parque Móbil Municipal que se imputarán á partida 1212.221.03.00 do presuposto do ano 2010.

Terceiro.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación para a subministración dos combustibles de gasóleo A, gasóleo C e gasolina de 95, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 11-02-2010 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministracións por procedemento aberto con múltiples criterios de data 03-03-2010.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, Diario Oficial de Galicia, Boletín Oficial do Estado e Diario Oficial da Unión Europea.

144(766).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE RODAS PARA OS VEHÍCULOS DA FLOTA MUNICIPAL. EXPTE. 7284/445.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8.04.10, o informe de fiscalización do 26.04.10, e de acordo co informe-proposta do xefe do Parque Móbil Municipal, do 14.04.10, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar o gasto de 23.700 euros para a contratación da subministración de rodas para os vehículos da flota municipal que se imputarán á partida 1212.221.11.00 do presuposto do ano 2010.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade da subministración de rodas para os vehículos da flota municipal que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 11-02-2010 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministracións por procedemento negociado sen publicidade de data 04-03-2010.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a solicitude de ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

145(767).- SOLICITUDE DE TRAMITACIÓN DOS ABONOS DAS SUBVENCIONES OUTORGADAS NO ANO 2009 Á ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO. EXPTE. 4649/320.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Atención e Participación Cidadá, do 3.05.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

O Concello de Vigo, a través do servizo de Participación Cidadá, realiza anualmente varias convocatorias de subvencións en réxime de concorrencia competitiva coa finalidade de fomentar e consolidar o asociacionismo e a participación cidadá.

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de 11 de maio de 2009, adoptou os seguintes acordos:

- *“Aprobar as bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións para o fomento de actividades de participación cidadá e desenvolvemento socio-comunitario para o ano 2009, cun orzamento máximo de 144.346,00 € e un prazo de admisión de solicitudes de 20 días hábiles a contar dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra” [...]*
- *“Aprobar as bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións para o fomento de investimento en infraestruturas e equipamento vinculado a prestación de servizo das organizacións non lucrativas para o ano 2009, cun orzamento máximo de 225.000,00 € e un prazo de admisión de solicitudes de 20 días hábiles a contar dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial de Provincia de Pontevedra” [...]*

Nas devanditas bases establecece que “Os beneficiarios xustificarán o proxecto subvencionado nos 30 días hábiles seguintes a súa finalización, e en todo caso, antes do 31 de decembro de 2009 [...]”, sen embargo, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 21 de decembro de 2009 na que se adoptou o acordo de outorgamento das “subvencións para o fomento de investimento en infraestruturas e equipamentos”, acordou “ampliar o prazo de xustificación destas axudas ata o día 1 de marzo de 2010” [...].

Unha vez rematados os prazos establecidos para a xustificación das subvencións outorgadas en ambas convocatorias, as entidades que se indican a continuación presentaron a documentación xustificativa dos proxectos subvencionados fóra de prazo.

SUBVENCIONES PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO SOCIOCOMUNITARIO				
<i>ENTIDADE</i>	<i>PROXECTO</i>	<i>IMPORTE SUBVENCIONADO</i>	<i>PRAZO DE XUSTIFICACIÓN</i>	<i>DATA DE PRESENTACIÓN</i>
<i>Asociación Fontenova</i>	<i>Xornadas de Participación Cidadá</i>	<i>1.194,99 €</i>	<i>31/12/09</i>	<i>29/01/10</i>
SUBVENCIONES PARA O FOMENTO DE INVESTIMENTO EN INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO				
<i>ENTIDADE</i>	<i>PROXECTO</i>	<i>IMPORTE SUBVENCIONADO</i>	<i>PRAZO DE XUSTIFICACIÓN</i>	<i>DATA DE PRESENTACIÓN</i>
<i>Agrupación Centros Deportivos e Culturais de Vigo</i>	<i>Reforma local social. Adquisición equipamento informática e mobiliario</i>	<i>6.788,30 €</i>	<i>01/03/10</i>	<i>02/03/10</i>
<i>Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos.</i>	<i>Equipamento informático</i>	<i>672,80 €</i>	<i>01/03/10</i>	<i>02/03/10</i>
<i>Asoc. Familiares de Enfermos de Alzheimer “AFAGA”</i>	<i>Equipamento informático, fotocopidora e software terapéutico</i>	<i>1.322,85 €</i>	<i>01/03/10</i>	<i>04/03/10</i>
<i>SCDR Helios</i>	<i>Eliminación de barreiras arquitectónicas. Equipamento iluminación</i>	<i>2.800,00 €</i>	<i>01/03/10</i>	<i>10/03/10</i>
<i>Real Club Náutico de Vigo</i>	<i>Equipamento informático</i>	<i>2.362,22 €</i>	<i>01/03/10</i>	<i>17/03/10</i>

Polo anteriormente exposto, e tendo en conta que o incumprimento realizado ao presentar a memoria xustificativa dos proxectos subvencionados fóra de prazo é un incumprimento menor, e coñecedores da traxectoria das devanditas entidades que veñen prestando servizos de forma satisfactoria durante os último anos, e conscientes dos prexuízos económicos que provocaría a falta de pago das subvencións outorgadas, propónse á Xunta de Goberno Local, como paso previo ao seu envío ao servizo de Intervención para a súa fiscalización, a adopción do seguinte acordo:

1. Autorizar a tramitación correspondente para aprobar o abono das cantidades pendentes pago resultantes das seguintes subvencións outorgadas no ano 2009 ás asociacións que de seguido se relacionan,

CIF	ENTIDADE	PROXECTO	IMPORTE SUBVENCIONADO
G-36838514	Asociación Fontenova	Xornadas de Participación Cidadá	1.194,99 €
G-36791291	Agrupación Centros Deportivos e Culturais de Vigo	Reforma local social. Adquisición equipamento informática e mobiliario	6.788,30 €
G-36928646	Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos.	Equipamento informático	672,80 €
G-36776920	Asoc. Familiares Enfermos de Alzheimer "AFAGA"	Equipamento informático, fotocopiadora e software terapéutico	1.322,85 €
G-36633428	SCDR Helios	Eliminación de barreiras arquitectónicas. Equipamento iluminación	2.800,00 €
G-36612752	Real Club Náutico de Vigo	Equipamento informático	2.362,22 €

2. Dar conta as entidades beneficiarias, da excepcionalidade deste acto e lembrarlle a obrigaçión do cumprimento estrito do establecido nas bases que rexen as convocatorias de subvencións.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

146(768).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS PARA A XESTIÓN, USO E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO CENTRO CÍVICO DE TEIS" PARA O ANO 2010. EXPTE. 4562/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 22.04.10, o informe de fiscalización, do 30.04.10, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Veciños de Teis" (CIF 36646545).

Segundo.- Autorizar o gasto de 55.000 € con cargo á partida 9240.4890007 "Convenio Asociación Veciños Teis", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2010.

Terceiro.- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO - ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS PARA O USO E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO CENTRO CÍVICO DE TEIS

En Vigo, --- de ----- de dous mil dez

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei, s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Antonio Collazo Collazo con DNI 35891051-B, en calidade de Presidente da Asociación de Veciños de Teis (CIF- G-36646545) con domicilio social na rúa Gerardo Campos Ramos, nº 2, de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta da certificación que figura na documentación do expediente núm. 4562-320.

Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade “Asociación de Veciños de Teis, conforme ao establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- Educativas, deportivas, lúdicas e culturais, encamiñadas a cubrir as necesidades dos/as asociados/as, así como, dirixidas a achegar recursos para cumprir cos fins fundacionais.
- Fomentar a recuperación da cultura galega e a normalización da nosa lingua.
- Promover e apoiar a formación permanente fomentando a educación cara ó ocio e as actividades ocupacionais nas mulleres adultas da nosa parroquia.
- Defender, fomentar e mellorar os intereses das mulleres (promovendo formación, información, asesoramento, etc.)
- Fomentar na xuventude actuacións tendentes a xerar actitudes de prevención ante os riscos da saúde, o consumo e a publicidade, fomentando a educación para o ocio e as actividades ocupacionais nos mozos.

Actividades todas elas de gran interese para a veciñanza, tanto do barrio de Teis, coma para os restantes veciños e veciñas da cidade , e que tendo en conta as instalacións de que dispón o Concello de Vigo no Centro Cívico e a posibilidade de acoller a organización de ditas actividades, así como, a co-xestión do centro constitúen o obxecto do convenio.

II.- Que o Concello de Vigo dispón no barrio de Teis dun Centro Cívico; infraestrutura socio-comunitaria de proximidade á cidadanía, destinada a cubrir a iniciativa social, cultural, educativa e comunitaria no sentido mais amplo do termo, onde a cidadanía establece as súas primeiras demandas, o que posibilita un lugar aberto de información, formación e ocio para todo o conxunto da poboación.

Na vontade de afondar nas súas relacións o Concello de Vigo e a Asociación de Veciños de Teis, mediante este convenio, establecen as canles de colaboración na planificación e programación xeral do Centro Cívico de Teis e nas actividades e proxectos concretos que desa planificación e programación deriven, así como, as accións encamiñadas ao mantemento e conservación do inmoble.

III.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 4631.4890007, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 55.000,00 € a favor da Asociación de Veciños de Teis.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedinte, os intervenientes, conclúen o

presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización e execución dos programas de actividades no Centro Cívico de Teis a realizar pola Asociación de Veciños de Teis segundo a memoria que se achega na documentación complementaria a este convenio.

V.- Que a entidade Asociación de Veciños de Teis, non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Subvencións de Galicia, atopase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran xunto co expediente.

VI.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “Asociación de Veciños de Teis”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito socio-comunitario e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade “Asociación de Veciños de Teis” comprométese a colaborar coa concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo para establecer as bases de colaboración na organización e execución dos programas de actividades que se leven a cabo no Centro Cívico de Teis, así como, regular as condición de uso, mantemento e conservación da infraestrutura municipal, e concretamente:

1. A Asociación de Veciños de Teis comprométese á organización e execución do programa e proxectos que se achegan na documentación complementaria ao convenio, co fin de destinar esta infraestrutura aos fins de interese xeral e social en beneficio dos intereses xerais dos veciños e sectoriais da asociación.
2. Estará obrigada a subscribir un seguro de responsabilidade civil xeral, incluíndo a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros na súa condición de usuario da propiedade municipal e tendo en conta ó Concello como un dos asegurados. Así mesmo incluírá a responsabilidade civil que ampare calquera danos que poida ocasionar ó local polos actos u omisión de carácter negligente cun límite de indemnización mínima de 300.506 euros.
3. Contratará unha póliza de seguro de incendio e roubo para o continente e o contido.
4. Farase cargo dos gastos derivados da programación das actividades en xeral e en particular aqueles de mantemento e conservación das infraestruturas e do equipamento, así como os consumos de teléfono que teña o centro, consumibles e papel da fotocopiadora, no seu funcionamento xeral.
5. Contratar a necesaria asistencia técnica para o manexo da maquinaria escénica, equipos de luz e son e audiovisuais do auditorio-teatro, derivada da programación dos actos propios como do resto de entidades usuarias do centro
6. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, as memorias parciais e final, xunto co balance anual de xestión e económico, así como o inventario actualizado das dotacións e instalacións, deixando constancia do estado de conservación das mesmas.
7. Participará de forma activa na Comisión de Seguimento prevista neste Convenio.
8. Informar, colaborar e implicar as diferentes entidades do barrio no proxecto do centro e na súa xestión.
9. A Asociación velará polo bo uso e conservación de todas as instalacións que conforman o centro, así como, do mobiliario e do material para as actividades existentes.
10. Coordinarse e colaborar cas diferentes entidades e grupos do barrio para a realización de actividades.
11. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados do desenvolvemento das actividades.
12. Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.
13. Comezar as actividades á hora anunciado ao público, comprobando ca antelación suficiente o correcto funcionamento das instalación e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.

14. Devolver os espazos cedidos, o seu equipamento e instalacións, nas mesmas condicións da entrega. A tal fin, velará polo bo uso e conservación das instalacións cedidas, así como do mobiliario e do material necesarios para as actividades, restituíndo as perdas ou deterioro do material e instalacións.
15. Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.
16. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente que son actividades subvencionadas pola concellaría de Participación Cidadá e respectando en todo momento a súa imaxe corporativa.
17. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Outras funcións da Asociación de Veciños de Teis derivadas deste convenio serían:

- A xestión da cesión temporal en uso dos espazos comúns e material auxiliar do centro a toda a cidadanía e entidades públicas ou privadas conforme aos criterios establecidos nas normas de réxime interno. Exclúese da cesión, a realización de actividades con ánimo de lucro, as da venda directa, indirecta ou promoción de artigos de consumo, e as que atente contra os principios constitucionais e dereitos humanos.
- Non se poderá retirar o material auxiliar do centro sen a previa autorización escrita da Concellaría de Participación Cidadá.
- Xestionar os permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- Ofrecer soporte técnico e asesoramento os proxectos e actividades de carácter sociocultural a outras Entidades, facilitándolle a súa realización no centro cívico.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Achegar o material, mobiliario e infraestruturas necesarias para un correcto funcionamento do equipamento:
Dentro da infraestrutura emprázanse os seguintes espazos destinados xunto co seu equipamento e instalacións, á prestación dos seguintes servizos:

EDIFICIO DE SERVIZOS:

Planta semisoto:

- Unha sala de reunións polivalente.
- Un taller de cociña.
- Un despacho de administración e xestión.

Planta baixa:

- Un centro de atención municipal (CAM).
- Unha oficina de administración e xestión.
- Unha sala relacional e de encontro.

Planta primeira:

- Unha aula centro de internet de novas tecnoloxías de comunicación e a información.
- Dúas aulas de formación.
- Unha sala de estudos/biblioteca.

Planta segunda:

- Unha documenteca asociativa.

AUDITORIO:

- Un auditorio-teatro.
- Unha sala de conferencias.
- Unha sala de exposición temporais.
- Dúas cabinas de control de luz, son e imaxe.
- Unha taquilla para despacho de entradas.

OUTRAS INSTALACIÓNS:

*Pista polideportiva cuberta con vestiarios e peche perimetral.
Parque infantil.*

Os espazos adicados a Servizos de xestión municipal directa: Centro de Atención Municipal, e Documenteca Asociativa, serán considerados como centros de custo diferenciado e por tanto, non serán imputable ao presuposto xeral do centro, quedando fora do ámbito de aplicación do presente convenio.

O centro permanecerá aberto 55 horas e trinta minutos semanais, de luns a venres: de 9,00 a 13:30 e de 17:00 a 22:00 horas, sábados de 10,30 a 13,30 e de 17,00 a 22,00 horas, excepto os festivos. Consideraranse períodos de vacacións aqueles que así se determine polo calendario oficial e concretamente o mes de agosto, o Nadal e a semana santa.

Ao marxe deste horario de apertura do equipamento, este poderase utilizar fóra do horario habitual, previa autorización dos órganos de xestión do centro. Este tipo de uso e procedemento a seguir quedará regulado no regulamento provisional de réxime interno do centro, en tanto non se aprobe un definitivo polo órgano municipal competente.

- 2. Facerse cargo dos gastos de mantemento das zonas axardinadas, instalacións fixas (elevador, sistemas de protección contra incendios, roubo e intrusión, grupo electrógeno, aire climatizado), vixilancia e seguridade, limpeza, consumo de auga, subministracións de electricidade que teña o centro no seu funcionamento xeral. Asemade será por conta do Concello os gastos da liña ADSL, do teléfono e do fax do Centro de Atención Municipal, e do mantemento da fotocopiadora ata un máximo de 30.000 uds.*
- 3. Asumir os gastos de investimento non ordinario para obras de mellora, conservación e mantemento das infraestruturas do Centro Cívico. Así como a adquisición e modificación das instalacións e aparatos de control das subministracións que sexan necesarias incorporar para garantir o bo funcionamento das prestacións.*
- 4. Conceder directamente á entidade “Asociación de Veciños de Teis” unha subvención por importe de 55.000,00 € co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos derivados da xestión realizada pola asociación para o cumprimento do establecido neste convenio.*

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención.

Sexto.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal nas actividades subvencionadas mediante a inserción do logo da concellería de Participación Cidadá subministrado polo

servizo xestor do convenio en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, así como, cumprir os seguintes puntos:

- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán integramente en idioma galego.
- O concelleiro de Participación Cidadá dará a súa conformidade ás probas dos recursos publicitarios que se empreguen.
- Do orzamento de cada unha das actividades deberá adicarse un mínimo dun 10% do seu gasto a sistemas de difusión e información das mesmas.
- De todo o material editado, entregaranse 5 exemplares ao Concello.
- As actividades, servizos ou produtos ofertados pola Asociación poderá conlevar unha achega económica por parte dos usuarios e usuarias, co obxecto de financiar o seu custo (billetes, entradas, rifas, etc...). Neste caso, a Asociación solicitará previamente, a conformidade da Concellaría de Participación Cidadá, dos correspondentes prezos para cada un dos casos.
- A difusión nos medios de comunicación das informacións sobre as actividades programadas, mediante roldas de prensa, entrevistas, traballos, difusión de noticias, etc, deberán estar previamente acordadas coa concellaría de Participación Cidadá.
- Todo material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal.

Sétimo.- Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Participación Cidadá, que ostentará a Presidencia.
- Tres vocais:
 - Un/unha funcionario/a adscrito a dita Concellaría
 - Dous a membros da Xunta directiva da Asociación de Veciños de Teis.

Actuará como Secretario da Comisión un representante da Asociación de Veciños de Teis, membro da xunta directiva, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- a) Supervisar e aprobar o programa ou proxecto de actividades que elabore a Asociación de Veciños para cada trimestre no que en todo caso figurará unha Memoria e un presuposto.
- b) Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- c) Propoñer ó Concello os traballos necesarios de mantemento e conservación do inmovible.
- d) Controlar o bo estado do equipamento e propoñer ó Concello as adquisicións necesarias.
- e) Supervisar o cumprimento do programa anual de actividades e de mantemento do centro.
- f) Procurar a participación doutras entidades públicas e privadas no financiamento e desenvolvemento dos programas e actividades.
- g) Elaborar un regulamento de réxime interno do centro.

Oitavo.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 15 da Lei Galega de Subvencións ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais como se prevé no art. 15.2.a) da citada Lei.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. Tendo en conta que o obxecto do convenio é o financiamento de actividades de carácter anual e para facilitar a execución dos programas proxectados, estimase pertinente levar a cabo o abono da subvención mediante pagamentos a conta que se aboaran por contía equivalente á xustificación presentada.

A xustificación das entregas a conta realizarase pola "Asociación Veciñal de Teis" mediante a presentación das correspondentes contas xustificativas parciais das actividades realizadas ata ese momento.

A última memoria parcial, coa súa correspondente conta xustificativa, presentarse no prazo máximo de un mes desde a finalización do convenio e deberá incluír a memoria final relativa ao cumprimento total das actividades obxecto de convenio.

As contas xustificativas da subvención outorgada conterán a seguinte documentación e información:

- a) Solicitud de liquidación.*
- b) Memoria descriptiva das actuacións xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, a ser posible, a seguinte información:*
 - 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
 - 2. Datas e lugar de realización..*
 - 3. Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
 - 4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
 - 5. Actuacións realizadas.*
 - 6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
 - 7. Relación numerada correlativamente de todos e cada un dos documentos xustificativos que se presenten, con identificación do acredor, obxecto facturado, importe, data e forma de pago. Nas facturas se computará o gastos acreditados deducido o IVE, salvo que a entidade ou asociación acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.*
 - 8. Facturas ou documentos xustificativos orixinais (posible devolución conforme ao apartado 8.1)), polo importe total da subvención outorgada.*
 - 1. Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo Servizo de Participación Cidadá, mediante un selo existente ao efecto, no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificantes imputouse total ou parcialmente á subvención.*
 - 2. Os gastos realizados se acreditarán mediante facturas con todos os seus elementos e en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa. Os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (R.D. 1496/2003), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.*
 - 3. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención, aínda que esta cantidade non sexa imputable á subvención a xustificar.*
 - 9. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
 - 10. Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*
 - 1. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*

2. *Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
3. *Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
4. *Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen ao longo do ano 2010.

No suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar a programación trimestral de actividades con indicación como mínimo da denominación da actividade, datas e horario, e emprazamento da actividade, así como, toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG. Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuaduplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2010.

147(769).- CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIONES PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ, ANO 2010. EXPTE. 4586/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27.04.10, o informe de fiscalización, do 5.05.10, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 15.03.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá para o ano 2010, cun orzamento máximo de 354.346,00 € e un prazo de admisión de solicitudes de 20 días hábiles a contar dente o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Segundo.- Autorizar o gasto de 144.346,00 € con cargo á partida 9240.4890000 “Subvencións a entidades cidadá e sindicatos”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2010.

Terceiro.- Autorizar o gasto de 210.000,00 € con cargo á partida 9240.7800010 “Transferencias de Capital Asociacións”, do rozamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2010.

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIONES PARA O FOMENTO DO
ASOCIACIONISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ, ANO 2010

PRIMEIRA.- OBXECTO DAS SUBVENCÍONS

O Concello de Vigo, a través da Área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, realiza a presente convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de auto organización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

As subvencións as que se refire esta convocatoria están destinadas as seguintes entidades:

A.- Proxectos realizados por Asociacións de veciños e Sociedades culturais (inscritas no epígrafe 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións)

Programa I: para o fomento de actividades

Programa II: para o financiamento dos gastos de mantemento

Programa III: para inversións nas instalacións socio-comunitarias

Programa IV: para equipamento das sedes sociais

B.- Proxectos realizados por outras entidades cidadás sen ánimo de lucro debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións

Programa I: para o fomento de actividades

Programa IV: para equipamento das sedes sociais

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que se refiran a aqueles proxectos que se realicen dentro do ano da convocatoria da subvención, os cales deberán estar claramente identificados e incluídos en algún dos programas existentes e tendo en conta o tipo de entidade (A ou B) solicitante:

1.- Programa I, para subvencionar proxectos de actividades, fomentar os servizos, as novas tecnoloxías e á realización de programas formativos nas propias sedes das asociacións para os propios veciños, e persecue entre outros:

- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento de participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado e a integración veciñal.*
- Potenciar a dinamización social e as relación da cidadanía a través de actividades de ocio en tempo libre e de promoción da cultura tradicional.*
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.*
- Potenciar publicacións periódicas de difusión e información das actividades propias e edición de estudos e investigacións na área de participación cidadá e o asociacionismo.*
- Incidir na información, formación e promoción de condutas, valores cívicos e éticos en xeral, así como a promoción da sociedade plural e non discriminatoria (tolerancia, solidariedade, respecto a diversidade e integración).*
- Promover proxecto de sensibilización de participación cidadá coa solidariedade e cooperación e a cultura da paz.*
- Captar e promover a formación do voluntariado, dinamizando o tecido asociativo.*
- Promover a cohesión social da cidade e da cidadanía, a través de espazos e foros abertos de debate, intercambio de ideas e experiencias para a comunicación social.*

- *Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións.*

O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal do concello de Vigo, subvencionándose excepcionalmente aquelas que fóra do municipio, inclúan programas de intercambio con outras asociacións, asistencia e certames, congresos, etc..., debidamente xustificadas e que teñan unha relación ou implicación directa coa actividade da asociación e os obxectivos desta convocatoria.

2.- Programa II, para o financiamento dos gastos correntes de funcionamento e mantemento das sedes, unicamente, de asociacións de veciños e sociedades culturais. Entendéndose por gastos correntes aqueles que permitan o normal funcionamento destas entidades veciñais no que se refire a gastos de persoal, mantemento de instalación, arrendamento do local da sede social, subministración de teléfono, auga, electricidade, mantemento de equipos informáticos, etc...

3.- Programa III, para inversións nas instalacións sociocomunitarias: adquisición, obras de primeiro establecemento, reforma, reparación, rehabilitación e conservación de bens inmobles situados no termo municipal do concello de Vigo.

Os presentes actos de edificación comprenden aquelas obras realizadas en locais e infraestruturas que utilizan, unicamente, asociacións de veciños e sociedades culturais, en réxime de propiedade privada, cedidos por ente público ou privado, ou en réxime de alugamento e que executará esta entidade beneficiaria tanto cos seus propios fondos, como con auxilio doutras entidades públicas ou privadas para a realización de servizos da súa competencia.

4.- Programa IV, para equipamento das sedes sociais mediante a adquisición de bens mobles: maquinaria e instalacións, equipamento de luz, son e maquinaria escénica, mobiliario, equipos informáticos, etc.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía total destinada a estas subvencións será con cargo as seguintes partidas:

1.- Programa I e II: a cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 144.346,00 euros, que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 9240 4890000 “Subvencións a entidades cidadás e sindicatos” do exercicio presupostario para o ano 2010. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

A subvención non poderá superar os seguintes límites:

- a) O 70 % do presuposto e en ningún caso a cantidade de 12.000 € para o Programa I de actividades de participación cidadá e desenvolvemento socio-comunitario.*
- b) O 50 % do presuposto e en ningún caso a cantidade de 2.000 € para o Programa II de mantemento das entidades que operan no ámbito do movemento veciñal.*

2.- Programas III e IV: a cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 210.000,00 euros, que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 9240.7800010 “Transferencias de Capital Asociacións” do exercicio presupostario para o ano 2010. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

A subvención non poderá superar os seguintes límites:

- c) O 70 % do presuposto, co máximo de 15.000 € para o Programa III de adquisición, obras de primeiro establecemento, reforma, reparación, rehabilitación e conservación de bens inmobles.
- d) O 50 % do presuposto, co máximo de 5.000 € para o Programa IV: Adquisición de bens mobles: maquinaria e instalacións, equipamento de luz, son e maquinaria escénica, mobiliario, equipos informáticos, etc, dedicados a equipamento das infraestruturas comunitarias.

En casos excepcionais e xustificadas e, tendo en conta a necesidade dunha determinada entidade, as súas características especiais, as dificultades financeiras e o interese xeral da obra ou da inversión, poderá aprobarse ata o 100% do custo do investimento aprobado.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓNS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

QUINTA.- DESESTIMACIÓN DAS SOLICITUDES

Unha vez estudados os proxectos presentados polas asociacións, desestimaránse as seguintes solicitudes:

1.- Programas I e II para o fomento de actividades e gastos de mantemento:

- *Aqueles solicitudes de subvención para proxectos incluídos no Programa II (gastos de mantemento), cando sexan solicitados por entidades que non operen no movemento veciñal e non estean debidamente inscritas nos apartados 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións.*
- *Aqueles que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.*
- *Aqueles que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.*
- *Aqueles nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariable (infraestruturas e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens; os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.*
- *Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.*
- *Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.*

- *Aqueles que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.*
- *Aqueles que en consideración ao proxecto e programación non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando unha puntuación mínima suficiente na valoración específica do proxecto, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.*

2.- Programas III e IV para inversións en infraestruturas e equipamentos:

En función do proxecto:

- *Aqueles proxectos incluídos no Programa III (inversións en infraestruturas), cando sexan solicitados por entidades que non operen no movemento veciñal e non estean debidamente inscritas nos apartados 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións.*
- *Que teñan unha relación e canle máis específico de subvención noutras áreas do Concello de Vigo.*
- *Aqueles que en consideración ao proxecto ou investimento non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando unha puntuación mínima suficiente na valoración específica do proxecto, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.*
- *Aqueles proxectos destinados en exclusiva aos socios/as ou os seus promotores/as.*
- *Os destinados a equipamentos que procuren algún tipo de lucro para os seus xestores, promotores, etc.*
- *Aqueles proxectos sobre locais arrendados, cando o contrato de alugamento sexa inferior a 5 anos, e o importe das obras supere o 5% do valor catastral.*
- *Aqueles proxectos de obras realizadas en locais de titularidade municipal sen a previa conformidade da Concellería de Participación Cidadá.*

En función do grao de incorporación de gastos non subvencionables:

- *Aqueles gastos en bens correntes de carácter reiterativo e non susceptibles de amortización e inventario.*
- *Gastos en bens correntes e servizos, orixinados pola adquisición de bens de carácter funxible, non inventariables e de duración previsiblemente inferior a un exercicio económico (arrendamentos, materiais, subministracións, comunicacións etc).*
- *Aqueles gastos de carácter suntuario, que non son imprescindibles para o bo desenvolvemento do proxecto e que non están relacionados directamente coa inversión.*
- *Aqueles gastos en man de obra directa derivada do voluntariado.*

SEXTA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as entidades sen ánimo de lucro que inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, traballen no ámbito socio-comunitario, da participación cidadá e das relacións cidadáns, e que reúnan os seguintes requisitos:

- 1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.*
- 2. Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.*
- 3. Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.*
- 4. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo no ano anterior, sempre no suposto de haberllas sido aprobadas.*

5. Os solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións. Ditas certificacións poderanse substituír por unha declaración responsable conforme o estipulado no artigo 24.4 do citado R.D.887/2006 (Anexo 8-II).
6. O demais casos previstos no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e art. 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS

Os beneficiarios das subvencións conforme a presente normativa, quedan na obriga dos seguintes apartados:

1. *Levar a cabo a proposta que fundamenta a concesión da axuda na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, dereitos de autor, etc...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.*
2. *Comunicar calquera eventualidade na programación ou execución dos proxectos presentados que supoña menor execución de unidades de obra, servizos ou abastecementos, comunicarse no prazo máximo de 10 días a partir do momento en que se produzan, solicitando neste mesmo intre, a modificación a baixa na concesión da presente subvención, así como a obtención doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou entidade privada.*
3. *Para os efectos de difusión pública, no lugar onde se realicen as actividades, as obras ou no equipamento adquirido, deberá figurar de forma visible, cartel informativo segundo o modelo establecido que se achega no anexo 9-9B e que facilitará o Servizo de Participación Cidadá a todas aquelas entidades que o soliciten, no que constará o co-financiamento da Área de Participación Cidadá do Concello de Vigo.*
4. *Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.*
5. *Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.*
6. *A concesión da subvención non exige ós beneficiarios de solicitar as autorizacións pertinentes ou permisos precisos, e cumprir coas obrigas fiscais e tributarias que no seu caso sexan esixibles. En calquera caso, na execución de proxectos de construción de obra nova, reparación ou remodelación en locais ou terreos de propiedade municipal, quedará condicionada a que a entidade beneficiaria presente na Concellería de Participación Cidadá, cunha antelación mínima de cinco días hábiles previo a execución da actuación, a seguinte información e documentación:*
 - a) *Licenza municipal de obra maior ou menor.*
 - b) *Copia do proxecto de execución, cando así o precise, asinado por técnico competente e visado polo colexio correspondente, contendo a información e documentación prevista polas normas urbanísticas.*
 - c) *Copia do Presuposto final de contrata (execución material + gastos xerais + beneficio industrial, e impostos).*
 - d) *Data de inicio e remate da obras.*

7. A entidade beneficiaria non poderá introducir ou executar modificacións da obra, abastecemento ou prestación do servizo, obxecto de subvención sen o coñecemento previo e autorización da Concellería de Participación Cidadá.
8. As demais obrigas establecidas no art. 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e art. 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

OITAVA.- SOLICITUDES, PRAZO DE PRESENTACIÓN E DOCUMENTACIÓN

1. Modelo e presentación de solicitudes

As solicitudes de subvención presentaranse no modelo normalizado que se achega con estas bases. Os impresos de solicitude da subvención (anexos) e canta información precise para a súa presentación, serán facilitados polo Servizo de Información ou ben, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

2. Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, podendo presentalas no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou mediante as demais formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

3. Documentación

Xunto coa solicitude deberán achegarse os seguintes documentos:

- a) Anexo 1: Certificado do acordo de solicitude da subvención adoptado polo órgano de goberno da asociación ou entidade solicitante
- b) Anexo 2: datos da entidade solicitante
- c) Anexo 3: balance de contas (ingresos/gastos) da entidade ou asociación do ano 2009 en modelo normalizado ou en documento contable das propias entidades
- d) Memoria valorada e detallada dos proxectos para os que solicita a subvención (aos programas II e III soamente poderán optar as asociacións veciñais e sociedades culturais inscritas no epígrafe 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións)
 - Anexo 4: Memoria do Programa I para o fomento de actividades socio-comunitarias
 - Anexo 5: Memoria do Programa II para o financiamento dos gastos de mantemento
 - Anexo 6: Memoria do Programa III para inversión nas instalacións socio-comunitarias

Xunto coa memoria do proxecto de obra ou reforma nos locais sociais, débese presentar copia cotexada da titularidade do mesmo ou autorización da realización da inversión do propietario cando corresponda a un terceiro.

A documentación relativa aos proxectos que non resulten subvencionados, poderá ser retirada das dependencias municipais polos solicitantes, no prazo de tres meses dende a publicación do acordo. Transcorrido dito prazo, a administración municipal non virá obrigada a súa custodia.

 - Anexo 7: Memoria do Programa IV para equipamento das sedes sociais
- e) Anexo 8- 8B: declaracións

- *Declaración de non estar incurso nas circunstancias que figuran no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia*
- *Declaración das solicitudes de subvención realizadas a outros organismos e institucións públicas ou privadas dos proxectos para os que se solicitan as subvencións*
- *Declaración responsable de cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social que substituirá á presentación das certificacións previstas no apartado f), para aquelas entidades ou asociacións que soliciten unha subvención total inferior aos 3.000 €, ou para aquelas na que a contía a outorgar na proposta de resolución de outorgamento das subvencións non supere o citado importe de 3.000 € (Conforme ao artigo 24.4 do R.D 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións)*

f) *Certificación de cumprimento das obrigación tributarias e coa Seguridade Social:*

- *Certificado de estar ao corrente do pago das cotas da Seguridade Social, expedida pola Tesourería Territorial da Seguridade Social*
- *Certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias, expedida pola Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.*
- *Certificado de estar ao corrente nas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

Conforme ao establecido no art. 95.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro , Xeral Tributaria as administracións públicas non poderán esixir aos interesados a presentación de certificados da Administración Tributaria cando a información de carácter tributario estea dispoñible por medios informáticos ou telemáticos, polo que, o interesado pode autorizar expresamente para que dito certificado sexa solicitado no seu nome (Anexo 8B)

- *De ter presentados os certificados solicitados nos apartados anteriores no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, chegará con facelo constar, identificando o departamento ou área do Concello na que se presentou (Anexo 8)*

O servizo de Participación Cidadá, comprobará de oficio que as entidades solicitantes de subvencións están ao corrente do cumprimento das obrigas fiscais co Concello de Vigo.

4. *Corrección de defectos*

Os solicitantes, a requirimento do Servizo de Participación Cidadá, disporán dun prazo improrrogable de 10 días hábiles para completar a documentación ou os defectos materiais e formais que se aprecien con apercibimento de que, se así non o fixeran, teríaselles por desestimada da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos nos artigos 42 e 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

NOVENA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS E CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrència competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da Área de Participación Cidadá destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

a) *Traxectoria e antigüidade da entidade. Ata 10 puntos.*

Valorarase tendo en consideración ademais das datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, o tempo que leve a entidade participando activamente no seu sector e os períodos de inactividade que atravesara.

b) *Representatividade e area de influencia. Ata 10 puntos*

Valorarase tendo en consideración, ademais dos socios numerarios da asociación, os posibles participantes ou beneficiarios das actividades ou investimentos promovidos pola entidade.

c) *Capacidade económica, suficiente e axeitada para a xestión, experiencia e especialización acreditada na realización da proposta de similar natureza á que se presenta. Ata 10 puntos*

Valorarase tendo en conta entre outros:

- Os medios materiais dos que dispón a entidade, considerando si ten a súa sede nun local propio ou nalgún local cedido gratuitamente polo Concello ou por outra institución, así como si esta acometendo ás súas expensas, reformas importantes.
- O orzamento de ingresos e gastos da entidade para o programa, analizando a solvencia para o seu desenvolvemento.

d) *Grado de implicación no barrio, parroquia ou distrito. Ata 5 puntos.*

Valorarase tendo en consideración:

- O traballo das asociacións ou entidades en unidades territoriais como barrios ou parroquias fronte a proxectos cun ámbito de aplicación menos definido.
- O nivel de cooperación en actividades e uso de instalacións e medios materiais con outras entidades, ben na súa totalidade ou nalgún aspecto puntual, fronte as actividades autónomas

e) *Grado de implicación nas actividades da área de Participación Cidadá. Ata 5 puntos*

Valorarase considerando a asistencia e colaboración nas actividades propias desta área polos socios e/ou directivos da asociación.

f) *Calidade e viabilidade técnica. Ata 50 puntos por cada proxecto/s presentados.*

Valoraranse os proxectos, (entendido como tal aquelas actuacións individuais e independentes entre si que aglutinan múltiples actividades ou inversións, as cales non reflicten interrelación con outros proxectos presentados) tendo en conta os diferentes programas subvencionables:

1.- *Programas I e II para o fomento de actividades e gastos de mantemento:*

- *Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais*
- *Que os programas contén con contidos e métodos socioculturais e/ou socio-educativos.*
- *Que se baseen na análise das necesidades existentes no entorno, que teñan unha viabilidade técnica, sexan interasociativos e incidan no entorno.*
- *Estean dirixidos á promoción dos sectores de poboación mais desfavorecidos.*
- *Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades ou proxectos para as que se solicita a axuda.*
- *A implicación da entidade solicitante cando achegue unha porcentaxe considerable sobre o custo total do proxecto ou proxectos.*

2.- Programas III e IV para inversións en infraestruturas e equipamentos:

- *Calidade técnica da proposta: análise da necesidade e do entorno territorial, definición e valoración do nivel de equipamento actual e material a adquirir, grao de causalidade directa a curto ou medio prazo entre a adquisición e a mellora da calidade/cantidade dos servizos e actividades a prestar pola entidade solicitante, estabilidade temporal e pervivencia dos servizos, estado de conservación das actuais infraestruturas e equipamento, innovación, calendario de realización.*
- *Mellora do grao de polivalencia e proximidade física e social do equipamento á cidadanía, incremento da accesibilidade cara a integración de colectivos con discapacidade, a través da eliminación de barreiras arquitectónicas tanto de accesos e usos como de mobiliario.*
- *Adecuación da/s acción/s aos obxectivos e natureza do programa conforme ás prioridades e necesidades sociais detectadas pola Concellaría de Participación Cidadá: interese xeral e repercusión social, especialización acreditada da entidade solicitante na realización de propostas similares, e grao de xustificación doutras axudas recibidas anteriormente.*
- *Impactos xerados: repercusión social, creación de emprego directo e indirecto, persoas beneficiarias (número e características), contribución da acción á corrección dos desequilibrios territoriais, apoio a actividades pouco implantadas; produtos de interese que se poidan xerar, grao de continuidade en anos sucesivos.*
- *Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede.*

g) Xustificación das subvencións.- Ata 10 puntos

A xustificación das subvencións anteriores é un requisito para a concesión das subvencións, polo que con este criterio o que se pretende é valorar o esforzo realizado pola entidade para as subvencións precedentes, para a realización dunha memoria completa de seguimento das súas actividades subvencionadas, así como a porcentaxe de xustificación aplicada ao proxecto subvencionado.

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

DÉCIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN, RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO, NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN E PUBLICIDADE

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao Técnico de xestión de Participación Cidadá, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución de conformidade co previsto no art. 24 da Lei Xeral de Subvencións, e art. 21 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

As solicitudes de subvención para cada un dos programas serán avaliadas conforme ós criterios sinalados anteriormente, pola Comisión de Valoración, órgano colexiado composto por:

- *Presidente: O concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá*
- *Vogais: Un técnico/a e un membro da escala administrativa do servizo de Atención e Participación Cidadá*
- *Secretario: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.*

A Comisión de Valoración poderá:

- *Acadar cantos informes estime necesarios para resolver.*
- *Solicitar a reformulación da solicitude e do proxecto, no caso de que o importe da subvención proposta na resolución provisional sexa inferior ao 25 % da subvención solicitada, axustando os compromisos de gastos á subvención outorgada, respectando o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención.*
- *Emitir informe respecto das solicitudes de subvención.*

Correspóndelle á Xunta de Goberno Local a resolución motivada de concesión das axudas ou desestimación do resto das solicitudes, no prazo de seis meses que contará dende a data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme ao previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de 10 días naturais a contar dende o día seguinte ao da notificación, a comunicar por escrito ao Servizo de Participación Cidadá a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

As subvencións concedidas por importe superior ós 3.000 € publicaranse no BOP con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. O resto das subvencións publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo como se prevé no art. 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso Administrativo (tras modificación dada pola Lei 19/2003, de 23 de decembro) no prazo de dous meses.

Asemade, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo.

En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

DÉCIMO PRIMEIRA.- SUBCONTRATACIÓN

Os beneficiarios poderán subcontratar a porcentaxe necesaria, ata o 100% do importe da actividade, para a execución correcta do proxecto subvencionado. No caso de subcontratación deberán de cumprirse as determinacións establecidas no art. 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

Os beneficiarios xustificarán o proxecto subvencionado nos 30 días hábiles seguintes a súa finalización, e en todo caso, antes do 31 de decembro de 2010. De non cumprirse este requisito, perderase o dereito a percibir a axuda.

A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedinte da subvención, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario ou da entidade colaboradora e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública.

A conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:

1.- Memoria dos programas subvencionados

1.1.-Programas I e II para o fomento de actividades e gastos de mantemento:

Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:

- Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
- Datas e lugar de celebración.*
- Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- Nos cursos de formación, engadirase ao anterior, o programa do curso, horas de formación, a identificación e número de teléfono dos participantes e do monitor/a.*
- Actuacións realizadas.*
- Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- Fotografía dos carteis informativos con indicación do seu emprazamento, nos termos sinalados no anexo 9, facendo indicación expresa do financiamento da Área de Participación Cidadá.*

1.2.- Programas III e IV para inversións en infraestruturas e equipamentos:

Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das obras ou adquisicións realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:

- *Fase da actuación executada, recursos utilizados, resultados obtidos, desviación respecto aos obxectivos previstos, reportaxe fotográfico e/ou audiovisual da execución, sistemas de información e publicidade das accións subvencionadas, xustificación das ofertas solicitadas e elección do contratista, relación do equipamento adquirido.*
- *No caso de finalización de obra nova, copia simple da escritura pública de obra nova e certificado da inscrición no Rexistro, facendo constar a afectación da obra ao fin da entidade.*
- *Certificación da entidade conforme se incorporou o ben ao inventario da entidade.*
- *No caso de adquisición de inmobles, copia simple da escritura de compra venda, onde conste a subvención recibida, a forma de pago e a obriga de destinar o inmovible ao fin previsto no período mínimo de dez anos, e inclusión da necesidade de solicitar autorización a entidade ou entidades que subvencionaron para calquera acto de disposición, alleamento ou gravame sobre o mesmo.*
- *Certificado da inscrición rexistral facendo constar as cargas anteriores.*
- *Fotografía dos carteis informativos con indicación do seu emprazamento, nos termos sinalados no anexo 9B, facendo indicación expresa do financiamento da Área de Participación Cidadá.*

2.- *Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades e proxectos realizados, que conterá:*

- a) Unha relación clasificada dos gastos totais das actividades, dos gastos de mantemento, obras ou inversións realizadas no seu caso, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. Nas facturas se computará o gasto acreditado deducido o IVE, salvo que a entidade ou asociación acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.*
- b) Facturas orixinais polo importe da subvención outorgada. (posible devolución conforme ao establecido no apartado c)). Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:*
 - *Número e no seu caso serie.*
 - *Nome e apelidos ou denominación fiscal.*
 - *Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)*
 - *Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura)*
 - *Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.*
 - *Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base imponible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación.*
 - *Lugar e data de emisión.*
 - *Nas facturas emitidas por profesionais constará a pertinente retención do IRPF. Así mesmo, debe xustificarse documentalmente o seu ingreso na Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

- c) *Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo Servizo de Participación Cidadá, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a contía exacta que resulta afectada pola subvención.*
- d) *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividades subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*

3.- Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- a) *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- b) *Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- c) *Que a entidade ou asociación está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda pública do Estado, da Xunta de Galicia, do Concello de Vigo e coa Seguridade Social (conforme ao estipulado no art. 31.7.f) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia).*
- d) *Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.*
- e) *Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe da actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17,3 e 33,3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.)*

DÉCIMO TERCEIRA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

Se no exame da documentación presentada, esta se atopa incompleta ou figuran defectos, concederase a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de 10 días hábiles para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales sen efectuar esta, se lles tería por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

DÉCIMO CUARTA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO QUINTA.- ABOAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexa debidamente xustificada.

Antes de proceder ao pago das subvencións a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable en aqueles supostos en que a subvención total outorgada non supere os 3.000 € conforme o estipulado no artigo 31.7.f) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEXTA- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONES. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIONES

Perdida do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, especialmente:

- As obrigas ás que se condiciona o pago da subvención
- O incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención
- A variación da finalidade da actuación
- A falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta
- A obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da subvención municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de Subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito á subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Nulidade, reintegro, infracción e sancions:

En canto as causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LGS).

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

En canto ás infraccións e sancions en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no capítulo IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvención e o R.D. 887/2006, de 21 de xullo.

DÉCIMO SÉTIMA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das entidades solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/9, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei / 1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

DÉCIMO OITAVA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2009, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

148(770).- PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. DE GALICIA DENDE O Nº 1 AO 120, INCLUÍDO NO PROXECTO “REXENERACIÓN URBÁN DE TEIS”. EXPTE. 7008/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 5.05.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de construción da “Humanización da Av. De Galicia dende o numero 1 ao 120”, dentro do programa ES0037 “Reforma Urbana del barrio de Teis”, programa subvencionado no ámbito de Financiamento do Comité de Asuntos Financeiros.

149(771).- CADUCIDADE DO PROCEDEMENTO DE DESAFIUZAMENTO ADMINISTRATIVO Á ASOCIACIÓN HOSTELERA DE VIGO S.L. POLA OCUPACIÓN DO EDIFICIO “MIRADOIRO DO CASTRO”. EXPTE. 18561/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 28.04.10, conformado pola xefa de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común (LRXAP).*

- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 31 de agosto do 2009, acordou “1º.- Incoar procedemento de desafiuzamento administrativo contra a entidade ASOCIACIÓN HOSTELERA DE VIGO SL, pola ocupación ilícita do edificio denominado Miradoiro do Castro, situado no Parque municipal do Castro, ó ter vencido a concesión administrativa e non dar cumprimento a súa obriga de entrega e posta a disposición deste Concello do mesmo. 2º.- Concederlle trámite de audiencia ó interesado por prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á notificación da presente resolución, para que poida examinar o expediente e formular as alegacións que estime por conveniente, na defensa dos seus dereitos”.

Segundo.- Na instrución do procedemento formuláronse alegacións polo interesado, e emitíuse informe proposta por esta unidade en data 18.11.2009 á Xunta de Goberno Local, remitíndose o expediente o servizo da Asesoría Xurídica para informe previo á adopción do acordo resolutorio, sen que conste a súa emisión.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-O procedemento administrativo incoado responde non só o exercicio dunha potestade administrativa que lle ven recoñecida polo ordenamento xurídico ás Entidades Locais para a recuperación de oficio de seus bens mediante o desafiuzamento administrativo (art. 41.1.d da LPAP, regulado o seu procedemento no título II do RBEL) senón, así mesmo, no deber de defensa e protección destes, manifestado pola obrigación de exercitar as accións e prerrogativas administrativas das que é titular. (art 5 LRBRL, art 270 LALG, art.220 ROFRJEL, e art. 9 RBEL).

Segundo.- O instituto da caducidade dos procedementos administrativos esta previsto e regulado no art. 43 e 44 da L. 30/92 de RJAP e PAC, regulación que resulta de aplicación ós procedementos das Entidades Locais por remisión xenérica da súa normativa xurídica a favor da lexislación estatal sobre procedemento administrativo común (art. 146. del ROFRJEL), e expresamente no que se refire á caducidade, o previsto no art. 178 do ROF: A caducidade dos expedientes administrativos rexeráse pola lexislación sobre procedemento administrativo común.

De acordo co o previsto nas devanditas normas, na aquel caso en que se trata dun procedemento iniciado de oficio, a falta de resolución expresa do procedemento en prazo, e súa notificación ós interesados, non exime á administración do cumprimento da súa obrigación de resolver, se ben produce o efecto da caducidade do procedemento incoado (art. 44 LRJAP e PAC).

A tenor de elo, dende unha perspectiva puramente formal, e en aplicación estrita da norma, no presente caso, habendo sido incoado de oficio o expediente de desafiuzamento administrativo sen que á data houbera recaído acordo resolutorio, pode estimarse que formalmente o procedemento podería estar incurso en causa de caducidade ó non apreciarse a concorrencia doutras circunstancias que xustifiquen a demora acaecida e conseguinte incumprimento da obrigación de resolución do procedemento en prazo.

Agora ben, esta hipotética caducidade do procedemento require, no seu caso, ser declarada polo órgano administrativo ó xurisdicional competente. Declaración, que aínda no suposto que se aprecie a concorrencia de causa que a motivaría, pode verse non aplicada cando a cuestión suscitada afecte o interese xeral, o fose conveniente substanciala para súa definición e esclarecemento (art. 92.4 da LRXAP e PAC), presuposto fáctico que, en consideración o procedemento en cuestión, non parece presentar obxección o tratarse do exercicio dunha acción en defensa e protección dun ben de titularidade pública de natureza demanial.

Terceiro.- A caducidade non da lugar en ningún caso a unha prescrición da acción administrativa, ou á caducidade ou decadencia de dereitos da administración, nin respecto ós interesados no procedemento, un recoñecemento dunha situación xurídica individualizada ou constitución de dereitos sobre os bens públicos obxecto de expediente.(art. 44 e art.92.2 e 92.3 da LRXAP e PAC).

Seus efectos quedan limitados á esfera puramente formal do procedemento, dando lugar a unha demora no exercicio da acción, pola imposibilidade de continuación do expediente e á necesidade de seu reinicio. Demora en todo caso relativa se se ten en conta que o procedemento administrativo se atopa actualmente concluso na súa fase instrutora, emitida xa a proposta resolutoria ó órgano competente e polo tanto unicamente pendente da súa adopción, polo que o reinicio de actuacións, en base ós principios de economía, eficacia, celeridade do procedemento, así como de conservación dos actos e trámites administrativos xa efectuados no procedemento caducado, que o ordenamento xurídico establece, a tramitación do novo expediente se atoparía practicamente ultimada.

Cuarto.- En mérito ó exposto, pode chegarse á conclusión, de que no presente caso, semella conveniente para os intereses municipais na actual situación de pendencia procedimental, declarar a caducidade do presente procedemento, e proceder a incoación dun novo procedemento de desafiuzamento administrativo.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“ÚNICO.- Declarar a caducidade do procedemento de desafiuzamento administrativa incoado por acordo da Xunta de Goberno Local do 31 de agosto do 2009 a ASOCIACIÓN HOSTELERA DE VIGO, SL. para a recuperación posesoria do edificio municipal denominado Miradoiro do Castro.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

150(772).- PROPOSTA DE INCOACIÓN DE DESAFIUZAMENTO ADMINISTRATIVO CONTRA A ENTIDADE ASOCIACIÓN HOSTELERA DE VIGO S.L. POLA OCUPACIÓN DO EDIFICIO “MIRADOIRO DO CASTRO”. EXPTE. 18902/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 3.05.10, conformado pola xefa de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común (LRXAP).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*

Antecedentes:

Primeiro.- O concello de Vigo, en sesión plenaria de 29 de setembro de 1986, acordou adxudicar a entidade Asociación Hostelera de Vigo SA (na actualidade ASOCIACIÓN HOSTELERA DE VIGO SL) , en réxime de concesión administrativa, a explotación do bar-cafetería e almacén-depósito do Miradoiro do “Castro”, sito no Parque Municipal do Castro, consonte co prego de condicións aprobado polo mesmo órgano o 15 de maio de 1986.

Segundo.- A citada concesión administrativa finalizou o día 10 de marzo de 2009, o que lle foi comunicado á entidade concesionaria con anterioridade ó remate da mesma, personándose en data 11 de marzo do 2009 e 30 de abril do 2010, a comisión municipal destinada, ao efecto da recepción e toma de posesión do edificio e instalacións, negándose por don Domingo Piñeiro Cubelo, en representación da empresa concesionaria, a proceder á súa entrega.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- A xestión e a administración dos bens e dereitos demaniais polas Administracións Públicas, de acordo co artigo 6 LPAP, se axustará, entre outros, ó principio de exercicio dilixente das prerrogativas que as leis outorguen ás Administracións públicas, garantindo a súa conservación e integridade. Entre estas prerrogativas, os artigos 41.1.d LPAP, 280 LALG e 44.1.d RBEL outórganlle ás entidades locais a potestade de desafuzamento administrativo dos posuidores dos inmóbeis demaniais, unha vez extinguido o título que amparaba a tenencia.

Segundo.- As Administracións públicas poderán recuperar en vía administrativa a posesión dos seus bens demaniais cando decaian ou desaparezan o título, as condicións ou as circunstancias que lexitimaban a súa ocupación por terceiros (artigo 58 LPAP). No presente caso, a extinción do prazo da concesión administrativa outorgada á entidade interesada e, consecuentemente, a carencia de título que lexitime na actualidade a ocupación do edificio miradoiro do Castro, faculta a esta Administración para o exercicio do procedemento de desafuzamento administrativo, de conformidade co disposto na normativa de bens das Entidades Locais, e de acordo co procedemento regulado no Título II do RBEL, que comeza dispoñendo que “a extinción dos dereitos constituídos sobre bens de dominio público ou comunais das Entidades locais, en virtude de autorización, concesión ou calquera outro título e das ocupacións a que teñan dado lugar, efectuarase polas Corporacións, en todo caso, por vía administrativa, mediante o exercicio das súas facultades coercitivas, previa indemnización ou sen ela, segundo proceda, con arranxo a dereito” (artigo 120).

Terceiro.- Resulta competente para adoptar o acordo de incoación do procedemento de desafuzamento administrativo, a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no artigo 127.1.j) da LRBRL.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Incoar procedemento de desafiuzamento administrativo contra a entidade ASOCIACIÓN HOSTELERA DE VIGO SL, pola ocupación ilícita do edificio denominado Miradoiro do Castro, situado no Parque municipal do Castro, ó ter vencido a concesión administrativa e non dar cumprimento a súa obriga de entrega e posta a disposición deste Concello do mesmo.

2º.- Concederlle trámite de audiencia ó interesado por prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á notificación da presente resolución, para que poida examinar o expediente e formular as alegacións que estime por conveniente, na defensa dos seus dereitos”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

151(773).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS Á REHABILITACIÓN DE FACHADAS E CUBERTAS DE EDIFICIOS E LOCAIS COMERCIAIS NA FACHADA DA RIBEIRA DO BERBÉS PARA O ANO 2010. EXPTE. 5531/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 28.04.10, o informe de fiscalización, do 6.05.10, e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 19.04.10, conformado polo delegado da Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións á rehabilitación de fachadas e cubertas de edificios e locais comerciais na fachada da Ribeira do Berbés, para o ano 2010.

Segundo.- Autorizar, ao indicado fin, o gasto de 110.000 €, con cargo á partida 3360.780001 (subvencións edificios históricos Berbés e Bouzas), do vixente orzamento xeral do Concello.

BASES E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS Á REHABILITACIÓN DE FACHADAS E CUBERTAS DE EDIFICIOS E LOCAIS COMERCIAIS NA FACHADA DA RIBEIRA DO BERBÉS.

O artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece que o municipio exercerá, en todo caso competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma en materia de patrimonio histórico-artístico.

En concreto, o Servizo de Patrimonio Histórico considera que é necesario realizar unha serie de actuacións cara á protección e recuperación da fachada marítima da Ribeira do Berbés, no marco do seu Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI), que contribúan ao proceso de recuperación da súa fachada marítima, dando un pulo a esta área privilexiada da cidade e tan degradada, mediante a rehabilitación e recuperación de construcións neste ámbito do barrio.

En xeral, a visión conxunta deste fronte sufriu un deterioro paulatino que non chega a mitigarse polas actuacións de reforma e rehabilitación efectuadas polos propietarios, xa sexa con axudas públicas ou sen elas. Por tal motivo e pola reiterada demanda dos habitantes de Vigo para poñer fin ao abandono do Casco Vello, para que o Berbés sexa ocupado como lugar privilexiado de habitar, como referente turístico, para conciliar a historia coa modernidade, para a recuperación de oficios

artesanais e, en definitiva para afastar situacións de perigo, de seguridade cidadá, e acadar unha renovación da fachada visible desde o espazo público do Berbés, que redunde nunha mellora da calidade de vida e da imaxe urbana, xorde a necesidade de implantar un novo programa de rehabilitación de fachadas, cubertas e espazos comúns, que deberá contar coa participación cidadá e non quedar limitado polos distintos usos, idades das edificacións ou ingresos dos posíbeis beneficiarios.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción desta área do Casco Vello de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2010 consignan, na partida orzamentaria 3360.7800001 “subvencións edificios históricos Berbés e Bouzas”, un crédito por un importe total de 255.000 euros, dos que 110.000,00 Euros (cento dez mil euros), o Concello de Vigo a través da Concellería de Patrimonio Histórico destina a colaborar no financiamento da actividade de rehabilitación da Fachada do Berbés.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases e convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.-OBXECTO DA SUBVENCIÓN E ÁMBITO.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuír a financiar os gastos orixinados pola mellora da imaxe exterior dos edificios situados na fachada da Ribeira do Berbés. Aos efectos desta convocatoria específica de Fachadas e cubertas do Berbés poderán ser obxecto de subvención as seguintes localizacións: o número 69 da rúa Teófilo Llorente, da rúa Real os números pares do 50 ao 54 e impares do 47 ao 53, na Ribeira do Berbés do 1 ao 47 e os números impares de San Francisco do 17 ao 57. Estas edificacións dan fronte a un dos espazos públicos de maior superficie, de maior interese arquitectónico, urbanístico e histórico do Casco Vello.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable corresponden á mellora xeral da imaxe externa das fachadas e os custos de execución das obras necesarias para a limpeza, mantemento, adecuación, reforma e/ou restauración para acadar as axeitadas condicións de salubridade, seguridade e ornato de fachadas, paredes medianeiras, galerías, cubertas e, en xeral, daqueles elementos da edificación visibles dende a vía públicas. Serán prioritarias as actuacións reflectidas no “Estudio fachadas Ribeira do Berbés” encargado pola Tenencia de alcaldía e Patrimonio Histórico do Concello de Vigo, especialmente a imaxe exterior.

En concreto, as actuacións protexíbeis son as seguintes:

1.-As obras para as que se solicitan axudas deberán estar comprendidas nun ou máis dos seguintes apartados:

- a) Limpeza e selado de fábricas de cantería e preparado e pintado de fachadas.
- b) Limpeza e mantemento de tellados.
- c) Substitución de carpinterías de aluminio ou metálicas por outras de madeira en cor, con amplas superficies acristaladas.

- d) *Eliminación de peches metálicos e/ou persianas plásticas ao exterior, mediante a súa retirada ou a colocación de nova carpintería ao exterior acorde a todos os andares de cada edificio.*
- e) *Restauración ou reposición de varandas e defensas en fachadas, de tipoloxías tradicionais.*
- f) *Substitución de cartelerías e eliminación de elementos como tendedeiros, antenas, ou outros elementos non permitidos nas fachadas polo PEPRI Casco Vello.*

2.- Nas actuacións teranse en conta as consideracións seguintes:

A) Actuacións que, con carácter individual, cada unha delas, supoña unha mellora da imaxe eliminando problemas de inseguridade aos viandantes. Cada actuación se pode realizar independentemente pero todas elas seguen os mesmos criterios estéticos que permitiran homoxeneizar a imaxe conxunta de cor, materiais, limpeza e orde, en definitiva, sen perder a identidade de cada edificación tanto desde a súa visión máis próxima, á beira, como desde unha visión máis afastada, persegue polo tanto acadar unha homoxeneización e un ambiente propio do Berbés.

B) As actuacións non modifican o volume e estrutura actual, afectan á envolvente dos edificios, garantan a mellora estética, e de habitabilidade interior. Non supoñen reestruturación en ningún caso, de ser doutro xeito, a solución proposta tería que intervir sobre elementos e volumes fora de ordenación..

C) Nas actuacións relativas aos locais terán preferencia os locais con actividade no momento de facer a solicitude

D) Nas actuacións nas fachadas, os locais sen actividade deberán retirar os carteis e rótulos se son desconformes á normativa de aplicación ou ben adaptalos a ela. E se teñen actividade adaptárase a normativa.

E) Nas actuacións relativas aos edificios terán preferencia aqueles que teñan presentado o informe técnico correspondente á Inspección Técnica de Edificacións (ITE) e do mesmo se derive a necesidade de execución de obras.

F) A execución de calquera das obras protexidas contará coa preceptiva Licencia Municipal de Obras e calquera outra autorización ou Resolución Administrativa necesaria conforme á Normativa de aplicación que afecte ao edificio; asemade deberá garantir a súa coherencia técnica e construtiva co estado do edificio e coas restantes obras que puidesen realizarse.

G) Para o outorgamento da subvención terase en conta a aparencia orixinal do local ou edificio co fin de conseguir á súa restauración na medida do posíbel no caso de que teña sufrido, a través das intervencións que se fixeran no paso do tempo, engadidos ou modificacións que os desvirtúen.

H) Deberán retirarse ou disimularse nas fachadas calquera tipo de cabreado e/ou antenas de T.V. e letreiros, rótulos e elementos desconformes que non se axusten á Ordenanza de aplicación. Os/as propietarios/as do local ou edificio deberán asumir o compromiso de evitar as tales instalacións e preservar as condicións estéticas dos mesmos sobre calquera tipo de intervención ou instalación que no futuro se puideran pretender.

3.-De xeito xeral, para os traballos de limpeza da pedra labrada e/ou con detalles ornamentais non se admitirán, salvo excepcións tecnicamente xustificadas mediante informe técnico, os sistemas mediante chorro de auga a presión que soamente poderán utilizarse, preferentemente con sistema de auga quente, cando a pedra non estea labrada e sempre con maquinaria que conte cos accesorios necesarios para a medición e control da temperatura, caudal e da presión de traballo. Os ditos accesorios de medición e/ou control de temperatura, do caudal e/ou da presión de traballo serán imprescindibles en calquera sistema de limpeza mecánica que se pretenda utilizar nas fachadas co obxecto de que a persoa encargada do proceso da limpeza manteña en todo momento o control da execución e poida adaptar axeitadamente as regulacións do sistema en función da tipoloxía do soporte. Nos soportes de pedra labrada e/ou con detalles ornamentais descártanse expresamente os sistemas industriais de limpeza, o chorreo tradicional de area, o abuxardado, a serra de amolar ou calquera outro que poida considerarse potencialmente agresivo como sistema xenérico de limpeza ou puntual para eliminación de pintadas ou graffitis

Nos soportes de pedra descártanse expresamente de xeito xeral sistemas de limpeza mediante chorro de area tradicional, abuxardado ou serra de amolar.

4.- A concesión das axudas reguladas por estas bases condicionase á mellora da imaxe exterior do local ou edificio e a súa adaptación á normativa vixente.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 110.000,00 euros (cento dez mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria para 2010; 3360.7800001 “subvencións edificios históricos Berbés e Bouzas”. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31. 2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

Estas subvencións serán compatíbeis con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O beneficiario deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, non se poderá superar o 75% do orzamento protexíbel.

QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar e obter estas axudas as persoas físicas ou xurídicas que reúnan algunha das seguintes condicións:

1.- DAS PERSOAS SOLICITANTES:

A) Ser propietarias ou copropietarias, arrendatarias, usufrutuarias ou representantes debidamente autorizados pola propiedade do local ou edificio.

B) Estar libre de calquera tipo de débedas co Concello de Vigo e coa Seguridade Social, Axencia Tributaria e Facenda da Xunta de Galicia. No suposto de Comunidades de Propietarios, Comunidades de Bens, sociedades ou calquera outra figura xurídica que ostente ou comparta a propiedade do inmoble, o requisito ao que se fai referencia neste apartado deberá ser cumprido non só pola figura xurídica de que se trate senón tamén por todas e cada unha das persoas físicas que a integren.

C) Non incorrer en ningún dos supostos do artigo 10.2 e 10.3 e cumprir coas obrigas que se recollen no artigo 11, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

D) Non ter sido beneficiarios de axudas para o mesmo fin –total ou parcialmente- nos cinco anos anteriores á data de solicitude da axuda actual; non se consideran afectadas por este suposto as persoas cuxa solicitude de subvención teña por obxecto a execución de obras complementarias de outras que xa foran executadas con anterioridade, con ou sen subvención, e que estean encamiñadas a completar a rehabilitación do ámbito externo dos edificios.

E) Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento da obra mediante a colocación dun cartel e/ou unha placa ou adhesivo normalizados, segundo as especificacións da Concellería de Patrimonio de Vigo, que permanecerán instalados cando menos dende a aprobación da axuda ate o seu pagamento no caso do cartel e durante un ano a contar dende a data de pagamento da subvención no caso da placa ou adhesivo.

F) Asumir o compromiso para garantir no futuro o mantemento das obras, da aparencia do local ou do edificio nunhas axeitadas condicións estéticas de acordo coas determinacións da ordenanza de aplicación e consonte coas obras executadas.

G) Os titulares de locais comerciais que, por resolución firme, fosen sancionados por incumprimento da Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións nos 5 anos anteriores á data de solicitude da subvención non poderán obter estas axudas para obras subvencionables que afecten exclusivamente ao local.

2.- DOS EDIFICIOS E LOCAIS:

A) Estar situados dentro do ámbito de actuación definido na Base primeira.

B) Estar en axeitadas condicións de seguridade estrutural ou, de ser o caso, ter previsto a execución das obras necesarias que a garantiran, cando menos, xunto coas obras de rehabilitación para as que se solicita a axuda.

C) Ter presentado o Informe técnico correspondente á Inspección Técnica de Edificacións (I.T.E.) naqueles casos nos que lles correspondera pola antigüidade do edificio

3.- DAS ACTUACIÓNS:

A) As actuacións non poderán iniciarse mentres non se notifique o outorgamento da subvención ou non se poña en coñecemento da Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo a execución das mesmas.

B) Estas subvencións poderán ser declaradas compatíbeis, previo informe da Oficina de Rehabilitación, con outras axudas por obras, solicitadas ou provisionalmente aprobadas, cuxa xestión corresponda a oficina de rehabilitación.

C) Contar coa preceptiva Licencia Municipal de Obras e/ou con calquera outra autorización municipal ou administrativa que sexa necesaria para o seu desenvolvemento.

D) Estar previstas nas Actuacións Protexibels indicadas na base segunda desta convocatoria.

E) Incluír a eliminación e reordenación de antenas de T.V., na medida do posíbel, fóra das fachadas e nunha localización que garanta o menor impacto visual.

F) Incluír a eliminación do cabreado de T.V. e a reordenación, na medida do posible, do cabreado de calquera outro servizo tendido sobre as fachadas co fin de garantir o menor impacto visual.

G) Incluír a eliminación ou disposición e deseño axeitado, na medida do posible, de rótulos, toldos, cerramentos, aparellos de aire acondicionado, focos e alarmas de seguridade co fin de garantir o menor impacto visual e o cumprimento da normativa urbanística de aplicación.

H) Incluír a eliminación de elementos descontextualizados e/ou marquesiñas.

I) Ser realizadas conforme á relación de partidas de obra e materiais especificados na memoria e/ou orzamento presentados para o outorgamento da subvención e/ou de acordo coas modificacións que teñan sido propostas e informadas favorablemente polo técnico adscrito ao Programa.

SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

1º.- Realizar a actividade subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude.

2º.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.

3º.- Empregar a lingua galega na realización das actividades subvencionadas, caso de que tal utilización se tivese invocado e avaliado como mérito no procedemento de concesión da subvención.

4º.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.

5º.- En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

SÉTIMA.-CONTRATACIÓN DAS OBRAS.

1.- *As obras serán contratadas polo particular cunha empresa da súa elección. O beneficiario/a informará á Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo de calquera cambio que en relación coa execución da obra se poida producir durante o prazo de execución, sen que se poidan alterar as partidas previstas no orzamento aprobado.*

2.- *Soamente se poderá autorizar a modificación de partidas inicialmente previstas, cando contén co informe favorábel do técnico adscrito ao Programa, sexan susceptibles de obter licenza e as novas partidas supoñan unha clara mellora respecto das anteriores.*

3.- *No suposto de que unha das modificacións autorizadas implique unha redución na contía do orzamento, ou por mor de trocar a empresa adxudicataria das obras se reduza a contía inicialmente prevista no orzamento, este será obxecto de estudio conforme ao regulado nas bases oitava e novena desta convocatoria co fin de establecer, de ser o caso e, mediante os informes necesarios, a nova contía da axuda.*

4.- *As obras a realizar deberán abranguer todas as actuacións necesarias a criterio dos técnicos da Oficina de Rehabilitación e/ou adscritos ao programa para intervir de xeito completo sobre os elementos que conforman a fachada a conservar ou restaurar incluíndo xenericamente, e como intervencións básicas imprescindíbeis nas actuacións en fachadas de edificios, a limpeza xeral, tratamento hidrófugo e/ou adecuación do propio soporte, arranxo e pintado da carpintería, arranxo e pintado da ferraxería e revisión ou substitución de canles e baixantes.*

5.- *Deberase achegar memoria valorada ou orzamento nos que de xeito detallado se diferenciarán cada unha das partidas posíbeis en cada unha das actuacións e desagregarase en cada unha delas, de xeito detallado, cada unidade de obra coa medición e o prezo unitario correspondentes.*

6.- *En cumprimento do previsto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención ou xa este expediente aberto na Oficina de Rehabilitación con aprobación correspondente segundo prezos da Base Oficial de Prezos da Construción en Galicia-BDCG.*

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude da subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente cunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Unha vez publicado o acordo de aprobación da subvención, e tendo aprobada a licenza de obra e as autorizacións que correspondan, os/as solicitantes deberán comunicar á Oficina de Rehabilitación do Concello de Vigo con dez días de antelación, o inicio das obras.

7.- *Coa finalidade de garantir o axeitado seguimento das axudas, a solución de posíbeis incidencias e a coordinación entre o/a beneficiario/a da axuda, a Oficina de Rehabilitación do Concello de Vigo*

e a/as empresa/s adxudicataria/s das obras, esta/s última/s nomeará/n un representante único encargado da coordinación co técnico adscrito ao programa.

8.- As obras deberán rematarse no prazo acordado entre o particular e a empresa que figurará na documentación presentada e sempre antes do 12 de novembro de 2010.

9.- Finalizada a execución das obras, e no prazo de 10 días hábiles seguintes, o/a beneficiario/a xustificará os gastos da actuación achegando os orixinais das facturas, e solicitará por escrito na Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo a inspección das mesmas polo técnico supervisor. Este realizará un informe final das obras conforme se axustan á memoria valorada ou orzamento finalmente autorizado e cumpren, de ser o caso, os condicionantes establecidos no outorgamento da subvención. O informe realizarase nun prazo máximo de 15 días dende a recepción na Oficina de rehabilitación do aviso do particular da finalización das obras.

OITAVA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

Para efectuar as propostas de concesión das subvencións a Comisión avaliadora establecerá unha prelación entre elas atendendo aos seguintes criterios:

1.- As solicitudes que finalmente resulten admitidas no procedemento de concesión das subvencións, por cumprir, dentro dos prazos de subsanación que ao efecto se concedan, tódolos requisitos esixidos para participar no mesmo, ordenaranse en función da puntuación obtida de acordo cos criterios establecidos no apartado segundo desta base. En caso de empate observaranse os seguintes criterios:

—Nas actuacións relativas aos locais terán preferencia os locais con actividade no momento de facer a solicitude.

—Nas actuacións relativas aos edificios terán preferencia aqueles que teñan presentado o informe técnico correspondente á Inspección Técnica de Edificacións (ITE) e do mesmo se derive a necesidade de execución de obras.

—De persistir o empate será preferida a solicitude de data anterior sobre a posterior.

2.- Establécese unha subvención lineal e a fondo perdido aplicable sobre o orzamento protexíbel, cos límites reflectidos na base oitava, cun importe inicial do 50% do mesmo que poderá incrementarse conforme ó cadro que segue, cun límite máximo de ata o 75% de dito orzamento protexíbel.

EDIFICIOS	%
<i>Limpeza e selado de fábricas de cantería e preparado e pintado de fachadas.</i>	5
<i>Substitución de carpinterías de aluminio ou metálicas por outras de madeira en cor, con amplías superficies acristaladas.</i>	20
<i>Limpeza e mantemento de cubertas.</i>	10
<i>Substitución de cartelерías e eliminación de elementos como tendedeiros, antenas, ou outros elementos non permitidos nas fachadas polo PEPRI Casco Vello</i>	25
<i>Restauración ou reposición de varandas e defensas en fachadas, de tipoloxías tradicionais.</i>	5
LOCAIS	
<i>Eliminación de peches metálicos e/ou persianas plásticas, toldos, etc ao exterior,</i>	

<i>mediante a súa retirada ou a colocación de nova carpintería ao exterior acorde á normativa.</i>	20
<i>Eliminación de peches metálicos e/ou persianas plásticas, toldos, etc ao exterior, mediante a súa retirada ou a colocación de nova carpintería ao exterior acorde á normativa e adaptación ou retirada de cartelería</i>	25

3.- *Se considerarán a suma das porcentaxes como puntos a efectos de avaliar as solicitudes no proceso de selección, e se sumarán a efectos de determinar o tanto por cento da subvención. En ningún caso poidan superar os setenta e cinco puntos.*

4.-*De xeito xeral, a axuda non poderá superar en ningún caso os 12.000 euros para as actuacións individualizadas nos locais comerciais nin os 30.000 euros nas relativas ós edificios.*

5.- *De xeito excepcional e, a proposta da Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo, poderase incrementar a contía máxima da axuda para executar as obras de rehabilitación de todas as fachadas do edificio soas ou xunto coas obras de cuberta, galerías, conxuntos de carpinterías ou de cerrallería e/ou baixos comerciais ata un máximo de 40.000 euros cando se xustifique, mediante o correspondente informe técnico, o interese arquitectónico, histórico ou ambiental do edificio e cando o orzamento de execución material das citadas obras sexa superior ós 100.000 euros (IVE incluído).*

6.-*En ningún caso as axudas a percibir pola mesma actuación ao abeiro de distintas axudas poderán superar o 75% do orzamento protexibel, procedendo en caso de que tal exceso se produza a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, o reintegro da diferenza.*

7.-*O orzamento protexibel é o custo real das obras consideradas coma protexibels conforme coa segunda das bases da presente convocatoria, e estará determinado polo orzamento de contrata das mesmas (Custo de execución material, máis 13% de gastos xerais, máis 6% de beneficio industrial) máis o IVE correspondente así como honorarios facultativos e tributos satisfeitos por razón das actuacións. O orzamento presentado será revisado segundo a Base de prezos da construción en Galicia.*

Establécense como contías mínimas do orzamento protexibel de cada actuación 1.000 euros para as individualizadas nos locais, e 3.000 euros nos edificios.

Establécense como contías máximas do presuposto protexibel para cada actuación as seguintes:

- a) Para o conxunto de actuacións integrais para a mellora das condicións de ornato, seguridade e salubridade na totalidade do ámbito externo do inmovible; comprendido este polos seus elementos comúns e singulares: 60.000 euros.*
- b) Para actuacións en fachadas e/ou paredes medianeiras: 30.000 euros.*
- c) Para actuacións en cubertas e/ou terrazas que sexan cubertas de vivendas: 18.000 euros.*
- d) Para actuacións en galerías, miradoiros e conxuntos de carpintería ou ferraxería: 12.000 euros*
- e) Para actuacións individualizadas en locais comerciais: 12.000 euros que poderanse incrementar ata os 18.000 euros cando inclúan a reestruturación de vans.*

NOVENA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS.

Establecerase unha prelación entre as solicitudes presentadas en función da puntuación obtida, segundo os baremos da base oitava, resultado da ITE, actividade no local, e data da solicitude en impreso normalizado que figura como anexo ás presentes bases. A concreta contía a percibir por cada beneficiario virá determinada polos criterios sinalados nos parágrafos 1 e seguintes da base anterior e, eventualmente, pola concorrencia doutras subvencións que podan determinar a redución da que procedese outorgar de acordo cos devanditos criterios. Consumida que sexa a cantidade total prevista para estas axudas polas subvencións que proceda outorgar aos solicitantes admitidos ao procedemento, de acordo cos criterios sinalados, en función da súa prelación, non se concederán máis subvencións, sen prexuízo da eventual posibilidade de obtención de subvención en caso de liberación de crédito suficiente que se contempla na base décimo sexta.

DÉCIMA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 30 días naturais dende o día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

DÉCIMO SEGUNDA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

1.-As solicitudes das axudas presentaranse por duplicado, para o seu posterior rexistro no Concello de Vigo, na Oficina de Rehabilitación do Concello de Vigo, sita na Praza da Princesa nº 7 - 1º = dta.

A Oficina de Rehabilitación facilitará a información e asesoramento necesario para acceder a estas axudas, de xeito presencial, a través do Tfno. 986442560, do Fax 986442561 ou do e-mail: urb.rehabilitacion@vigo.org.

A instancia de solicitude será asinada polo solicitante ou o seu representante que deberá acreditar a súa representación por calquera medio válido en dereito.

2.- Os solicitantes deberán presentar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

A) Fotocopia do DNI ou NIF do/da solicitante ou do/da representante autorizado/a.

B) Documentación acreditativa da propiedade ou dereito de uso o dereito sobre o local ou edificio.

C) Orixinal da memoria valorada e/ou orzamento da intervención para a que se solicitan as axudas, conforme ao disposto na base sétima, relativa á contratación das obras.

D) Certificado orixinal de conta corrente expedido pola entidade bancaria elixida polo solicitante para que a Concellería de Patrimonio Histórico ingrese o importe da subvención.

E) *Certificación orixinal ou copias compulsadas de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, Axencia Tributaria e Facenda da Xunta de Galicia e das súas obrigas para coa Seguridade Social. As familias e as entidades sen ánimo de lucro poderán acreditar esta circunstancia mediante unha declaración responsable.*

F) *Declaración responsábel de non incorrer en causa ningunha das prohibicións para ser beneficiario de subvención sinaladas no artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.*

G) *Declaración responsábel sobre a concesión ou solicitude doutras axudas desta ou doutras administracións para o mesmo fin, indicando o importe, data e a entidade concedente.*

H) *Licencia de Actividade do local e Licencia de Obras para as que se solicita a axuda, ou no seu caso.*

I) *Cando corresponda pola antigüidade do edificio, Informe da Inspección Técnica de Edificacións (I.T.E.) ou, no seu defecto e de ser o caso, certificado ou informe de exención.*

J) *Para os casos de co-titularidade na propiedade (Comunidades de propietarios ou veciños, Comunidades de Bens, Sociedades, etc.):*

a) Relación co nome, apelidos, DNI e porcentaxe de participación de todas e cada unha das persoas físicas que as integran.

b) Copia da Acta ou certificación do secretario relativa á xunta ou asemblea pola que se nomea ao Presidente, ao representante da comunidade, de ser o caso, e acordo dos propietarios sobre as obras solicitadas.

c) Copia da Acta ou escritura de constitución da Comunidade, Sociedade, etc.,

d) Fotocopia da escritura de División Horizontal do edificio.

K) *Para os solicitantes inquilinos ou titulares de outros dereitos de uso do local:*

a) Fotocopia do contrato de arrendamento

b) Autorización escrita da propiedade do edificio para realizar as obras obxecto desta Norma reflectidas no orzamento que se presenta.

L) *A documentación que lle sexa esixible ao beneficiario, de acordo coa lexislación mercantil e/ou sectorial aplicable e co disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

3.- *A presentación da solicitude de subvención implica a aceptación dos condicionantes e obrigas establecidas na presente convocatoria, así como a autorización para acadar os datos en poder das administracións públicas que sexan necesarios para a tramitación da solicitude.*

DÉCIMO TERCEIRA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 15 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

DÉCIMO CUARTA.- REFORMULACIÓN DAS SOLICITUDES.

O Concello de Vigo poderá instar aos solicitantes de subvencións a modificar os proxectos de obra para os que se solicita a mesma a fin de abranguer todas as actuacións consideradas necesarias, a criterio dos técnicos da Oficina de Rehabilitación ou adscritos ao programa, para intervir de xeito completo sobre os elementos que conforman o inmovible a conservar ou restaurar.

DECIMO QUINTA.- PUBLICIDADE.

Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ao boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Publicidade das subvencións concedidas.

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente diario oficial, cando a súa contía sexa de 3.000 € ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, o listado de tódalas axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web www.vigo.org e exposto no taboleiro de anuncios da Oficina de rehabilitación e da Concellería de Patrimonio Histórico.

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse na Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo sita na Praza da Princesa nº 7 - 1º e dta. e na propia paxina web do Concello de Vigo.

Publicidade do financiamento público.

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán emprega-lo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Patrimonio Histórico– Concello de Vigo”.

DÉCIMO SEXTA.-ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

A Concellería de Patrimonio Histórico será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a

determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución con base no informe da Comisión Avaliadora.

Presentada a documentación que se solicita na base décimo segunda desta convocatoria, os técnicos asignado expresamente a este programa, realizarán unha visita de inspección ao edificio ou local para comprobar o estado da edificación e a necesidade das actuacións propostas, realizando un informe sobre a idoneidade da intervención para a que se solicita axuda e a súa adaptación aos requisitos previstos na convocatoria.

A avaliación das solicitudes se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Delegado da Área de Patrimonio Histórico, a Directora da Oficina de Rehabilitación, os técnicos da Oficina de Rehabilitación e a Xefa de servizo de Patrimonio Histórico, que actuará como secretaria, e o inspector asignado para o seguimento das obras deste programa.

A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Patrimonio Histórico, como órgano instrutor, formulará proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificarase ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A resolución de concesión ademais de conter os solicitantes aos que se concede a subvención e a desestimación expresa das restantes solicitudes, incluírá unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de beneficiario, non teñan sido estimadas por rebasarse a contía máxima do crédito fixado na convocatoria, con indicación da puntuación outorgada a cada unha delas en función dos criterios de valoración previstos na mesma.

Neste suposto, se como consecuencia de renuncia ou perda do dereito ao cobro da subvención por algún dos beneficiarios, se liberase crédito para atender total ou parcialmente a solicitude ou solicitudes denegadas, a Xunta de Goberno Local concedente acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ao licitante ou solicitantes seguintes a aquel en orde da súa puntuación.

A Concellería de Patrimonio Histórico comunicará esta opción aos interesados, a fin de que accedan á proposta de subvención no prazo improrrogable de dez días. Unha vez aceptada a proposta por parte do solicitante ou solicitantes, a Xunta de Goberno Local ditará o acto de concesión e procedera á súa notificación.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

Os beneficiarios/as das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Patrimonio ou a Oficina de rehabilitación a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

DÉCIMO SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES.

1.- A xustificación da actuación constitúe un acto obrigatorio da beneficiaria da subvención, e debe realizarse nos 10 días hábiles seguintes á finalización das obras. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que se incluírá, baixo a responsabilidade da declarante, os orixinais das facturas ou xustificantes de gasto desagregados ou calquera outro documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

2.- As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

3.- Cando a beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da actuación, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal (artigo 73 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003), indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante imputase total o parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e se procederá á devolución do orixinal.

3.- O incumprimento da obriga de xustificación da execución das obras nos termos establecidos na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a xustificación insuficiente da mesma, de ser o caso, provocará a perda do dereito a percibir o importe da subvención ou, no seu caso, a obriga do reintegro da subvención concedida nas condicións previstas no Artigo 33 da citada Lei.

DÉCIMO OITAVA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da mesma será comprobada polos servizos da Oficina de

Rehabilitación. A directora da Oficina de Rehabilitación emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DÉCIMO NOVENA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

Os beneficiarios deberán facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Patrimonio Histórico e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

VIXÉSIMA.- PAGAMENTO.

O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación polo beneficiario da actividade para a que se concedeu a subvención.

Antes de proceder ao pago da subvención o beneficiario deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social (Concello de Vigo, Xunta de Galicia, Axencia tributaria e Seguridade Social) e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art. 31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, cando se trate de subvencións a familias ou entidades sen ánimo de lucro.

A solicitude de pagamento e a xustificación do gasto polo/a solicitante da axuda, e o informe favorable da Oficina de rehabilitación sobre as obras executadas, darán lugar ao pagamento da subvención.

O ingreso do importe da subvención farase efectivo por transferencia bancaria que se efectuará na conta corrente da que se presentou certificación para a tramitación do expediente de subvención, unha vez teña á conformidade do servizo de intervención do Concello de Vigo.

Previa comunicación ao Concello de Vigo o beneficiario da subvención poderá ceder o seu dereito ao cobro da subvención —sempre subordinado a xustificación da mesma— á entidade adxudicataria das obras subvencionadas.

VIXÉSIMA PRIMEIRA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONES. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIONES.

Perda do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Serán tamén causas de perda da subvención:

A) A execución de obras sen contar coa correspondente licencia municipal de obras ou incumprindo o establecido na base 5.3 da presente convocatoria.

B) A incorrecta execución, a xuízo dos técnicos da Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo, das obras estipuladas na licencia ou nos modificados autorizados do orzamento.

C) A realización de obras non autorizadas e executadas sen o coñecemento previo dos técnicos supervisores do programa.

D) O impedimento do control e supervisión da obra polo técnicos supervisores do Programa.

E) O incumprimento do prazo establecido do 12 de Novembro de 2010 para a execución e remate das obras.

Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Serán tamén causa de reintegro:

1.- Pola colocación, sen contar coa preceptiva Licencia Municipal, de letreiros, rótulos ou carteis e/ou pola instalación de aparellos de aire acondicionado, tendais, antenas de TV ou outros elementos descontextualizados en fachadas que non estean permitidos ou non cumbran o establecido polas normas urbanísticas de aplicación nos 5 anos seguintes contados a partir da data de pagamento da subvención.

2.- Pola execución de obras de calquera tipo sen contar coa preceptiva Licencia Municipal, por non axustarse ao autorizado nela ou por desfacer ou alterar, de xeito significativo, nos 5 anos seguintes contados a partir da data de pagamento da subvención.

3.- Pola demolición ou desmontaxe do edificio nos 5 anos seguintes contados a partires da data de pagamento da subvención.

4.- Polo peche e inactividade do local comercial por un período superior ós seis meses continuados ou vintecatro meses resultantes da suma dos períodos de inactividade acumulados nos 5 anos seguintes contados a partir da data de pagamento da subvención.

5.- Por ser o local obxecto de sanción firme por incumprimento da Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións nos tres anos seguintes contados a partir da data de pagamento da subvención.

VIXÉSIMA SEGUNDA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo, como administración concedente da subvención.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2010, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

152(774).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS AXUDAS Á REHABILITACIÓN DE FACHADAS E CUBERTAS DE EDIFICIOS E LOCAIS COMERCIAIS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN PEPRI BARRIO HISTÓRICO DE BOUZAS, ANO 2010. EXPTE. 5531/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 28.04.10, o informe de fiscalización, do 6.05.10, e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio

Histórico, do 19.04.10, conformado polo delegado da Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións á rehabilitación de fachadas e cubertas de edificios e locais comerciais na Área de rehabilitación PEPRI Barrio Histórico de Bouzas, para o ano 2010.

Segundo.- Autorizar, ao indicado fin, o gasto de 135.000 euros, con cargo á partida 3360.7800001 (subvencións edificios históricos Berbés e Bouzas), do vixente orzamento xeral do Concello.

Bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de subvencións á rehabilitación de fachadas e cubertas de edificios e locais comerciais na área de rehabilitación PEPRI do barrio de Bouzas.

O artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que o municipio exercerá, en todo caso competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma en materia de patrimonio histórico-artístico.

En concreto, o Servizo de Patrimonio Histórico considera que é necesario realizar unha serie de actuacións cara á protección do patrimonio arquitectónico do Barrio Histórico de Bouzas, no marco do seu Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI), que contribúan ao proceso de recuperación da súa “Área de Rehabilitación de Centro Histórico” (ARCH), mediante a rehabilitación e recuperación de construcións no ámbito do barrio.

En relación cos proxectos encamiñados ao fomento e promoción do barrio de Bouzas da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2010 consignan, na partida orzamentaria 3360.7800001, un crédito por un importe total de 255.000 euros, dos que 135.000 euros (cento trinta e cinco mil euros), o Concello de Vigo a través da Concellería de Patrimonio Histórico destina a colaborar na financiamento da actividade de rehabilitación do barrio de Bouzas.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases e convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuir a financiar os gastos orixinados pola mellora da imaxe exterior de locais comerciais e as obras de rehabilitación e tratamento de fachadas, paredes medianeiras, cubertas e elementos singulares dos inmobles de interese histórico, arquitectónico ou paisaxístico situados no ámbito do barrio histórico de Bouzas da cidade de Vigo, que se realicen no ano 2010.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable corresponden á mellora xeral da imaxe externa das plantas baixas comerciais e os custos de execución das obras necesarias para a limpeza, mantemento, adecuación, reforma e/ou restauración para acadar as axeitadas condicións de salubridade, seguridade e ornato de fachadas, paredes medianeiras, peches de predios, galerías, cubertas e, en xeral, daqueles elementos da edificación visibles dende a vía pública .

En concreto, as actuacións protexíbels son as seguintes:

1.- As obras para as que se solicitan axudas deberán estar comprendidas nun ou máis dos seguintes apartados:

A) Limpeza, xuntado, arranxo, eliminación de aplacados, impermeabilización e -se fora o caso- revoco e/ou pintura de fachadas e paredes medianeiras.

B) Reparación, reposición ou instalación de portas, portalóns, xanelas, galerías, balcóns, miradoiros, reixas, varandas e/ou escaparates.

C) Reparación ou reposición de canles, baixantes e protección de baixantes de augas pluviais.

D) Limpeza, mantemento, adecuación ou substitución de cubertas e/ou dos elementos que se atopan sobre delas.

E) Impermeabilización de terrazas que cumpran a función de cuberta sobre vivendas existentes no piso inferior.

F) Reelaboración de vans e/ou reposición de carpinterías dos locais comerciais ou de oficinas de conformidade coa composición arquitectónica do conxunto da fachada conforme ao autorizado pola Comisión do PEEC e/ou a Licencia Municipal de Obras.

G) Retirada, adaptación ou instalación de toldos, letreiros, rótulos e/ou carteis publicitarios conforme a ordenanza de aplicación, eliminación e ou adaptación de elementos descontextualizados (marquesiñas, caixas de persiana, etc...) existentes na fachada e retirada ou simulación de aparellos de climatización.

H) Pavimentos exteriores e vestíbulos de acceso.

I) Reparación, reposición ou substitución de chemineas de evacuación de gases e fumes

2.- Nas actuacións teranse en conta as consideracións seguintes:

A) As actuacións sobre cubertas, terrazas sobre vivendas, galerías, paredes medianeiras ou outros elementos singulares ou comúns do ámbito externo dos edificios soamente serán obxecto de axuda cando sexan o único elemento que quede pendente de rehabilitación; á marxe deste suposto, as obras necesarias de ditas actuacións deberán ser executadas xunto coa fachada principal do edificio ou, caso de tela xa restaurada, xunto a calquera outra fachada que sexa vista dende a vía pública.

B) Nas actuacións relativas aos locais terán preferencia os locais con actividade no momento de facer a solicitude.

C) Nas actuacións relativas aos edificios terán preferencia aqueles que teñan presentado o informe técnico correspondente á Inspección Técnica de Edificacións (ITE) e do mesmo se derive a necesidade de execución de obras.

D) Nas solicitudes relativas aos edificios que coincidan con solicitude para local, a suma dos importes das subvencións a outorgar a cada un deles non poderá superar o importe máximo establecido para os edificios na base oitava punto 4) desta convocatoria; neste suposto, aos efectos de avaliación e establecemento do importe da subvención a outorgar, unificaranse as solicitudes e avaliaranse coma unha única solicitude para o edificio no que se sitúa o local coa excepción feita de que neste se teña previsto unha recomposición de vans, suposto no que trataríanse as solicitudes de xeito individual.

E) A execución de calquera das obras protexidas contará coa preceptiva Licencia Municipal de Obras e calquera outra autorización ou Resolución Administrativa necesaria conforme á Normativa de aplicación que afecte ao edificio; asemade deberá garantir a súa coherencia técnica e construtiva co estado do edificio e coas restantes obras que puidesen realizarse.

F) Para o outorgamento da subvención terase en conta a aparencia orixinal do local ou edificio co fin de conseguir á súa restauración na medida do posíbel no caso de que teña sufrido, a través das intervencións que se fixeran no paso do tempo, engadidos ou modificacións que os desvirtúen.

G) Deberán retirarse ou disimularse nas fachadas calquera tipo de cabreado e/ou antenas de T.V. e letreiros, rótulos e elementos desconformes que non se axusten á Ordenanza de aplicación. Os/as propietarios/as do local ou edificio deberán asumir o compromiso de evitar as tales instalacións e preservar as condicións estéticas dos mesmos sobre calquera tipo de intervención ou instalación que no futuro se puideran pretender.

3.- De xeito xeral, para os traballos de limpeza da pedra labrada e con detalles ornamentais non se admitirá, salvo excepcións tecnicamente xustificadas, o chorro de auga a presión, que soamente poderá utilizarse preferentemente con sistema de auga quente cando a pedra non estea labrada e sempre con maquinaria que conte cun axeitado control da presión de traballo.

Nos soportes de pedra descártanse expresamente de xeito xeral sistemas de limpeza mediante chorro de area tradicional, abuxardado ou serra de amolar.

4.- A concesión das axudas reguladas por estas bases condicionase á mellora da imaxe exterior do local ou edificio e a súa adaptación á normativa vixente.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 135.000 euros (cento trinta e cinco mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria para 2010; 3360.7800001 (subvencións edificios históricos Berbés e Bouzas). Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31. 2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O beneficiario deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, non se poderá superar o 75% do orzamento protexíbel.

QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar e obter estas axudas as persoas físicas ou xurídicas que reúnan algunha das seguintes condicións:

1.- DAS PERSOAS SOLICITANTES:

A) Ser propietarias ou copropietarias, arrendatarias, usufrutuarias ou representantes debidamente autorizados pola propiedade do local ou edificio.

B) Estar libre de calquera tipo de débedas co Concello de Vigo e coa Seguridade Social, Axencia Tributaria e Facenda da Xunta de Galicia. No suposto de Comunidades de Propietarios, Comunidades de Bens, sociedades ou calquera outra figura xurídica que ostente ou comparta a propiedade do inmovible, o requisito ao que se fai referencia neste apartado deberá ser cumprido non só pola figura xurídica de que se trate senón tamén por todas e cada unha das persoas físicas que a integren.

C) Non incorrer en ningún dos supostos do artigo 10.2 e 10.3 e cumprir coas obrigas que se recollen no artigo 11, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

D) Non ter sido beneficiarios de axudas para o mesmo fin –total ou parcialmente- nos cinco anos anteriores á data de solicitude da axuda actual; non se consideran afectadas por este suposto as persoas cuxa solicitude de subvención teña por obxecto a execución de obras complementarias de outras que xa foran executadas con anterioridade, con ou sen subvención, e que estean encamiñadas a completar a rehabilitación do ámbito externo dos edificios.

E) Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento da obra mediante a colocación dun cartel e/ou unha placa ou adhesivo normalizados, segundo as especificacións da Concellería de Patrimonio de Vigo, que permanecerán instalados cando menos dende a aprobación da axuda ate o seu pagamento no caso do cartel e durante un ano a contar dende a data de pagamento da subvención no caso da placa ou adhesivo.

F) Asumir o compromiso para garantir no futuro o mantemento das obras, da aparencia do local ou do edificio nunhas axeitadas condicións estéticas de acordo coas determinacións da ordenanza de aplicación e consonte coas obras executadas.

G) Os titulares de locais comerciais que, por resolución firme, fosen sancionados por incumprimento da Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións nos 5 anos anteriores á data de solicitude da subvención non poderán obter estas axudas para obras subvencionables que afecten exclusivamente ao local.

2.- DOS EDIFICIOS E LOCAIS:

A) Estar situados dentro do ámbito de actuación definido na base primeira.

B) Ter o edificio unha antigüidade superior aos 25 anos.

C) Estar en axeitadas condicións de seguridade estrutural ou, de ser o caso, ter previsto a execución das obras necesarias que a garantiran, cando menos, xunto coas obras de rehabilitación para as que se solicita a axuda.

D) Ter presentado o informe técnico correspondente á Inspección Técnica de Edificacións (I.T.E.) naqueles casos nos que lles correspondera pola antigüidade do edificio

3.- DAS ACTUACIÓNS:

A) As actuacións non poderán iniciarse mentres non se notifique o outorgamento da subvención ou non se poña en coñecemento da Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo a execución das mesmas.

B) Estas subvencións poderán ser declaradas compatíbeis, previo informe da Oficina de Rehabilitación, con outras axudas por obras, solicitadas ou provisionalmente aprobadas, cuxa xestión corresponda á oficina de rehabilitación.

C) Contar coa preceptiva Licencia Municipal de Obras e/ou con calquera outra autorización municipal ou administrativa que sexa necesaria para o seu desenvolvemento.

D) Estar previstas nas Actuacións Protexíbeis indicadas na base segunda desta convocatoria.

E) Incluír a eliminación e reordenación de antenas de T.V., na medida do posíbel, fóra das fachadas e nunha localización que garanta o menor impacto visual.

F) Incluír a eliminación do cabreado de T.V. e a reordenación, na medida do posible, do cabreado de calquera outro servizo tendido sobre as fachadas co fin de garantir o menor impacto visual.

G) Incluír a eliminación ou disposición e deseño axeitado, na medida do posible, de rótulos, toldos, cerramentos, aparellos de aire acondicionado, focos e alarmas de seguridade co fin de garantir o menor impacto visual e o cumprimento da normativa urbanística de aplicación.

H) Incluír a eliminación de elementos descontextualizados e/ou marquesiñas.

I) Ser realizadas conforme á relación de partidas de obra e materiais especificados na memoria e/ou orzamento presentados para o outorgamento da subvención e/ou de acordo coas modificacións que teñan sido propostas e informadas favorablemente polo técnico adscrito ao Programa.

SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- 1º.- Realizar a actividade subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude.*
- 2º.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.*
- 3º.- Empregar a lingua galega na realización das actividades subvencionadas, caso de que tal utilización se tivese invocado e avaliado como mérito no procedemento de concesión da subvención.*
- 4º.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.*
- 5º.- En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.*

SÉTIMA.-CONTRATACIÓN DAS OBRAS.

- 1.- As obras serán contratadas polo particular cunha empresa da súa elección. O beneficiario/a informará á Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo de calquera cambio que en relación coa execución da obra se poida producir durante o prazo de execución, sen que se poidan alterar as partidas previstas no orzamento aprobado.*
- 2.- Soamente se poderá autorizar a modificación de partidas inicialmente previstas, cando contén co informe favorábel do técnico adscrito ao Programa, sexan susceptibles de obter licenza e as novas partidas supoñan unha clara mellora respecto das anteriores.*
- 3.- No suposto de que unha das modificacións autorizadas implique unha redución na contía do orzamento, ou por mor de trocar a empresa adxudicataria das obras se reduza a contía inicialmente prevista no orzamento, este será obxecto de estudio conforme ao regulado nas bases oitava e novena desta convocatoria co fin de establecer, de ser o caso e, mediante os informes necesarios, a nova contía da axuda.*
- 4.- As obras a realizar deberán abranguer todas as actuacións necesarias a criterio dos técnicos da Oficina de Rehabilitación e/ou adscritos ao programa para intervir de xeito completo sobre os elementos que conforman a fachada a conservar ou restaurar incluíndo xenericamente, e como intervencións básicas imprescindíbeis nas actuacións en fachadas de edificios, a limpeza xeral, tratamento hidrófugo e/ou adecuación do propio soporte, arranxo e pintado da carpintería, arranxo e pintado da ferraxería e revisión ou substitución de canles e baixantes.*
- 5.- Deberase achegar memoria valorada ou orzamento nos que de xeito detallado se diferenciarán cada unha das partidas posíbeis en cada unha das actuacións e desagregarase en cada unha delas, de xeito detallado, cada unidade de obra coa medición e o prezo unitario correspondentes.*
- 6.- En cumprimento do previsto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de*

custo por execución de obra, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención ou xa este expediente aberto na Oficina de Rehabilitación con aprobación correspondente segundo prezos da Base Oficial de prezos da Construción en Galicia.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude da subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente cunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Unha vez publicado o acordo de aprobación da subvención, e tendo aprobada a licenza de obra e as autorizacións que correspondan, os/as solicitantes deberán comunicar á Oficina de Rehabilitación do Concello de Vigo con dez días de antelación, o inicio das obras.

7.- Coa finalidade de garantir o axeitado seguimento das axudas, a solución de posíbeis incidencias e a coordinación entre o/a beneficiario/a da axuda, a Oficina de Rehabilitación do Concello de Vigo e a/as empresa/s adxudicataria/s das obras, esta/s última/s nomeará/n un representante único encargado da coordinación co técnico adscrito ao programa.

8.- As obras deberán rematarse no prazo acordado entre o particular e a empresa que figurará na documentación presentada e sempre antes do 12 de novembro de 2010.

9.- Finalizada a execución das obras, e no prazo de 10 días hábiles seguintes, o/a beneficiario/a xustificará os gastos da actuación achegando os orixinais das facturas, e solicitará por escrito na Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo a inspección das mesmas polo técnico supervisor. Este realizará un informe final das obras conforme se axustan á memoria valorada ou orzamento finalmente autorizado e cumpren, de ser o caso, os condicionantes establecidos no outorgamento da subvención. O informe realizarase nun prazo máximo de 15 días dende a recepción na Oficina de rehabilitación do aviso do particular da finalización das obras.

OITAVA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

Para efectuar as propostas de concesión das subvencións a Comisión avaliadora establecerá unha prelación entre elas atendendo aos seguintes criterios:

1.- As solicitudes que finalmente resulten admitidas no procedemento de concesión das subvencións, por cumprir, dentro dos prazos de subsanación que ao efecto se concedan, tódolos requisitos esixidos para participar no mesmo, ordenaranse en función da puntuación obtida de acordo cos criterios establecidos no apartado segundo desta base. En caso de empate observaranse os seguintes criterios:

— Nas actuacións relativas aos locais terán preferencia os locais con actividade no momento de facer a solicitude.

— Nas actuacións relativas aos edificios terán preferencia aqueles que teñan presentado o informe técnico correspondente á Inspección Técnica de Edificacións (ITE) e do mesmo se derive a necesidade de execución de obras.

— De persistir o empate será preferida a solicitude de data anterior sobre a posterior.

2.- Establécese unha subvención lineal e a fondo perdido aplicable sobre o orzamento protexíbel, cos límites reflectidos na base oitava, cun importe inicial do 50% do mesmo que poderá incrementarse conforme ó cadro que segue, cun límite máximo de ata o 70% de dito orzamento protexíbel.

Polo nivel de protección do edificio	%
Integral ou Estructural	10
Ambiental	6
Nulo o negativo	1
Por tipo de actuación	%
Actuación integral para a mellora das condicións de ornato, seguridade e salubridade na totalidade do ámbito externo do inmovible	10
Actuación conxunta de fachada e cuberta	7
Restauración vans en plantas baixas	5
Actuación no edificio ou baixo comercial, complementaria a outras, encamiñada a completar á rehabilitación da/s fachada/s do edificio.	5
Adaptación de letreiros, rótulos, toldos, etc., á ordenanza de aplicación e/ou eliminación de antenas e cabreados de TV e elementos descontextualizados das fachadas	5
Por actividade do local	%
Con actividade en planta baixa distinta de Café Bar con música, pub ou semellantes no momento da solicitude.	5

3.- Dentro dos criterios de valoración polo nivel de protección do edificio e polo tipo de actuación so se outorgará valoración por un só nivel de protección e por un só tipo de actuación, que se considerarán como puntos a efectos de avaliar as solicitudes no proceso de selección, e se sumarán a efectos de determinar o tanto por cento da subvención. Aos puntos resultantes se lle poderá sumar, no caso de “actividade no local” os que procedan por este criterio. No caso de que a axuda solicitada se refira a obras afectantes a locais sumaranse os puntos que procedan polos criterios de “nivel de protección”, “tipo de actuación” e “actividade no local” sen que en ningún caso poidan superar os setenta puntos.

4.- De xeito xeral, a axuda non poderá superar en ningún caso os 12.000 euros para as actuacións individualizadas nos locais comerciais nin os 30.000 euros nas relativas ós edificios.

5.- De xeito excepcional e, a proposta da Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo, poderase incrementar a contía máxima da axuda para executar as obras de rehabilitación de todas as fachadas do edificio soas ou xunto coas obras de cuberta, galerías, conxuntos de carpinterías ou de cerrallería e/ou baixos comerciais ata un máximo de 40.000 euros cando se xustifique, mediante o correspondente informe técnico, o interese arquitectónico, histórico ou ambiental do edificio e cando o orzamento de execución material das citadas obras sexa superior ós 120.000 euros (IVE incluído).

6.-En ningún caso as axudas a percibir pola mesma actuación ao abeiro de distintas axudas poderán superar o 75% do orzamento protexíbel, procedendo en caso de que tal exceso se produza a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, o reintegro da diferenca.

7.- O orzamento protexíbel é o custo real das obras consideradas coma protexíbel conforme coa segunda das bases da presente convocatoria, e estará determinado polo orzamento de contrata das mesmas (Custo de execución material, máis 13% de gastos xerais, máis 6% de beneficio industrial) máis o IVE. correspondente así como honorarios facultativos e tributos satisfeitos por razón das actuacións. O orzamento presentado será revisado segundo a Base de prezos da construción en Galicia.

Establécense como contías mínimas do orzamento protexíbel de cada actuación 1.000 euros para as individualizadas nos locais, e 3.000 euros nos edificios.

Establécense como contías máximas do presuposto protexíbel para cada actuación as seguintes:

- a) Para o conxunto de actuacións integrais para a mellora das condicións de ornato, seguridade e salubridade na totalidade do ámbito externo do inmovible; comprendido este polos seus elementos comúns e singulares: 60.000 euros.
- b) Para actuacións en fachadas e/ou paredes medianeiras: 30.000 euros.
- c) Para actuacións en cubertas e/ou terrazas que sexan cubertas de vivendas: 18.000 euros.
- d) Para actuacións en galerías, miradoiros e conxuntos de carpintería ou ferraxería: 12.000 euros
- e) Para actuacións individualizadas en locais comerciais: 12.000 euros que poderanse incrementar ata os 18.000 euros cando inclúan a reestruturación de vans.

NOVENA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIONES.

Establecerase unha prelación entre as solicitudes presentadas en función da puntuación obtida, segundo os baremos da base oitava, resultado da ITE, actividade no local, e data da solicitude en impreso normalizado que figura como anexo ás presentes bases. A concreta contía a percibir por cada beneficiario virá determinada polos criterios sinalados nos parágrafos 1 e seguintes da base anterior e, eventualmente, pola concorrencia doutras subvencións que podan determinar a redución da que procedese outorgar de acordo cos devanditos criterios. Consumida que sexa a cantidade total prevista para estas axudas polas subvencións que proceda outorgar aos solicitantes admitidos ao procedemento, de acordo cos criterios sinalados, en función da súa prelación, non se concederán máis subvencións, sen prexuízo da eventual posibilidade de obtención de subvención en caso de liberación de crédito suficiente que se contempla na base décimo sexta.

DÉCIMA.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 30 días naturais dende o día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

DÉCIMO SEGUNDA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

1.- As solicitudes das axudas presentaranse por duplicado, para o seu posterior rexistro no Concello de Vigo, na Oficina de Rehabilitación do Concello de Vigo, sita na Praza da Princesa nº 7 - 1º dta.

A Oficina de Rehabilitación facilitará a información e asesoramento necesario para acceder a estas axudas, de xeito presencial, a través do Tfno. 986442560, do Fax 986442561 ou do e-mail: urb.rehabilitacion@vigo.org.

A instancia de solicitude será asinada polo solicitante ou o seu representante que deberá acreditar a súa representación por calquera medio válido en dereito.

2.- Os solicitantes deberán presentar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

A) Fotocopia do DNI ou NIF do/da solicitante ou do/da representante autorizado/a.

B) Documentación acreditativa da propiedade ou dereito de uso o dereito sobre o local ou edificio.

C) Orixinal da memoria valorada e/ou orzamento da intervención para a que se solicitan as axudas, conforme ao disposto na base sétima, relativa á contratación das obras.

D) Certificado orixinal de conta corrente expedido pola entidade bancaria elixida polo solicitante para que a Concellería de Patrimonio Histórico ingrese o importe da subvención.

E) Certificación orixinal ou copias compulsadas de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, Axencia Tributaria e Facenda da Xunta de Galicia e das súas obrigas para coa Seguridade Social. As familias e as entidades sen ánimo de lucro poderán acreditar esta circunstancia mediante unha declaración responsable.

F) Declaración responsábel de non incorrer en causa ningunha das prohibicións para ser beneficiario de subvención sinaladas no artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.

G) Declaración responsábel sobre a concesión ou solicitude doutras axudas desta ou doutras administracións para o mesmo fin, indicando o importe, data e a entidade concedente.

H) Licencia de Actividade do local e Licencia de Obras para as que se solicita a axuda, ou no seu caso.

I) Cando corresponda pola antigüidade do edificio, Informe da Inspección Técnica de Edificacións (I.T.E.) ou, no seu defecto e de ser o caso, certificado ou informe de exención.

J) Para os casos de co-titularidade na propiedade (Comunidades de propietarios ou veciños, Comunidades de Bens, Sociedades, etc.):

- a) *Relación co nome, apelidos, DNI e porcentaxe de participación de todas e cada unha das persoas físicas que as integran.*
- b) *Copia da Acta ou certificación do secretario relativa á xunta ou asemblea pola que se nomea ao Presidente, ao representante da comunidade, de ser o caso, e acordo dos propietarios sobre as obras solicitadas.*
- c) *Copia da Acta ou escritura de constitución da Comunidade, Sociedade, etc.,*
- d) *Fotocopia da escritura de División Horizontal do edificio.*

K) *Para os solicitantes inquilinos ou titulares de outros dereitos de uso do local:*

- a) *Fotocopia do contrato de arrendamento*
- b) *Autorización escrita da propiedade do edificio para realizar as obras obxecto desta Norma reflectidas no orzamento que se presenta.*

L) *A documentación que lle sexa esixible ao beneficiario, de acordo coa lexislación mercantil e/ou sectorial aplicable e co disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

3.- *A presentación da solicitude de subvención implica a aceptación dos condicionantes e obrigas establecidas na presente convocatoria, así como a autorización para acadar os datos en poder das administracións públicas que sexan necesarios para a tramitación da solicitude.*

DÉCIMO TERCEIRA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 15 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

DÉCIMO CUARTA.- REFORMULACIÓN DAS SOLICITUDES.

O Concello de Vigo poderá instar aos solicitantes de subvencións a modificar os proxectos de obra para os que se solicita a mesma a fin de abranguer todas as actuacións consideradas necesarias, a criterio dos técnicos da Oficina de Rehabilitación ou adscritos ao programa, para intervir de xeito completo sobre os elementos que conforman o inmovible a conservar ou restaurar.

DECIMO QUINTA.- PUBLICIDADE.

Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ao boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Publicidade das subvencións concedidas.

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente diario oficial, cando a súa contía sexa de 3.000 € ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, o listado de tódalas axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web www.vigo.org e exposto no taboleiro de anuncios da Oficina de rehabilitación e da Concellería de Patrimonio Histórico.

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse na Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo sita na Praza da Princesa nº 7 - 1º dta. e na propia paxina web do Concello de Vigo.

Publicidade do financiamento público.

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán emprega-lo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Patrimonio Histórico– Concello de Vigo”.

DÉCIMO SEXTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

A Concellería de Patrimonio Histórico será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución con base no informe da Comisión Avaliadora.

Presentada a documentación que se solicita na base décimo segunda desta convocatoria, o técnico asignado expresamente a este programa, realizará unha visita de inspección ao edificio ou local para comprobar o estado da edificación e a necesidade das actuacións propostas, realizando un informe sobre a idoneidade da intervención para a que se solicita axuda e a súa adaptación aos requisitos previstos na convocatoria.

A avaliación das solicitudes se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Delegado da Área de Patrimonio Histórico, a Directora da Oficina de Rehabilitación, un técnico da Oficina de Rehabilitación, a Xefa de Servizo de Patrimonio Histórico, que actuará como secretaria, e o inspector asignado para o seguimento das obras deste programa.

A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Patrimonio Histórico, como órgano instrutor, formulará proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de

prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificarase ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A resolución de concesión ademais de conter os solicitantes aos que se concede a subvención e a desestimación expresa das restantes solicitudes, incluírá unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de beneficiario, non teñan sido estimadas por rebasarse a contía máxima do crédito fixado na convocatoria, con indicación da puntuación outorgada a cada unha delas en función dos criterios de valoración previstos na mesma.

Neste suposto, se como consecuencia de renuncia ou perda do dereito ao cobro da subvención por algún dos beneficiarios, se liberase crédito para atender total ou parcialmente a solicitude ou solicitudes denegadas, a Xunta de Goberno Local concedente acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ao licitante ou solicitantes seguintes a aquel en orde da súa puntuación.

A concellería de patrimonio Histórico comunicará esta opción aos interesados, a fin de que accedan á proposta de subvención no prazo improrrogable de dez días. Unha vez aceptada a proposta por parte do solicitante ou solicitantes, a Xunta de Goberno Local ditará o acto de concesión e procedera á súa notificación.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

Os beneficiarios/as das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Patrimonio ou a Oficina de rehabilitación a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

DÉCIMO SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

1.- A xustificación da actuación constitúe un acto obrigatorio da beneficiaria da subvención, e debe realizarse nos 10 días hábiles seguintes á finalización das obras. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que se incluírá, baixo a responsabilidade da declarante, os orixinais das facturas ou xustificantes de gasto desagregados ou calquera outro documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

2.- As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

3.- Cando a beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da actuación, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal (artigo 73 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003), indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante imputase total o parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e se procederá á devolución do orixinal.

3.- O incumprimento da obriga de xustificación da execución das obras nos termos establecidos na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a xustificación insuficiente da mesma, de ser o caso, provocará a perda do dereito a percibir o importe da subvención ou, no seu caso, a obriga do reintegro da subvención concedida nas condicións previstas no Artigo 33 da citada Lei.

DÉCIMO OITAVA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da mesma será comprobada polos servizos da Oficina de Rehabilitación. A directora da Oficina de Rehabilitación emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DÉCIMO NOVENA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

Os beneficiarios deberán facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Patrimonio Histórico e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

VIXÉSIMA.- PAGAMENTO.

O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación polo beneficiario da actividade para a que se concedeu a subvención.

Antes de proceder ao pago da subvención o beneficiario deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social (Concello de Vigo, Xunta de Galicia, Axencia tributaria e Seguridade Social) e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art. 31.7.e

da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, cando se trate de subvencións a familias ou entidades sen ánimo de lucro.

A solicitude de pagamento e a xustificación do gasto polo/a solicitante da axuda, e o informe favorable da Oficina de rehabilitación sobre as obras executadas, darán lugar ao pagamento da subvención.

O ingreso do importe da subvención farase efectivo por transferencia bancaria que se efectuará na conta corrente da que se presentou certificación para a tramitación do expediente de subvención, unha vez teña á conformidade do servizo de intervención do Concello de Vigo.

Previa comunicación ao Concello de Vigo o beneficiario da subvención poderá ceder o seu dereito ao cobro da subvención —sempre subordinado a xustificación da mesma— á entidade adxudicataria das obras subvencionadas.

VIXÉSIMA PRIMEIRA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

Perda do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Serán tamén causas de perda da subvención:

A) A execución de obras sen contar coa correspondente licenza municipal de obras ou incumprindo o establecido na base 5.3 da presente convocatoria.

B) A incorrecta execución, a xuízo dos técnicos da Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo, das obras estipuladas na licenza ou nos modificados autorizados do orzamento.

C) A realización de obras non autorizadas e executadas sen o coñecemento previo dos técnicos supervisores do programa.

D) O impedimento do control e supervisión da obra polo técnicos supervisores do Programa.

E) O incumprimento do prazo establecido do 12 de Novembro de 2010 para a execución e remate das obras.

Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Serán tamén causa de reintegro:

1.- Pola colocación, sen contar coa preceptiva Licencia Municipal, de letreiros, rótulos ou carteis e/ou pola instalación de aparellos de aire acondicionado, tendais, antenas de TV ou outros elementos descontextualizados en fachadas que non estean permitidos ou non cumpran o establecido polas normas urbanísticas de aplicación nos 5 anos seguintes contados a partir da data de pagamento da subvención.

2.- Pola execución de obras de calquera tipo sen contar coa preceptiva Licencia Municipal, por non axustarse ao autorizado nela ou por desfacer ou alterar, de xeito significativo, nos 5 anos seguintes contados a partir da data de pagamento da subvención.

3.- Pola demolición ou desmontaxe do edificio nos 5 anos seguintes contados a partires da data de pagamento da subvención.

4.- Polo peche e inactividade do local comercial por un período superior ós seis meses continuados ou vintecatro meses resultantes da suma dos períodos de inactividade acumulados nos 5 anos seguintes contados a partir da data de pagamento da subvención.

5.- Por ser o local obxecto de sanción firme por incumprimento da Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións nos tres anos seguintes contados a partir da data de pagamento da subvención.

VIXÉSIMA SEGUNDA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo, como administración concedente da subvención.

A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerá pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2009, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

153(775).- EXECUCIÓN DE SENTENZA DO XULGADO DO SOCIAL Nº 3 DE VIGO NO PROCEDIMENTO 4/2010, SOBRE DESPIDO DE ISABEL PÉREZ RODRÍGUEZ. EXPTE. 19833/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 6.05.10, dáse conta do informe proposta da técnico de Xestión, do 5.05.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 8 de marzo de 2010, o Xulgado do Social Nº 3 de Vigo, ditou sentenza en relación coa demanda interposta por D^a M^a Isabel Pérez Rodríguez contra o Concello de Vigo por Despido, na que se falla literalmente que:

“Estimando la demanda interpuesta por D^a M^a ISABEL PÉREZ RODRÍGUEZ contra el AYUNTAMIENTO DE VIGO, debo declarar y declaro nulo el despido de la actora con fecha de efectos de 7.12.09, condenando a la parte demandada a estar y pasar por esta declaración y a que readmita a la trabajadora en iguales circunstancias a las que regían con anterioridad al despido y le abone los salarios de trámite desde la fecha de extinción hasta la notificación de la presente resolución, a razón de 53,15 €/día.”

3.- A demandante prestou servizos para o Concello de Vigo dende 18 de agosto de 2009, coa categoría profesional de Encargada do programa UTIL, finalizando a súa relación con data 2 de novembro de 2009, baixo a modalidade contractual de obra ou servizo determinado.

4.- Dende data 15 de maio a 18 de setembro de 2009, permaneceu en situación de IT por maternidade.

5.- A sentenza basea o seu fallo en que a actividade desenvolta no Plan de Emprego é unha actividade permanente non só porque exista unha concellaría específica dende fai tempo senón

porque as actividades dentro deses plans son continuadas e a parte actora ven desenvolvendo dende o inicio da súa contratación unha actividade propia e habitual do servizo de Promoción de Emprego Municipal. Así mesmo, o cese da interesada prodúcese dentro dos nove meses á data de nacemento do fillo da traballadora polo que conforme ao art. 55 do ET ten dereito a que o despido se declare nulo con independencia de que existan indicios ou non de violación de dereito fundamental.

6.- Como consecuencia dos anteriores feitos a interesada debe percibir os salarios de tramitación deixados de percibir dende 2 de novembro de 2009 ata 12 de maio de 2010, data na que se producirá a readmisión efectiva.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de vulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requirida por estes, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l’esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar que o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, efectúa no seu artigo 235 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa, a Sentenza do Xulgado do Social Número 3 de Vigo nº 156/2010, de data 8 de marzo de 2010.

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 02/01/2004, corresponde

á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal.

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Proceder a dar cumprimento á sentenza nº 156/2010 do Xulgado do Social Nº 3, nos autos 4/2010 seguidos a instancia de Dª Isabel Pérez Rodríguez de despido, debendo ser readmitida en iguais circunstancias ás que rexían con anterioridade ao despido.

SEGUNDO.- A readmisión farase efectiva o día 12 de maio de 2010.

TERCEIRO.- A contía correspondente a salarios de tramitación farase efectiva na vindeira nómina do mes de maio, segundo o seguinte desglose:

2009	CNAE	SS. Empresa	SS.Trabaj.	IRPF	A percibir
	2,00%	29,90%	6,35%	15%	
3.082,70	61,65	921,73 €	195,75 €	462,41 €	2.424,54 €
2010	1,65%	29.90%6	6,35%	15%	
6.856,35	113,13	2.050,05	435,38	1.028,45	5.392,52 €

CUARTO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L02) á seguridade social e pola Intervención Xeral a liquidación de IRPF.

QUINTO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 3 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa sentenza que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Servizo de Promoción Económica e Emprego, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

154(776).- PRODUCTIVIDADE POR ACUMULACIÓN DE FUNCIONS A Dª. CAROLINA VICENTE RODRÍGUEZ, 1º TRIMESTRE. EXPTE. 19792/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 21.04.10, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 12.04.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Mediante resolución de data 1 de xullo de 2008, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal resolveu encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, funcións de colaboración e apoio administrativo ao Técnico de Intervención D. Javier Muradás Blanco, á funcionaria municipal D^a Carolina Vicente Rodríguez, con núm. de persoal 22119, auxiliar de administración xeral adscrita á Intervención Xeral.

A devandita encomenda ten carácter provisional ata a cobertura dos postos de persoal administrativo vacantes actualmente na Intervención Xeral ou ata a unha organización do traballo do servizo de xeito diferente ao actual, e realízase sen prexuízo das funcións inherentes ao seu posto de traballo de auxiliar de administración xeral contidas na Guía de Funcións dos Postos de Traballo do Concello de Vigo plenariamente aprobada.

Baséase dita encomenda na petición de 22 de febreiro de 2008 do Técnico de Intervención, co conforme do Interventor Xeral, de que se lle encomenden provisionalmente á funcionaria D^a Carolina Vicente Rodríguez, auxiliar administrativa, funcións de colaboración e apoio administrativo ao citado funcionario D. Javier Muradás Blanco, responsable da xestión do Capítulo I do orzamento, xa que este, ata o mes de marzo de 2005, contaba co apoio administrativo de persoal auxiliar. Así mesmo, ata o mes de setembro do 2007 -data na que foi trasladado a outro servizo- outro dos técnicos de xestión do Concello, colaboraba na tramitación dos expedientes relacionados co Capítulo I; igualmente faise mención á necesidade de garantir o correcto funcionamento de Intervención Xeral, e dado que o breve prazo de tempo do que se dispón para a tramitación dos expedientes que afectan ao Capítulo I, debido a que requiren da participación de distintos servizos municipais antes da súa inclusión na nómina do persoal municipal.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 29 de setembro de 2008 (expte. 18407/220), acordou recoñecer á funcionaria D^a Carolina Vicente Rodríguez, auxiliar administrativa adscrita á Intervención Xeral (núm. persoal 22119), un complemento de produtividade anual por importe de 2.800,00, € a devengar trimestralmente, polos cometidos extraordinarios que ven desempeñando, segundo Resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 1 de xullo de 2008, previo informe acreditativo do servizo.

Recíbese no Servizo de Recursos Humanos, informe do Técnico de Intervención co conforme do Interventor Xeral, de data 6 de abril de 2010 7 de xaneiro de 2010, no que se informa que a funcionaria D^a Carolina Vicente Rodríguez desempeñou de xeito satisfactorio durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo do 2010 (1º trimestre), as funcións administrativas obxecto da encomenda, polo que procedería o aboamento da cantidade de 700,00 €.

Tendo en conta o recollido no art. 25 da Lei 30/84, en relación coa Disposición Final Cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, o art. 28 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2010, así como o art. 5 do R.D. 861/86, definen a produtividade como unha retribución complementaria non fixa nin periódica, establecida en función do especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario/a desempeñe o seu traballo, esixindo que a súa valoración se faga dende ditos parámetros obxectivos e atendendo tamén aos resultados ou obxectivos perseguidos polos correspondentes programas, sen que en

ningún caso as cantidades percibidas polo dito concepto en relación cun período determinado, orixinen dereitos individuais respecto de eventuais valoracións ou apreciacións para períodos sucesivos.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo e deberá ponderarse sempre en función do rendemento e dedicación do empregado proposto para a asignación sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

A Intervención Xeral efectuou reserva de crédito núm. 1257 en data 7 de xaneiro de 2010, por importe de 2.800,00 €.

De conformidade co previsto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, o órgano competente para a adopción de resolución en relación coas retribucións do persoal municipal é a Xunta de Goberno Local, a proposta do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, sempre que as retribucións teñan carácter complementario e non sexan fixas nin periódicas a excepción dos grupos nos que sexa competencia do Pleno, como recolle o apartado II a) 15 do Decreto da Alcaldía de data 5 de xullo de 2007, tendo en conta o expresado no informe que precede para o eventual suposto de que a Xunta de Goberno Local optase por dar aprobación a asignación dun complemento de produtividade á funcionaria D^a Carolina Vicente Rodríguez, PROPONSE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Outorgar á funcionaria D^a Carolina Vicente Rodríguez, auxiliar administrativa adscrita á Intervención Xeral e núm. persoal 22119, un complemento de produtividade correspondente ao 1º trimestre do ano 2010, por importe de 700,00 €, polos cometidos extraordinarios que ven desenvolvendo, segundo resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 1 de xullo de 2008, acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de setembro de 2008 e informe do técnico de Intervención Xeral de data 6 de abril de 2010, con cargo ao RC núm. 1257, da partida 12111500000.

Déase traslado do presente acordo á interesada, ao Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, asemade, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, por un prazo de dez días.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

155(777).- PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCIONS DE LUZ GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ, JUAN CARLOS ROMÁN CASAS, MARTA NÚÑEZ ABOY E ROSENDO COVELO ROMA. EXPTE. 19789/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 29.04.10, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 12.04.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen mingua das retribucións; e dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento dos Servizos municipais, en canto a xestión do mesmos, tramitación de expedientes administrativos, desenvolvemento e seguimento de programas dos servizos, etc, a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, o Concelleiro delegado de Xestión Municipal resolveu encomendar provisionalmente a distintos funcionarios municipais funcións propias doutros postos de traballo vacantes, con carácter estritamente provisional e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal estean adscritos, como das características inherentes ás prazas das cales son titulares.

- *Encomenda provisional de funcions a D^a. Luz Maria González Domínguez, con nº de persoal 13.853 e DNI 36087873E*

En Decreto de 13 de outubro de 2009, o Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal resolveu:

“Encomendar provisionalmente á funcionaria municipal D^a. Luz María González Domínguez, con nº de persoal 13.853, técnica de actividades turísticas adscrita ao Servizo de Animación Sociocultural, as funcións propias de xefe/a do Servizo de Animación Sociocultural, co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, con carácter estritamente provisional e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrita, como das características inherentes á praza da cal é titular.

A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto ata a incorporación do funcionario titular do posto de Xefe do Servizo de Animación Sociocultural da súa situación de baixa por I.T., e en todo caso ata o 31 de decembro do presente ano 2009, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

Da dita resolución foi dada conta á Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 23 de outubro do 2009.

En data 4 de Xaneiro de 2010, resolveuse encomendar provisionalmente á funcionaria municipal D^a. Luz María González Domínguez, con nº de persoal 13.853, técnica de actividades turísticas adscrita ao Servizo de Animación Sociocultural, as funcións propias de xefe/a do Servizo de Animación

Sociocultural, xa que o responsable do Servizo, D. José Ángel Hermida Fernández atopase de baixa por I.T., dende o pasado mes de agosto de 2009.

Dita encomenda, de carácter provisional, ten validez dende a data do decreto (4 de xaneiro de 2010) ata a incorporación do funcionario titular do posto de Xefe do Servizo de Animación Sociocultural da súa situación de baixa por I.T., e en todo caso ata o 31 de decembro do presente ano 2010, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de cadro de persoal anexas á Relación de Postos de Traballo.

Da Resolución se deu conta a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 2 de febreiro de 2010.

A proposta da citada encomenda baseábase na necesidade de manter o correcto funcionamento do Servizo de animación sociocultural, a xestión do mesmo en canto á tramitación de expedientes administrativos, desenvolvemento e seguimento dos programas e actividades socioculturais previstas e a xestión do orzamento do mesmo

En informe de data 11 de marzo de 2010, a Técnica do Servizo co conforme do Concelleiro delegado de Cultura e Animación Sociocultural detallan as funcións realizadas no período comprendido entre o 12 de decembro de 2009 e o 11 de marzo de 2010, concretadas en:

- Seguimento das actividades programadas en Nadal
- Contratación administrativa de todos os servizos da Cabalgata de Reis 2010-03-16
- Seguimento, control e organización do Entroido 2010
- Contratación administrativa dos servizos do entroido 2010
- Redacción de convenios
- Redacción da convocatoria e bases da subvención para actividades socioculturais 2010
- Liquidación de subvencións de actividades socioculturais 2009
- Contratacións diversas Auditorio ao aire libre de Castrelos
- Expedientes de contratación de gasto maior:
 - Bases técnicas Cabalgata de Reis 2011
 - Bases técnicas para contratar o servizo de xestión e ensinanzas da Escola Municipal de Danza e percusión tradicional do Concello de Vigo
 - Contratación das obras de reforma e adecuación do auditorio ao aire libre de Castrelos
- Encomenda provisional de funcións a D Juan Carlos Roman Casas (n de persoal 8349 e DNI 36011347V).

Con data 13 de xaneiro de 2010 a Xefa de Inspección de Tributos, co conforme da Sra. Concelleira-delegada de Economía e Facenda, remite a este Servizo de Recursos Humanos, solicitude de encomenda de funcións pola realización das funcións propias de Inspector Actuario a D. Juan Carlos Román Casas.

As necesidades do servizo da Inspección de Tributos para a tramitación dos procedementos de inspección, así como sancionadores correspondentes as infraccións tributarias como consecuencia das actuacións de comprobación e inspección, conlevan o necesario reforzamento provisional do mesmo con persoal coñecedor das materias, asuntos e expedientes que acotío son tramitados no mesmo, sempre que dispoña de titulación ao efecto, propoñéndose a tal obxecto a encomenda de

funcións propias dos funcionarios encadrados no subgrupo A2, ao funcionario D. Juan Carlos Román Casas, nº de persoal 8349, inspector administrativo, adscrito á Inspección de Tributos, o cal conta con titulación suficiente a tal efecto.

Por Resolución do Concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 21 de xaneiro de 2010, encomendouse provisionalmente ao funcionario D. Juan Carlos Román Casas, con nº de persoal 8349, inspector administrativo adscrito á Inspección de Tributos, funcións de Inspector Adxunto Tributos, posto que figura vacante na vixente relación de postos de traballo, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo

A dita encomenda de carácter provisional, ten validez dende a data do presente decreto ata que se proceda a súa cobertura definitiva ó estar incluída na oferta de emprego público do ano 2008, e en todo caso ata 31 de decembro do presente ano 2010, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións do cadro de persoal anexas á Relación de Postos de Traballo

Da devandita Resolución deuse conta a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 8 de febreiro de 2010.

En informe de data 5 de abril de 2010, no informe da Xefa do Servizo, as funcións levadas a cabo polo funcionario dentro da encomenda de funcións realizada, inherentes o posto de traballo de Inspector de Tributos, consistentes; entre outras, iniciación e tramitación dos procedementos tributarios, efectuando requirimentos e comunicacións os suxeitos pasivos, informándolle das súas obrigas e dereitos con transcendencia tributaria, exame da documentación presentada, dilixencias e trámite de audiencia, procedementos de comprobación limitada, formalización das actas polos distintos tributos locais e practicalas liquidacións; asemade de efectualos informes complementarios as actas estendidas pola desconformidade do suxeito infractor, etc, no período comprendido entre o 22 de xaneiro e o 31 de marzo de 2010

- *Encomenda provisional de funcións a D Rosendo Covelo Roma (N de persoal 23627 e DNI 36077859J)*

Segundo Resolución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal, de data 12 de maio de 2008, encomendouse provisionalmente ao funcionario administrativo de Administración xeral D. Rosendo Gonzalo Covelo Roma, con DNI 36077859-J e nº de persoal 23627, adscrito ao Servizo de Deportes, funcións de dirección administrativa do Verbum-Casa das Palabras, con dereito á percepción dun complemento de produtividade que se determine segundo o disposto nas vixentes Instrucións do cadro de persoal, previa proposta do servizo, considerando as necesidades organizativas do Verbum-Casa das Palabras que se demandan polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde, recollidas en escrito de 12 de maio do 2008, e ao abeiro do recollido no artigo 73.2 da Lei7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público,

Da devandita Resolución douse conta a Xunta de Goberno local , na súa sesión de data 19 de maio de 2008.

Na Resolución de data 12 de maio de 2008, sinalase que se lle encomendan as funcións de dirección administrativa do Verbum-Casa das palabras ao funcionario D Rosendo Gonzalo Covelo Roma, sendo clarexada dita acumulación en escrito do Coordinador da Tenencia de Alcaldía de data 17 de novembro de 2008, considerándose acumulado o posto de Director do Verbum-Casa das palabras (Expte 8030/333)

Na proposta do Coordinador da Tenencia de Alcaldía (Expte 1289-340) de data 5 de abril de 2010, relacionase os proxectos desenvolvidos polo funcionario D Rosendo G Covelo Roma no período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2010.

- Encomenda provisional de funcións a D^a Marta Núñez Aboy (N de persoal 78436 e DNI 36138380)

En data 25 de xaneiro de 2008, o concelleiro delegado de xestión municipal resolve encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, funcións de relativas á xestión da programación de artes escénicas e musicais da Unidade de Cultura á funcionaria municipal D^a Marta Núñez Aboy, con n^o de persoal 78.436, administrativa de admón. xeral adscrita á Unidade de Cultura, motivada na circunstancia de que o funcionario técnico de actividades culturais que ata o momento prestaba os seus servizos no dito servizo foi trasladado á Área de Servizos Xerais. A encomenda ten carácter provisional ata a cobertura do posto de traballo de técnico de actividades culturais que no seu momento quede vacante, e realízase sen prexuízo das funcións inherentes ao seu posto de traballo de administrativo de admón. Xeral contidas na Guía de Funcións dos Postos de Traballo do Concello de Vigo plenariamente aprobada.

De dita Resolución douse conta a Xunta de Goberno local na súa sesión de data 4 de febreiro de 2008.

En data 6 de abril de 2010, recíbese no Servizo de persoal expediente 12142-331 “Solicitud de produtividade por encomenda de funcións ao posto de técnico de actividades culturais do departamento de cultura 1^o Trimestre 2010”. Inclúese no expediente informe da relación de horas realizadas fora do horario habitual de traballo nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2010, asinado pola funcionaria e conformado polo xefe do servizo e o Concelleiro delegado da área de cultura e “solicitud de produtividade por encomenda de funcións 1^o trimestre ano 2010”, asinada polo xefe de servizo de Cultura e conformada polo concelleiro delegado da área de Cultura e Animación Sociocultural.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE n^o 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento legislativo posterior consonte á Disposición final cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, efectúa a Disposición derogatoria única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado no o art. 28 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2010, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

En igual senso, o artigo 5 do RD 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo

devenquen dereito individual algún verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais dos traballadores/as.

As vixentes Instrucións sobre Cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos para o exercicio 2009 , aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009 (BOP nº 53, do 18 de marzo de 2009) recollen expresamente unha detallada regulación do complemento de produtividade e dos requisitos para a súa percepción (Instrución Terceira, parágrafo sexto):

“En todo caso, retribuirase:

a) A actividade e dedicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia e necesidade debidamente acreditados, autorizada pola Alcaldía, tralo informe favorable da Xunta de Persoal, por importe equivalente ao do complemento de destino do posto acumulado.

Para a súa tramitación será imprescindible proposta do Xefe do Servizo, conformada polo Concelleiro/a Delegado/a da Área. O Xefe do Servizo deberá dar conta á Unidade de Persoal da finalización da acumulación no mesmo día na que se produza, remitindo á Unidade de Persoal informe no que se faga constar as tarefas desempeñadas correspondentes ao posto acumulado, así como a avaliación do desempeño das tarefas acumuladas.

En ningún caso poderase acumularse postos de inferior categoría.”

A produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados.

Na actualidade non existe no Concello mecanismo algún que permita efectuar unha avaliación do rendemento dos empregados públicos municipais –mecanismo a todas luces recomendable e case imprescindible aos efectos de que os devengos retributivos en concepto de produtividade se asignen consonte a criterios obxectivos. Lémbrese que a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, atópase na actualidade pendente de desenvolvemento normativo, tanto por parte do lexislador estatal como polas Comunidades Autónomas no seu marco competencial constitucionalmente asignado, polo que tampouco están definidos criterios legais que sirvan de orientación a estes efectos e que permitan a aprobación de mecanismos ou sistemas acordes coa vontade do lexislados e que sexan homoxéneos para a totalidade das Administracións Públicas.

- a) Segundo os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, a funcionaria D^a Luz González Domínguez non disfrutou de vacacións nin estivo de baixa por Incapacidade Temporal (enfermidade común), no período comprendido entre 12 de decembro de 2009 ao 11 de marzo de 2010. O complemento de destino do posto código 269 (Xefe do Servizo de Animación Sociocultural) supón un importe mensual de 732.74€ no ano 2009 e 734.94 € no ano 2010, polo que correspondería o aboamento en concepto de produtividade á funcionaria D^a Luz González Domínguez, con nº de persoal 23290 polo período comprendido entre o 12 de decembro de 2009 e o 11 de marzo de 2010 a cantidade de 2105,42€.*
- b) Con respecto a D Juan Carlos Roman Casas, o funcionario D Juan Carlos Roman Casas non disfrutou de vacacións e esta de baixa por I.T. dende o 12 de marzo de*

2010, polo que tendo en conta que o posto 287 “Inspector Adxunto Tributos” descríbese na vixente RPT cun Complemento de Destino 25 (Importe mensual 652,07 €/mes no ano 2010), correspondería aboar a cantidade de 1065.05 €, polo período comprendido entre o 22 de xaneiro ao 31 de marzo de 2010.

- c) No caso de D Rosendo G Covelo Roma non disfrutou de vacacións nin tivo baixa por I.T. dende o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2010 de 2010, polo que tendo en conta que o posto 51 “Director Verbum-Casa das Palabras” descríbese na vixente RPT cun Complemento de Destino 26 (Importe mensual 734.94 €/mes no ano 2010), correspondería aboar a cantidade de 2204,82 €, polo período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2010.
- d) D^a Marta Núñez Aboy, administrativa do Servizo de Cultura e Bibliotecas, non disfrutou de vacacións nin tivo baixa por I.T. dende o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2010 de 2010, polo que tendo en conta que o posto 191 Técnico Medio de actividades culturais e educativas ten un complemento de destino 25 (importe mensual 652.07 € ano 2010), correspondería aboar a cantidade de 1956,21 €, polo período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2010.

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 121.0.1500000-“Produtividade” con cargo ao RC 15510, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1) “Outorgar á funcionaria municipal D^a Luz González Domínguez, con nº de persoal 23290, técnica de actividades turísticas adscrita ao Servizo de Animación Sociocultural, un complemento de produtividade pola realización das funcións encomendadas segundo resolucións de data 13 de outubro de 2009 e 4 de xaneiro de 2009, no período comprendido dende o 12 de decembro de 2009 ao 11 de marzo de 2010; complemento retributivo que se fixa na cantidade de 2105,42€. conforme as vixentes Instrucións sobre Cadro de Persoal do Concello de Vigo, con cargo á partida orzamentaria 121.0.1500000 “Produtividade”.
- 2) Outorgar ao funcionario D Juan Carlos Roman Casas, con numero de persoal 8349 e posto de inspector administrativo de Tributos un complemento de produtividade pola realización das funcións encomendadas correspondentes ao posto de inspector adxunto de Tributos do Servizo de Inspección de Tributos polo período comprendido entre o 22 de xaneiro ao 31 de marzo de 2010, a cantidade de 1065.05 €.
- 3) Outorgar ao funcionario D Rosendo G Covelo Roma, con n de persoal 23627 e posto de Administrativo de Admon. Xeral , pola realización das funcións encomendadas correspondentes ao posto de Director do Verbum-Casa das palabras , un complemento de produtividade polo período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2010, a cantidade de 2204,82 €.
- 4) Outorgar a funcionaria D^a Marta Núñez Aboy, administrativa do Servizo de Cultura e Bibliotecas, co nº de persoal 78436 e posto de Administrativo de Admon. Xeral un complemento de produtividade pola realización das funcións encomendadas correspondentes ao posto 191 Técnico Medio de actividades culturais por importe de 1956,21 €, polo período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2010.

Déase traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Editos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

156(778).- PROXECTO DE CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DOS ALUMNOS DO “MÁSTER EN ENXEÑERÍA DA EDIFICACIÓN E CONSTRUCIÓNS INDUSTRIAIS”. EXPTE. 19836/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 5.05.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Autorizar a sinatura do convenio entre D Carlos López Font, concelleiro delegado de Área de Xestión Municipal do Concello de Vigo, segundo Decreto de delegación de Alcaldía de 2 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local do 16 de xullo de 2007 e D. Iván C. Area Carracedo, vicerreitor de Relacións Institucionais (R.R. 11/07/06), para a regulación da realización de prácticas que realicen os alumnos do máster en enxeñería da edificación e construcións industriais da Universidade de Vigo, ao obxecto de completar a súa formación.

Segundo.- En ningún caso o Concello de Vigo asumirá ningún gasto derivado do presente convenio, nin danos ou perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias municipais como consecuencia do desenvolvemento do mesmo.

Terceiro.- Este período formativo non constitúe, baixo ningún concepto, una relación laboral entre os alumnos e o Concello de Vigo.

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O CONCELLO DE VIGO

MÁSTER EN ENXEÑERÍA DA EDIFICACIÓN E CONSTRUCIÓNS INDUSTRIAIS”

Vigo, a de maio de 2010

REUNIDOS

Dunha parte, don Alberto Gago Rodríguez, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia nº 96/2006, do 8 de xuño, publicado no DOG nº 115 de 16 de xuño de 2006, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da LOU, e o artigo 58 dos seus Estatutos (Decreto 7/2010, de 14 de xaneiro) publicados no DOG nº 21, do 2 de febreiro de 2010, con domicilio social no Campus de Vigo, 36310 Vigo.

E doutra ,o Ilmo. Sr D Abel R. Caballero Álvarez, alcalde presidente do Concello de Vigo, en representación do Concello de Vigo con enderezo social na r/ Praza do Rei, nº 2 de Vigo, C.P. 36202 e CIF. P 3605700H , en virtude do nomeamento plenario de data 14 de xuño de 2007,e segundo as facultades que lle confire o artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/03 do 16 de decembro de medidas para a modernización do Goberno Local, así como o disposto na artigo 41 do Real D.L 2568/1986, do 28 de novembro polo que aprobase o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Ambas partes recoñécense entre si capacidade legal suficiente para a celebración do presente convenio,

MANIFESTAN

Primeiro: A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo empresarial, constitúe unha das preocupacións da sociedade.

Segundo: O complemento que para a formación do estudiantado supón o coñecemento do mundo económico, industrial e empresarial galego é un dos obxectivos que a Universidade de Vigo considera de maior importancia.

Terceiro: Ambas as dúas partes consideran necesario un maior achegamento entre a empresa e a Universidade de Vigo, co obxecto de facilitar a futura inserción laboral dos/as universitarios/as mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas de empresa, logrando á vez a mellor cualificación e futura adaptación aos postos de traballo demandados polas empresas do sector.

Cuarto: A impartición do Máster Universitario “Enxeñería da Edificación e Construcións Industriais” pola Universidade de Vigo, coas características que o definen preséntase como un punto de partida para levar a cabo do xeito máis efectivo as necesidades e obxectivos anteriormente expostos.

Quinto: Todo isto evidencia a necesidade dun acordo que enmarque a cooperación educativa de ambas institucións e delimita as garantías recíprocas para o estudiantado do devandito Máster e o Concello de Vigo no desenvolvemento do período de prácticas que se contemplan no mesmo, co fin de eliminar os riscos de actuación con relacións xurídico-laborais alleas ao contido educativo deste acordo no marco do Real decreto 1497/81 do 19 de xuño, actualizado polo RD 1845/94, de 9 de setembro.

En consecuencia acordan formalizar o presente convenio de cooperación educativa a teor das seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRO.- *Obxecto do convenio*

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre as partes cara unha adecuada programación, desenvolvemento de prácticas tuteladas do alumnado do Máster Universitario

“Enxeñería da Edificación e Construcións Industriais” da Universidade de Vigo nos programas, proxectos, actividades e servizos do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Destinatarios e número de prazas

Poderán participar nas prácticas os/as estudantes do citado máster universitario impartido durante o curso 2009/2010

O contido específico das prácticas tratará de proporcionarlle ao/á estudante unha visión global da empresa.

O número de prazas que se convocarán para realizar prácticas determinarao a Comisión de Seguimento deste convenio e concretarase nas convocatorias que faga a Universidade de Vigo.

A oferta de prazas estará condicionada á dispoñibilidade anual e real que oferte o Concello para cada período lectivo .

TERCEIRO.- Período e duración das prácticas

As prácticas que son obxecto deste convenio realizaranse preferentemente en los meses de maio-xuño e o tempo de realización de prácticas por parte de cada estudante non será inferior a 105 horas nin superior a 500.

CUARTO.- - Titores/-ras responsables e órgano universitario responsable

O Concello de Vigo designará un/ha titor/a que se encargará do seguimento das prácticas, propulsará a súa realización e emitirá informe sobre o seu contido e avaliación. Así mesmo, o/a coordinador/a do Máster Universitario “Enxeñería da Edificación e Construcións Industriais” na Universidade de Vigo designará un/ha titor/a entre o profesorado do máster, que se encargará da dirección da Memoria Final das prácticas a realizar polo/a estudante.

QUINTO.- Selección dos alumnos

A Comisión de Seguimento seleccionará as persoas que van realiza-las prácticas consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.

SEXTO.- Memoria das prácticas

Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado, quedando o Concello cun exemplar das memorias e dos traballos realizados.

SÉTIMO.- Relación coa entidade

O/A estudante en prácticas non terá en ningún caso relación ou vinculación laboral co Concello de Vigo, nin a realización das prácticas terá a consideración de contrato en prácticas, aprendizaxe a tempo parcial ou calquera modalidade existente, de acordo co previsto no R.D. 1497/81 de 19 de xuño, modificado polo R.D. 1845/1994 de 9 de setembro, e no R.D. 2317/93 de 29 de decembro.

Aqueles que teñan menos de vinteito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Amais a Universidade de Vigo subscribiu un seguro de accidentes para aqueles alumnos que non estean cubertos polo seguro escolar.

Polo que a subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as/as alumnos/as en practicas que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio e o Concello de Vigo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir ao Concello responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

O Concello de Vigo non poderá cubrir, nin sequera con carácter eventual ou interino, ningún posto de traballo cun/ha estudante en prácticas. Igualmente, non se poderá formalizar ningunha modalidade de contrato de traballo co/a estudante mentres non se derroga expresamente o acordo de colaboración respecto dese/a estudante concreto, comunicándollo por escrito á Comisión de Seguimento

OITAVO.- Obrigas Económicas

Este convenio non supón gasto ningún para a Universidade de Vigo nin para o Concello de Vigo, razón pola que non se precisa consignación.

En ningún caso o Concello de Vigo asumirá ningún gasto derivado do presente Convenio, nin de danos e perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias da Casa do Concello de Vigo

NOVENO.- Comisión Mixta de Seguimento

Créase unha Comisión de Seguimento do presente convenio integrada por D^a. Aida Badaoui Fernández e D. Javier de la Puente Crespo, profesores do Master Universitario “Enxeñería da Edificación e Construcións Industriais, como representantes da Universidade de Vigo e por D Ramon Fernández-Linares Bouza e D^a Marta Riobó Ibáñez, funcionarios do Concello de Vigo, coas competencias que se sinalan nas cláusulas do presente convenio.

Esta Comisión resolverá os problemas que suscite este convenio na súa execución, garantirá o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos e propondrá as entidades outorgantes xeitos de aumentar a súa eficacia, reuníndose cando así o considere oportuno cada unha das partes.

DÉCIMO PRIMEIRA: Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelarán a persoa allea ao Concello de Vigo información da que tiveran coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte a empresa, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

DÉCIMO SEGUNDA.- Entrada en vigor e vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor o día seguinte do seu asinamento e estará vixente ata o remate do curso académico correspondente. Prorrogarase automaticamente por cursos académicos sucesivos se ningunha das partes o denuncia de xeito expreso, avisando con tres meses de antelación.

DÉCIMO TERCEIRA.- Xurisdición

O Concello de Vigo e a Universidade de Vigo comprométense a resolver de maneira amistosa calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente acordo.

No seu caso, as partes contratantes someterán as diverxencias que puideran presentarse en orden á interpretación ou cumprimento do presente Convenio á xurisdición contencioso-administrativa, dado o carácter público da Universidade.

E en proba de conformidade, asínase o presente Convenio en exemplar triplicado no lugar e data indicados ao comezo.

157(779).- MEMORIA DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA ROLA” E ADXUDICACIÓN DAS MESMAS. EXPTE. 277/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo da Área de Servizos Xerais, do 30.04.10, e pola concelleira-delegada da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar a memoria valorada presentada pola empresa Aqualia, con data 19 de abril, para executa-las obras de "RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA ROLA", por un importe de 3.621,08 € (IVE EXCLUÍDO)

Segundo.- Adxudicar a execución de ditas obras á “Aqualia ”, empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento, por un importe de 3.621,08 € (IVE EXCLUÍDO) e con cargo ao saldo da “ Conta de Ingresos de Acometidas ás redes de abastecemento e saneamento municipais” que xestiona dita empresa como concesionaria do servizo, segundo informe do xefe do servizo de investimentos de data 28 de abril.

158(780).- MEMORIA DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA MONFORTE DE LEMOS” E ADXUDICACIÓN DAS MESMAS. EXPTE. 278/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo da Área de Servizos Xerais, do 30.04.10, e pola concelleira-delegada da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar a memoria valorada presentada pola empresa Aqualia, con data 19 de abril, para executa-las obras de "RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA MONFORTE DE LEMOS", por un importe de 5.231,71 € (IVE EXCLUÍDO).

Segundo.- Adxudicar a execución de ditas obras á “Aqualia ”, empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento, por un importe de 5.231,71 € (IVE excluído) e con cargo ao saldo da “ Conta de Ingresos de Acometidas ás redes de abastecemento e saneamento municipais” que xestiona dita empresa como concesionaria do servizo, segundo informe do xefe do servizo de investimentos de data 28 de abril.

159(781).- AMPLIACIÓN DO PRAZO DA “ACTUACIÓN NA RÚA CURROS ENTRE STA. CRISTINA E TRAVESÍA CURROS. EXPTE. 281/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 5.05.10, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o pasado 31 de decembro de 2009, acordou entre outros adxudicar Construccions, Obras e Viais, S.A. (COVSA) a obra de "Actuación na Rúa Curros entre Sta. Cristina e Travesía Curros". A acta de comprobación de replanteo formalizouse o pasado 17 de marzo, o prazo de execución das obras é de un mes, concluíndo por tanto o día 17 de abril.

Con posterioridade á firma da acta de comprobación de replanteo e dado que as empresas concesionarias (Telefónica, Fenosa e R) non facilitaron o deseño das súas canalizacións a instalar en dita obra e ademais a obra da Rúa Baixada ao Capitán atopábase en fase de execución nesas intres, impedindo polo tanto a conexión coas canalizacións e a normal execución da obra.

Esta situación orixinou un atraso no inicio da obra, polo que se fai necesario ampliar o prazo de execución ata o 23 de maio de 2010.

Polo exposto anteriormente, e xa que a criterio da dirección facultativa municipal da obra se consideran suficientemente xustificadas os motivos alegados, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- Ampliar o prazo de execución das obras de "Actuación na Rúa Curros entre Sta. Cristina e Travesía Curros - Lavadores", pasando a ser o novo prazo de finalización das mesmas o vindeiro 23 de maio de 2010, non significando incremento algún sobre o importe de adxudicación da obra.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

160(782).- AMPLIACIÓN DO PRAZO DA "ACTUACIÓN NA RÚA CURROS E BAIXADA A CAPITÁN". EXPTE. 282/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 5.05.10, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o pasado 31 de decembro de 2009, acordou entre outros adxudicar Construcciones Crespo, S.A. a obra de "Actuación na Rúa Curros e Baixada a Capitán". A acta de comprobación de replanteo formalizouse o pasado 17 de marzo, o prazo de execución das obras é de dous meses, concluíndo por tanto o día 17 de maio.

Con posterioridade á firma da acta de comprobación de replanteo e con motivo das adversas condicións climatolóxicas así como a necesidade de executar diversos traballos manualmente obrigou a reducir de xeito importante os rendementos dos equipos polo que non é factible finalizar as obras no prazo previsto.

Esta situación orixinou un retraso no obra, polo que se fai necesario ampliar o prazo de execución ata o 25 de xuño de 2010.

Polo exposto anteriormente, e xa que a criterio da dirección facultativa municipal da obra se consideran suficientemente xustificadas os motivos alegados, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- Ampliar o prazo de execución das obras de “Actuación na Rúa Curros e Baixada a Capitán”, pasando a ser o novo prazo de finalización das mesmas o vindeiro 25 de xuño de 2010, non significando incremento algún sobre o importe de adxudicación da obra.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

161(783).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DOS SISTEMAS DE SEGURIDADE E CONTROL DOS ACCESOS DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 285/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 5.05.10, que di o seguinte:

En data 12 de maio de 2008, a Xunta de Goberno Local adopta entre outros o seguinte acordo:

"Aprobar a creación da “Comisión de Seguridade do edificio Consistorial”, de acordo coa seguinte estrutura:

Presidente:

D. Xulio Calviño Rodríguez

Concelleiro de Seguridade.

Vicepresidente:

D. Carlos López Font

Concelleiro de Área de Xestión Municipal.

D. Juan Comesaña Allén

Xefe de Área Mobilidade.

Dª. Dolores Espiño Collazo

Xefa de Réxime Interior.

D. Ricardo Rodríguez Frieiro

Xefe de Informática.

D. Carmelo Castillo Martín

Xefe da Policía Local.

D. Álvaro Crespo Casal

Xefe de Área de Servizos Xerais.

Coas seguintes funcións:

- Análises da situación actual das instalacións do Edificio Consistorial en canto a seguridade e accesos.*
- Proposta dun sistema que garanta a seguridade e o control dos accesos ao edificio consistorial.*
- Posta en funcionamento deste sistema.*
- Seguimento do sistema. "*

Tras numerosas reunións, e segundo o acordado pola Comisión de Seguridade do Edificio Consistorial”, os Servizos Electro-Mecánicos redactan, en data 28 de agosto de 2009, o proxecto de “Mellora dos sistemas de seguridade e control dos accesos da Casa Consistorial do Concello de Vigo” cun importe de licitación de 701.884,83 Euros.

O citado proxecto contempla entre outras as seguintes liñas de actuación:

- Instalacións de iluminación.*

- *Acondicionamento dos accesos.*
- *Sistemas de seguridade.*
- *Climatización.*

En data 31 de decembro de 2009, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á UTE Oreco, S.A. - EYP Electricidad, S.L. a obra mencionada cun importe de 587.477,60 Euros.

Dado que o Edificio Consistorial ten nestes intres numerosas deficiencias estruturais que son necesario reparar de xeito urxente dado o perigo que supoñen tanto para os funcionarios que se atopan traballando no seu interior como para o numeroso público que accede diariamente ao edificio e que son entre outras:

- *Entrada de auga nas fachadas sur e oeste do Edificio Consistorial.*
- *Numerosas goteiras na planta segunda do edificio consistorial para o cal é necesario a cubrición da terraza de dita planta.*
- *Selado das xardineiras do edificio consistorial co fin de evitar filtracións nas oficinas.*
- *Reparación do forxado de diversas plantas recollidas no informe da Enxeñería Enmacosa de data 4 de setembro de 2009.*
- *E polo que o técnico que subscribe considera que debe acometerse de maneira urxente as reparacións indicadas con cargo ao citado proxecto.*

Por todo o anteriormente exposto faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1º.- Redactar o proxecto modificado do proxecto “Mellora dos sistemas de seguridade e control dos accesos da Casa Consistorial do Concello de Vigo” que recolla entre outras as seguintes reparacións urxentes:

- *Entrada de auga nas fachadas sur e oeste do Edificio Consistorial.*
- *Numerosas goteiras na planta segunda do edificio consistorial para o cal é necesario a cubrición da terraza de dita planta.*
- *Selado das xardineiras do edificio consistorial co fin de evitar filtracións nas oficinas.*
- *Reparación do forxado de diversas plantas recollidas no informe da Enxeñería Enmacosa de data 4 de setembro de 2009.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

162(784).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE GASTO E ASISTENCIA AO III CURSO DE DIRECCIÓN E XESTIÓN ECONÓMICA-FINANCEIRA DAS EE.LL AO TÉCNICO MUNICIPAL D. OSCAR MIGUEL VEGA ANDIÓN. EXPTE. 9729/541.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico adscrito a Tesourería Municipal, do 3.05.10, conformado polo tesoureiro municipal, a concelleira de Economía e Facenda e fiscalizado de conformidade pola xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Autorizar a realización do III Curso de Dirección e Xestión Económica-Financeira das EE.LL ao Técnico do Concello Óscar Miguel Vega Andión con número de persoal 78742.

As horas de asistencia presencial obrigatoria serán cubertas con cargo aos créditos horarios, por formación permisos e vacacións que legalmente lle correspondan ao funcionario interesado.

2º.- Garantir economicamente a realización do curso segundo o seguinte detalle:

Aplicación presupostaria (2010)	Importe por Dietas
93102302000 Dietas do Persoal non directivo	2 480,88€ ((24*37,40€)+(24*65,97€))

Aplicación presupostaria (2010)	Importe
93102312000 Gastos de Locomoción persoal non directivo	1 500€ (250*6)

Aplicación presupostaria (2011)	Importe por Dietas
Dietas do Persoal non directivo	723,59€ ((7*37,40€)+(7*65,97€))

Aplicación presupostaria (2011)	Importe
Gastos de Locomoción non directivo	750€ (250*3)

O importe dos gastos de locomoción correspondentes aos anos 2010 e 2011 son aproximados así como o importe por dietas do ano 2011. No suposto de que ambos os dous foran superiores cubrirase orzamentariamente o exceso.

163(785).- TOMA DE COÑECEMENTO DA MODIFICACIÓN DO DOMICILIO SOCIAL DA ENTIDADE URBANÍSTICA DE CONSERVACIÓN DA “UA 2 CARRASQUEIRA”. EXPTE. 4971/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 28.04.10, conformado pola xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

I.1. A Entidade Urbanística de Conservación (EUC) da «UA-2 CARRASQUEIRA» do PXOU-93 de Vigo foi constituída o 19.06.2007 en escritura pública autorizada polo notario de Vigo Sr. Rodríguez González, co nº 1428 do seu protocolo, acolléndose ó Modelo de «Estatutos xerais de Entidade Urbanística de Conservación», aprobado polo Consello da XMU do 11.12.2003 (BOP nº 1, do 02.01.2004). Figura inscrita co nº 12/08 no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras segundo Resolución do Director xeral de Urbanismo do 26.03.2008.

I.2. En data 12.03.2010, o representante da precitada EUC presentou un escrito no Rexistro xeral da XMU (Doc. nº 100035564) comunicando a modificación do domicilio social da entidade, aprobado na súa Asemblea xeral ordinaria do 16.02.2010, segundo así consta na copia da acta que se achegou xunto co impreso de autoliquidación correspondente ó pagamento da taxa de modificación na inscrición no Rexistro de EUC. O enderezo orixinal desta EUC fixérase inicialmente na rúa Sta. Baia nº 22, local 5, posteriormente modificado á rúa Manuel de Castro nº 13 e trasladado agora ó nº 40 da mesma rúa (CP 36210).

II. NORMATIVA EXAMINADA

- TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.

- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).
- PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).
- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).
- Modelo de «Estatutos xerais de Entidade Urbanística de Conservación», aprobado polo Consello da XMU do 11.12.2003 (BOP nº 1, do 02.01.2004).

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. Natureza xurídica e finalidade das Entidades Urbanísticas de Conservación (EUC):

As EUC son entidades de dereito público, de adscrición obrigatoria e personalidade e capacidade xurídica propias desde a súa inscrición no Rexistro de EUC, para o cumprimento dos seus fins, relacionados coa conservación da obra urbanizadora: zonas verdes públicas, mobiliario urbano, espazos libres privados sobre os que se constituía un dereito real de uso público a favor do Concello, etc. Nestes supostos, a obriga de conservación da urbanización corresponderá á Xunta de Compensación ata a completa recepción da mesma por parte do Concello. Nese momento iniciaríase a obriga de conservación a cargo da EUC.

Os principios que rexen a estrutura e funcionamento destas asociacións «propter rem», creadas para garantir o mantemento e a conservación da urbanización, son os de publicidade do procedemento e toma de acordos e sistema democrático na adopción de decisións; decisións contra as que, de ser o caso, caberá formular recurso de alzada perante o órgano municipal competente.

III.2. Necesidade de constituír as EUC e adscrición obrigatoria dos propietarios do ámbito:

O Art. 110.6 da LOUGA permite ó planeamento prever que a conservación da urbanización sexa a cargo dos propietarios dos soares resultantes; previsión xa recollida anteriormente no Art. 68 do RXU. Así, en efecto, esta obriga de conservación – suxeita ó prazo que o Plan fixe- ven hoxe imposta especificamente no Art. 2.3.5. do vixente PXOM, como antes tamén no PXOU-93 (Apdo. 3.2.3.5.b], in fine).

Por outra banda, tanto a normativa xeral de aplicación (Arts. 24-30 e 67-70 do RXU) como a propia xurisprudencia do TS consideran que para a constituición dunha EUC non é esixible o quorum requirido para as XC, que a mesma é obrigatoria e que non resulta necesaria a conformidade de todos os obrigados a formar parte da mesma (STS do 26.10.1998; RJ 7688). En efecto, dada a súa finalidade esencial, os propietarios non poden substraerse da participación na entidade de conservación, pois esta ven predeterminada pola propiedade de terreos no ámbito territorial da urbanización.

Neste mesmo sentido, o precitado Art. 5 do modelo de Estatutos xerais sinala expresamente que: «A pertencencia á entidade de conservación será preceptiva e ineludible para tódolos propietarios de inmobles incluídos no polígono de referencia, sen que resulte necesaria a súa participación no acto constitutivo». As cotas de conservación que corresponda satisfacer ós seus membros serán obrigatorias e esixibles pola vía de constrinximento (Art. 110.6 pfo. 3º).

III.3. Aplicación do modelo de Estatutos xerais para a constituición de EUC do Concello de Vigo:

O Art. 5 do modelo xeral de estatutos aprobado polo Consello da XMU en data 11.12.2003 (Exp. 4462/401; BOP nº 1, do 02.01.2004), establece a posibilidade de que os propietarios que representen máis do 70% das cotas de participación nun polígono insten a aplicación do modelo xeral de estatutos para a constituición da EUC.

III.4. Modificación do domicilio social:

Dispón expresamente o Art. 2 dos Estatutos polos que se rexe a EUC da «UA-2 CARRASQUEIRA» que: «O domicilio da entidade de conservación establecerase no seu acto constitutivo. Este domicilio poderá ser modificado por acordo da Asemblea Xeral, dando conta ó Concello e Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras».

Como se pode comprobar, non se esixe acordo aprobatorio ningún da Admón. municipal senón unicamente do órgano asembleario da EUC, pois non se trata en realidade dunha modificación estatutaria no sentido expresado no Art. 27.4 RXU.

Con todo, como queira que, malia a literalidade da norma estatutaria, o órgano autonómico segue a requirir a adopción do acordo municipal como condición para inscribir a modificación do cambio de domicilio realizado, entendemos que (con ser innecesario) a fin de non ocasionar prexuízo ningún ó normal funcionamento desta Entidade de Conservación, cabería adoptar o acordo que a seguir se propondrá.

III.5. Competencia:

É competente para adoptar este acordo a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no Art. 127.1.d] da LRBRL.

IV. PROPOSTA

Visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Tomar coñecemento da modificación do domicilio social da Entidade Urbanística de Conservación da «UA-2 CARRASQUEIRA» acordada na súa Asemblea xeral ordinaria do 16.02.2010, da que se deu conta a esta Admón. municipal en data 12.03.2010; domicilio agora situado no nº 40 da rúa Manuel de Castro de Vigo (CP 36210).

SEGUNDO: Dar traslado deste acordo á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATI da Xunta de Galicia para a constancia do cambio de domicilio no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ó da súa notificación. No suposto de que o interesado fose unha Admón. pública non caberá interpoñer recurso en vía administrativa, podendo interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo da formulación, de ser o caso, do requirimento administrativo previo, de acordo co disposto nos Arts. 44 e concordantes da LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa)».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

164(786).- ACEPTACIÓN DA TITULARIDADE DE TERREOS DESCRITOS COMO VIAIS NO PLAN PARCIAL DE NAVIA: VIAIS 1B, 1C, 1D, 1E, 2E E 2F. EXPTE. 4928/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do secretario da Xerencia municipal de Urbanismo, do 30.04.10, conformado polo Xerente municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Con data 03.06.1996 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Plan parcial de Navia (expte. 2444/411, BOP núm. 183, do 20/09/1996), en desenvolvemento do programa de actuación urbanística aprobado no 08/02/1996. Dito acordo clarexouse noutro posterior de data 29.04.2002 (expte. 7556/411, BOP 19/07/2002). No 03.10.1997 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización dese ámbito (expte. 3992/401).

O 09.08.2002 "Xestur Pontevedra", presentou unha primeira solicitude de modificación puntual do Plan parcial (expte. 7849/411), acompañada de documentación técnica, redactada pola entidade mercantil "Alameda 12 SL" e asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Benito Fernández. En data 13/11/2002 remitíuselle a "Xestur Pontevedra" copia dos informes emitidos ao respecto pola CPTOPV da Xunta de Galicia (do 08/11/2002), Ministerio de Fomento (30/10/2002) e Subdirección Xeral de estradas da Xunta de Galicia (11/09/2002), para corrección da documentación.

O 12.06.02, o Consello da XMU acordou declarar a inncesariedade de parcelación ou de operacións reparcelatorias.

Tras do ofrecemento de cesión realizado polo IGVS, o Concello aceptou a maior parte dos terreos destinados no Plan Parcial para viais, equipamentos e demais dotacións públicas. De tal xeito, realízase o seguinte resumo:

Expte 4609/401 e 4761/401 (acordos XGL de 22.06.05, 27.03.06, 19.06.06, 14.08.06, 9.07.07 e 17.09.07): Parcelas cedidas, aceptadas e rexistradas a nome do Concello de Vigo no Rexistro da Propiedade número tres de Vigo:

- *Materialización da cesión do 10% do aproveitamento tipo ao Concello de Vigo: Parcela XVII A. Finca número 70.796. Posteriormente foi cedida ao IGVS no expediente 4617/401.*

- *Parcelas de cesión de espazo libre:*

Etapa I: “P-1” (finca 70.798), “P4” (finca 70.800), “P-5” (finca 70.802), “P-6” (finca 70.804).

Etapa II: “P-2” (finca 70.806), “P-7” (finca 70.808).

Etapa III: “P-3” (finca 72.093).

- *Parcelas de cesión de equipamento:*

Etapa I: “D-2” (finca 70.810),

Etapa II: “S-1” (finca 71.227).

Etapa III: “S4-1” (finca 72.085), “S4-2” (finca 72.087), “E4-1” (finca 72.089), “E4-2 (finca 72.091)

- *Parcelas destinadas a viario e aparcamentos:*

“Rúa 1-A” (finca 70.812), “Rúa 1-AA” (finca 70.814), “Rúa 1-EE” (finca 70.816).

“Rúa 2-A” (non inmatriculada, pero aceptada a súa cesión en virtude do acordo da XGL de 19.06.06).

“Viario de acceso ao segundo cinto 1” (non inmatriculada, pero aceptada a súa cesión en virtude de acordo da XGL de 19.06.06).

“Viario de acceso ao segundo cinto 2” (non inmatriculada, pero aceptada a súa cesión en virtude do acordo da XGL de 19.06.06).

“Rúa 3-D” (non inmatriculada, pero aceptada a súa cesión en virtude do acordo da XGL de 17.09.07).

“Rúa 3-G” (non inmatriculada, pero aceptada a súa cesión en virtude do acordo da XGL de 17.09.07).

Logo da oportuna rectificación doutro escrito, en data 4.09.09 (doc número 90127810) o IGVS a través do seu Xefe Territorial, solicita a cesión da titularidade dos terreos onde discurren os seguintes viais que se describen a continuación:

* “Rúa 1-C”- Hoxe “Rúa Lamelas”.

Superficie: 7.738 m².

Lindeiros: Norte- Borde exterior da beirarrúa existente e colindante con terreos previstos no desenrolo da Etapa V do Plan Parcial de Navia; Sur- Borde exterior da beirarrúa existente e colindante coas parcelas municipal de equipamiento deportivo (“D-2”) e zona verde (“P-1”); Leste- Rúa “As Teixugueiras” no tramo denominado como “1-A” e “1-AA”; Oeste- Rúa “1-D”, denominada Rúa da “Pedra Xeixa”.

A rúa ten un ancho de 30 metros e unha lonxitude de 259 metros.

* “Rúa 1-D”- Hoxe “Rúa Pedra Xeixa”- Tramo 1º.

Superficie: 6.432 m².

Lindeiros: Norte- Borde exterior da beirarrúa existente e colindante con terreos previstos no desenvolvemento da etapa V do Plan Parcial de Navia; Sur- Rúa “2-D”, Rúa Pedra Xeixa, con descrición no apartado 4. Leste- Borde exterior da beirarrúa existente e colindante coa parcela municipal “D-2” de equipamento deportivo; Oeste- Borde exterior da beirarrúa existente e colindante cos terreos previstos no desenvolvemento da etapa IV.

A rúa ten un ancho de 31 metros e unha lonxitude de 242 metros. Este tramo de rúa ten no seu lindeiro Norte e Sur sendas rotondas.

* “Rúa 1-E”- Hoxe “Rúa Limpiño”.

Superficie: 6.972 m².

Lindeiros: Norte- Borde exterior da beirarrúa existente e colindante coa parcela “D-2” de equipamento deportivo e coa zona verde “E-1”; Sur- Borde exterior da beirarrúa existente e colindante coa zona verde “P-2”; Leste- Rúa “1-A” hoxe denominada “As Teixugueiras”; Oeste- Rúa “1-D” hoxe denominada “Pedra Xeixa”.

A rúa ten un ancho de 27 metros e unha lonxitude de 196 metros.

* “Rúa 2-D”- Hoxe “Rúa Pedra Xeixa”-Tramo 2º.

Superficie: 10.345 m².

Lindeiros: Norte- Rúa “1-D” (Rúa “Pedra Xeixa”, tramo 1º); Sur: Rúa “3-D” (Rúa “Pedra Xeixa”, tramo 3º); Leste: Borde exterior da beirarrúa existente e colindante coa parcela “P-

2”, zona verde e coas parcelas de equipamento “S-1”; Oeste: Borde exterior da beirarrúa existente e colindante cos terreos previstos no desenvolvemento para a etapa IV do plan parcial de Navia.

A rúa ten un ancho de 31 metros e unha lonxitude de 279 metros. Polo seu lindeiro sur ten unha rotonda.

* “Rúa 2-F”- Hoxe “Rúa Poza Cabalo”.

Superficie: 5.101 m².

Lindeiros: Norte- Borde exterior da beirarrúa existente e colindante coa parcela municipal “P-2”, zona verde e coa parcela “S-1” de equipamento sanitario. Sur: borde exterior da beirarrúa existente e colindante coa parcela “S-4-2”, parcela “E-4-2”

O expediente de cesión da titularidade dos terreos previstos como viais e descritos con anterioridade, foi informado polo Director dos servizos técnicos o 8.06.09 e o topógrafo municipal o 3.09.06.

* “Rúa 1-B”- Tramo que van dende a rúa Teixugueiras ata a rotonda de Ricardo Mella.

Superficie: 2.720 m².

Lindeiros: Norte- borde exterior da beirarrúa existente e colindante coa parcela “P-2”, zona verde; Sur: borde exterior da beirarrúa existente e colindante coa parcela “P-7”; Leste: Rotonda da avenida de Ricardo Mella; Oeste: Rúa “Teixugueiras”.

* “Rúa de acceso 1-C”- Tramo que enlaza a rúa Teixugueiras a partir da rotonda norte co túnel de enlace coa etapa VI de Navia.

Superficie: 1.815 metros cadrados.

Lindeiros: Norte- borde exterior da beirarrúa existente e colindante coa parcela “P-4”, zona verde; Sur: borde exterior da beirarrúa existente e colindante coa parcela “P-5”, zona verde; Leste-Norte: borde exterior da beirarrúa existente e colindante coa parcela “P-4”, zona verde e túnel da VG-20; Oeste-Norte: borde exterior existente e colindante coa parcela “P-5”, zona verde.

Segundo o previsto no escrito de ofrecemento de cesión do IGVS, é propietaria da seguinte parcela:

“(…) Rústica.- Terreo a labradío, viña o inculto, sito nas parroquias de San Andrés de Comesaña, Coia y Navia, no Concello de Vigo, da superficie de trescentos trinta e dous mil douscentos sesenta e cinco metros, con vintecatro decímetros cadrados. Linda: Norte, Avenida de Europa, José Barreiro Costas, Pilar Alonso, Rosa Costas González e outros; Sur, Avenida de Ricardo Mella; Este, Primeiro cinturón, tramos Castrelos-Bouzas; e Oeste, Hipólito Rodríguez Veiga; José Alonso Comesaña; Esther Román Alonso; Máxima Goberna Hermida, María Costas Comesaña e outros (...).”

Consta inscrita en el Rexistro da Propiedade número tres de Vigo, ao Tomo 1.988, libro 1.053, folio 46, finca 63.412.

Por todo elo, á vista do informado, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.-Aceptar a cesión da titularidade dos terreos correspondentes os viais descritos como “1-C”, “1-D”, “1-E”, “2-E”, “2-F”, “1-B” e “Rúa de acceso “1-C”, todos eles co carácter de bens de dominio e uso público.

2.- Promover a inscrición rexistral das parcelas relacionadas no punto 1º e ás correspondentes á “Rúa 2-A”, “Rúa 3- D”, “Rúa 3-G”, “Viario de acceso ao segundo cinto 1” e “Viario de acceso ao segundo cinto 2”. Así mesmo, remitir a xustificación da inscrición á Oficina de Patrimonio para que procedan a dar de alta dos mesmos no Inventario Xeral de Bens do Concello de Vigo.

3.-Notificar o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás vinte horas e doce minutos.. Como secretaria dou fé.

me/rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.